

INFORMES

.....



INFORMES
CCG

INFORME SOBRE O IMPACTO DOS CULTIVOS FORESTAIS CON ESPECIES DE CRECEMENTO RÁPIDO NO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL DE GALICIA

DOI: 10.17075/icfecrpncg.2023



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—

+34 981 957 202
consellodacultura.gal



TÁBOA DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN	4
2. METODOLOXÍA DE TRABALLO	5
3. ESTADO DA CUESTIÓN FORESTAL	8
3.1. A influencia histórica da acción humana.....	8
3.2. A situación actual da superficie arborada	10
4. A CONFLITIVIDADE SOCIAL ARREDOR DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS	16
5. A CUESTIÓN FORESTAL NO CONTEXTO DAS POLÍTICAS TERRITORIAIS	20
5.1. O marco normativo para protección da biodiversidade e o patrimonio natural	22
5.2. O monte nas Directrices de Ordenación do Territorio	27
5.3. O Plan Forestal.....	31
5.4. A ordenación dos solos agropecuarios e forestais.....	35
5.5. A paisaxe na planificación e ordenación forestal	37
6. EFECTOS DOS CULTIVOS FORESTAIS SOBRE A BIODIVERSIDADE.....	40
6.1. Efectos de substitución de bosque nativo	41
6.2. Outros efectos ambientais das plantacións.....	43
7. O PATRIMONIO CULTURAL DO MONTE.....	46
7.1. O concepto de paisaxe e a lexislación en torno a súa protección.....	46
7.2. Diversidade de espazos ecolóxicos nas terras de monte.....	48
7.2.1. O monte, o soporte do sistema	49
7.3. Diversidade de entidades culturais	49
7.4. Patrimonio inmaterial	53
7.4.1. As prácticas sociais do monte	55
7.4.2. A toponimia, as voces que sosteñen a paisaxe	56
7.4.3. Riscos / vulnerabilidade do patrimonio inmaterial	58
8. A PROTECCIÓN DOS BENS PATRIMONIAIS ANTE A XESTIÓN FORESTAL	59
9. O PATRIMONIO COMO RECURSO SOCIAL E ECONÓMICO	66



10. CONCLUSIONES.....	72
11. BIBLIOGRAFÍA.....	78
12. WEBGRAFÍA	83
13. ANEXO.....	85



1. INTRODUCCIÓN

No mes de setembro do ano 2020 un grupo de asociacións (a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, a Asociación Sociocultural O Iribio, a Asociación Galega Cova Crea, a Fundación Montescola, a Asociación Amigos e Amigas dos Bosques «O Ouriol do Anllóns» e a Asociación Autonómica Cultural e Ambiental Petón do Lobo) dirixiuse ao Consello da Cultura Galega solicitando:

1.- Que a Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega teña a ben a presentación deste escrito e considere solicitar un informe relativo á avaliación do impacto que a expansión incontrolada do eucalipto está a ter sobre:

Os bosques formados por especies nativas, fragas ou bosques antigos galegos.

O patrimonio arqueolóxico e cultural de Galicia.

2.- A publicación deste informe, coas súas recomendacións e medidas propostas para evitar o dano sobre o patrimonio cultural e natural, para o acceso e maior toma de conciencia da cidadanía galega en relación coa necesidade de protección das fragas e dos xacementos arqueolóxicos de Galicia.

Ante estas solicitudes e no contexto de proliferación de plantacións de especies de crecemento rápido que se está a producir en Galicia, mais tamén da demanda social de diferentes colectivos, como as comunidades, o tecido asociativo, as administracións locais e particulares, e de persoas físicas e xurídicas que en gran medida responden á defensa dos valores do territorio, valores estes de tipo social, ambiental e cultural, así como da propia paisaxe, a Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega (CCG) acordou en marzo de 2021 a creación dunha *Comisión técnica temporal*, coordinada por Rebeca Blanco-Rotea e integrada polos seguintes especialistas de diferentes disciplinas: Paula Ballesteros Arias, Eduardo Corbelle Rico, Teresa Nieto Freire (coordinación técnica), Pablo Ramil Rego, Xosé Manuel Santos Solla e Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez, á que se encomendou a elaboración dun *Informe sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural e cultural de Galicia*. Os membros e o informe debían atender de forma conxunta as demandas achegadas ao CCG, analizando de forma obxectiva, técnica, plural, rigorosa e construtiva o obxecto destas, a realidade deste tipo de actividade, a afección real ao patrimonio natural e cultural, especialmente ás paisaxes culturais, e facelo de maneira propositiva, é dicir, intentando propor alternativas que melloren a situación do



patrimonio en Galicia, especialmente das paisaxes culturais, e minimizando o impacto producido nelas por este tipo de plantacións.

Este informe artéllase en varios puntos que analizan a cuestión forestal en Galicia: a conflitividade social arredor das plantacións forestais, a cuestión forestal no contexto das políticas territoriais, os efectos dos cultivos forestais sobre a biodiversidade, o patrimonio cultural do monte, a protección dos bens patrimoniais ante da xestión forestal e o patrimonio como recurso cultural neste contexto, aspectos que aportan unha visión xeral derredor da situación do monte en Galicia e de como lle afectan os cultivos forestais de crecemento rápido. Con todo iso, recóllense unha serie de conclusións que mostran a situación galega, para intentar achegar recomendacións que eviten as afeccións deste tipo de cultivos ao patrimonio cultural e natural na comunidade galega.

A elaboración deste informe foi complexa, pois estaba suxeito a unha realidade poliédrica na que se entrecruzan diferentes visións, intereses, necesidades e realidades e foi necesario acadar consensos que tivesen sempre en perspectiva a encomenda do informe e a visión plural e obxectiva dos membros que integraron o equipo de traballo.

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

Para a elaboración deste informe empregouse unha metodoloxía que se beneficiou de procesos colaborativos previos empregados na realización doutros informes desde esta mesma institución, que resultaron no seu momento acaídos para o desenvolvemento de textos que teñen como obxecto abordar cuestións conflitivas e complexas e, sobre todo, que se fan desde perspectivas interdisciplinarias, contando con especialistas que proveñen de diferentes áreas científicas, nas que se empregan métodos e exposicións de diferente natureza. Referímonos, por exemplo, ao *Informe da Comisión Técnica Temporal sobre enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia* (Consello da Cultura Galega 2021).

Así mesmo, tamén se empregou a metodoloxía de traballo desenvolvida desde o *Foro Patrimonio e Sociedade* (Blanco-Rotea *et al.* 2021), o cal supuxo un reto á hora de elaborar un documento conxunto desde a participación de trinta e catro profesionais do eido do patrimonio cultural.

Finalmente, acudiuse a outros textos realizados sobre problemáticas similares e en espazos xeográficos semellantes ao galego, de forma que puidésemos identificar como resultou o método de traballo. En concreto,



analizouse o informe «Efectos ambientales de las plantaciones de eucaliptos en Euskadi y la península ibérica» (<http://www.aranzadi.eus/fileadmin/docs/Munibe/mcn.2020.68.20.pdf> consulta de febreiro de 2021).

A partir destas experiencias previas, a coordinación propuxo desenvolver, nun primeiro momento, un traballo cunha metodoloxía escalar, baseada nunha análise presencial e participativa a partir da realización dunha serie de reunións en que se definise o ámbito de traballo, os obxectivos concretos, o enfoque e os temas a tratar no informe. Nun segundo momento, unha vez definidos estes aspectos, que se elaborasen unha serie de textos por parte dos membros da comisión, enfocados cada un deles nun dos aspectos, temas e estrutura definidos, que servirían de base para a redacción do documento. Nun terceiro momento realizaríase un primeiro borrador que non consistiría na suma dos textos previos, senón que, a partir deles, se extractarían as ideas claves principais tendo en conta o enfoque decidido. É dicir, deconstruíríanse eses textos desde unha perspectiva orientada desde os obxectivos do informe, para logo construír un texto conxunto e unitario. A partir deste primeiro borrador, traballouse en sucesivas sesións mellorando, modificando, incorporando ideas ao texto ata resultar o definitivo que aquí presentamos. Isto é, este texto foi elaborado desde unha serie de documentos de traballo máis extensos de autoría dos membros da comisión dos que se extractaron as ideas que aquí se recollen co gallo de facer un documento unificado e coral, agás o documento «Patrimonio e Turismo», que se recolle integramente como apéndice, pois pola súa extensión e entidade decidimos incorporalo na súa totalidade.

Inicialmente definiuse unha primeira proposta de traballo desde a que traballar en dúas liñas coas que responder ao encargo realizado: a) identificar cales son os valores que están detrás do patrimonio cultural e natural afectado polas plantacións de especies de crecemento rápido, de xeito que puidésemos conceptualizar e concretar eses valores; e b) analizar cal é a incidencia sobre eses valores como consecuencia das afeccións producidas pola plantación de especies de crecemento rápido. *A priori*, tras unha primeira revisión da literatura, parecía que tanto os valores como as afeccións estaban máis asentados e identificados no caso do patrimonio natural, e que estaban menos traballados no caso do patrimonio cultural, como consecuencia, posiblemente, da súa fraxilidade e invisibilidade. A partir desta proposta de traballo, definíronse tres liñas de impacto distintas que conviría analizar para cumprir os obxectivos do informe:



1. O impacto producido como consecuencia da situación do territorio en Galicia (abandono, despoboamento, falta de ordenación territorial...).

2. O impacto producido pola substitución dunhas especies e usos tradicionais (que contan cuns valores ben definidos) por outras que xeran unha perda deses valores.

3. O impacto xerado polo tipo de explotación e cultivo.

Tras unhas primeiras sesións de traballo nas que se abordaron estas liñas e a análise destes impactos, definiuse a estrutura do informe, que estivo influenciada pola do realizado sobre enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia (Consello da Cultura Galega 2021) xa referido e que contiña os seguintes puntos:

- Descrición da situación da cuestión forestal.
- Situación do medio e das políticas que afectan a esta.
- Aspectos que estaban detrás da solicitude deste informe e doutras anteriores similares.
- Situación das políticas territoriais e dos instrumentos que atinxen ao territorio.
- Debate sobre os aspectos que afectan ao patrimonio natural (PN) e ao patrimonio cultural (PC), así como ao territorio.
- Perspectiva socioeconómica.

Finalmente, a estrutura foise modificando a medida que se traballaba no borrador do documento, e que para a análise da cuestión forestal respondese aos obxectivos do informe. En todo caso, unha vez rematado o traballo, é importante incidir na necesidade de buscar procedementos para a elaboración de informes que atenden a situacións e realidades complexas, que procuran visións interdisciplinarias e que deben mostrar coherencia e unidade, sendo este o principal esforzo ao que se atendeu no formato final que aquí presentamos.

Ademais, tal e como expuxemos arriba, como anexo a este documento, decidiuse incorporar o texto elaborado por Xosé Manuel Santos Solla baixo o título «Turismo e Patrimonio», xa que, aínda que foi sometido ao mesmo proceso de deconstrución que os restantes textos e as súas ideas chave están recollidas no apartado 8, «O patrimonio como recurso social e económico», pola súa profundidade e dimensión cremos que achega unha visión complementaria ao informe.

3. ESTADO DA CUESTIÓN FORESTAL

3.1. A influencia histórica da acción humana

A influencia da actividade humana sobre o medio natural de Galicia en xeral, e sobre o bosque en particular, é tan antiga como a propia presenza de homes e mulleres neste territorio. O lume foi unha das primeiras ferramentas utilizadas para reducir a espesura da vexetación e a bibliografía mostra evidencias de que o seu uso amplificou un proceso de deforestación iniciado hai aproximadamente 7000 anos. A intensidade da acción deforestadora foise incrementando en séculos posteriores e os rexistros mostran a existencia de grandes áreas desarboradas nas áreas onde se concentraba a poboación cara ao final da Idade do Bronce.

Así, o principal resultado histórico, considerado no moi longo prazo, do asentamento de poboación nesta parte do territorio europeo foi o retroceso das masas arboradas. Esta dinámica de longa traxectoria configurou un territorio en que, cando menos desde o século XVIII, a superficie arborada representaba apenas arredor dun 5 % do territorio (Rey 1995) (figura 1). En xeral, a tendencia histórica de redución do espazo arborado ata épocas moi recentes foi xeneralizada na maior parte dos países europeos.

Un dos resultados evidentes desta ocupación humana de longa traxectoria histórica é que son escasos ou practicamente inexistentes os ecosistemas que non foron nunca afectados pola acción humana. Na maior parte de Europa estes ecosistemas (que podemos denominar *prístinos*) son igualmente escasos. Dado que a acción humana continuada durante séculos conduce inevitablemente á modificación dos ecosistemas orixinais, os ecosistemas resultantes poden ser considerados como antrosistemas, ecosistemas modificados polos humanos. Con todo, aínda que este proceso de modificación pode ser entendido en xeral como unha degradación progresiva, é certo que con frecuencia poden persistir estadios dos antigos medios prístinos que manteñen cando menos parte das súas características orixinais (composición taxonómica, estrutura, dinámica...). Estes ecosistemas, que a pesar de mostrar algún signo de alteración humana manteñen características orixinais de interese (e, polo tanto, son dignos de conservación), poden considerarse ecosistemas naturais ou seminaturais.



INFORMES
CCG

Figura 1. Arriba, vista da basílica da Ascensión e os fornos e lugar de Armeá na década de 1920 (Fariña Busto 2002: 58) tomada desde o alto do Outeiro dos Pendóns; abaixo, mesma visión en 2009 ©RebecaBlancoRotea.

Entre os principais ecosistemas naturais que podemos citar en Galicia inclúense marismas, turbeiras, breixeiras húmidas e, por suposto, bosques caducifolios. Tamén é posible identificar ecosistemas seminaturais, como breixeiras secas, prados de sega de montaña ou soutos de castiñeiros. Algunhas das áreas ocupadas por estes sistemas mostran boa naturalidade e albergan especies de gran relevancia ambiental por tratarse de elementos endémicos, raros ou ameazados. No caso dos bosques, en particular, podemos atopar niveis de naturalidade e diversidade de especies similares ou superiores aos existentes noutros territorios europeos.



A expansión da área arborada na maior parte de Europa, e en particular en Galicia, é un fenómeno moi recente en perspectiva histórica, que con carácter xeral ten menos dun século de antigüidade. Dito doutro modo, despois de milenios de contracción da área ocupada por arborado, por primeira vez esta comezou a expandirse de novo, quizais timidamente desde finais do século XIX e de modo evidente desde mediados o século XX. Este fenómeno, característico de moitos países do hemisferio norte (non debemos esquecer que o contexto global segue a estar dominado pola deforestación), foi denominado «transición forestal» pola bibliografía especializada. O seu alcance, consecuencias e explicacións continúan a ser obxecto de discusión. Especificamente, son moitos os autores que sinalan a necesidade de valorar con atención a composición específica das novas masas creadas, o seu tipo de xestión (en caso de existir) e, polo tanto, as súas consecuencias ambientais e sociais.

Ao longo deste informe empregaremos como definición de *bosque* a que utiliza a Directiva do Consello de Europa 92/43/CEE: «Bosques (sub)naturais de especies indíxenas en formacións de monte alto¹, incluídos os bosquetes de monte alto con vexetación de sotobosque típica, que respondan aos seguintes criterios: raros ou residuais e/ou que conteñan especies de interese comunitario». Convén ter presente, polo tanto, que, no sentido desta definición, a inmensa maioría das masas arboradas formadas ao longo do último século non son bosques na actualidade nin probablemente o poderán ser no futuro. Esta é unha diferenciación fundamental á hora de contextualizar adecuadamente as afirmacións realizadas na documentación descritiva do sector forestal en Galicia, que a miúdo utiliza a palabra «bosque» de xeito xenérico para referirse a calquera tipo de formación arborada, con independencia da súa composición, estrutura ou función ambiental.

3.2. A situación actual da superficie arborada

Como acabamos de comentar, a paisaxe de Galicia era, cara a finais do século XIX, unha paisaxe esencialmente desprovista de arborado. Desde entón, e durante algo máis dun século, o espazo arborado experimentou unha forte expansión ata chegar a ocupar algo máis dun terzo da superficie total e máis da metade das áreas de monte. A concepción do monte como espazo claramente separado do resto do sistema agrario e

¹ A definición emprega «monte alto» no sentido da ciencia forestal para referirse a masas formadas por árbores que naceron de semente. Neste mesmo sentido, o «monte baixo» é unha masa formada por árbores que rebrotaron despois de ser cortadas (e non, como se emprega a miúdo en textos non especializados, formacións de mato). En Galicia, boa parte das masas de eucalipto son, polo tanto, «monte baixo» en sentido forestal.



destinado esencialmente á produción de madeira responde a unha visión sectorial, recente en termos históricos. A definición legal de monte actualmente vixente é a da Lei 7/2012², de montes de Galicia, que no seu artigo 2 indica:

1) [...] enténdese por monte ou terreo forestal todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de mato ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.

A redacción anterior complétase con casos específicos para incorporar igualmente á definición os terreos de rochedo, ermos e areais, as infraestruturas de servizo para a actividade forestal ou os terreos que se designen para ser repoboados. En esencia, trátase da mesma definición da Ley de 1957³ (art. 1), que definía o espazo forestal por exclusión (é dicir, todo o que non fora parte do cultivo agrícola):

2) Se entiende por terreno forestal o propiedad forestal la tierra en que vegetan especies arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedan de siembra o plantación, siempre que no sean características del cultivo agrícola o fueren objeto del mismo. No obstante se exceptúan de los comprendidos en dicho concepto los terrenos que, formando parte de una finca fundamentalmente agrícola y sin estar cubiertos apreciablemente con especies arbóreas o arbustivas de carácter forestal, resultaren convenientes para atender al sostenimiento del ganado de la propia explotación agrícola y, asimismo, los prados desprovistos sensiblemente de arbolado de dicha naturaleza y las praderas situadas en las provincias del litoral cantábrico.

3) Bajo la denominación de montes se comprenden todos los terrenos que cumplan las condiciones que se especifican en el apartado 2) y aquellos otros que, sin reunirlos, hayan sido o sean objeto de resolución administrativa por aplicación de las Leyes que regulen esta materia y en virtud de la cual hayan quedado o queden adscritos a la finalidad de ser repoblados o transformados, por lo tanto, en terrenos forestales.

² Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG número 140, do 23/07/2012).

³ Ley de 8 de junio de 1957, sobre la nueva Ley de Montes. BOE número 151, do 10/06/1957.



Cómpre sinalar que a palabra «bosque» está practicamente ausente de ambos os textos legais. No caso da Lei 7/2012, o seu uso limítase exclusivamente á exposición de motivos⁴. Por outra parte, están incluídos na definición de «monte ou terreo forestal» os ecosistemas dunares, as marismas, as turbeiras e toda formación arbórea ou arbustiva non vinculada a unha explotación agrícola. As consecuencias desta inclusión son problemáticas, sobre todo cando o concepto de «terreo forestal» se asimila a «produtor de madeira». Aínda que isto último non aparece recollido na lei, persiste a miúdo nas actuacións da Administración e as empresas do sector a tendencia a excluír os usos gandeiros do monte, por exemplo, ou consideralos unha molestia que debe ser tolerada a desgusto. Polo contrario, o uso do monte en Galicia ata ben entrada a segunda metade do século XX estivo fortemente asociado ao sistema agrario orgánico, e a súa función era fundamentalmente a de proporcionar pastos, algunha colleita ocasional e, sobre todo, unha achega de materia orgánica fundamental para manter a fertilidade das terras de cultivo máis intensivo (Bouhier 1979). A produción de madeira nos montes galegos de mediados do século XIX debía ser, polo tanto, moi reducida, algo que manifestaban con franqueza os enxeñeiros forestais da época (Balboa López 1990). O monte era naquela altura o espazo de produción doutros bens necesarios para a economía campesiña, entre os cales a madeira non ocupaba un lugar precisamente destacado (aínda que si o fixera a leña). En realidade, moitas das áreas consideradas de monte desde o punto de vista legal non teñen características de solo e clima que as fagan adecuadas para o mantemento dunha masa arborada ou, máis aínda, albergan hábitats que deben ser preservados da expansión do arborado. Moitas delas, por outra parte, poderían ser aproveitadas por pastoreo extensivo cunha contribución potencial moi importante á economía local (Corbelle Rico *et al.* 2022).

Dada a definición legal de superficie forestal, esta supón en Galicia arredor de dous terzos da área total⁵. Este dominio relativo das superficies de monte diferencia as rexións do noroeste ibérico doutras partes de España e Europa nas que a proporción de superficie destinada á agricultura é moi superior, pero isto ten unha explicación simple, relacionada coa capacidade produtiva dos nosos solos: só arredor dun terzo da superficie total de Galicia resulta apta para un cultivo intensivo

⁴ Coa única excepción do uso da expresión «bosques naturais doutros países» (art. 104) e dunha mención xenérica ao cálculo do efecto de sumidoiro de carbono dos «bosques galegos» (disposición adicional terceira).

⁵ A suma de superficie arborada, de mato, pasteiros, solo desprovisto de vexetación, áreas queimadas e afloramentos rochosos supoñía 2 054 092 ha dun total de 2 957 071 ha (69,5 %), segundo datos de SIOSE en 2014.

como o millo, e só a metade desa superficie (arredor dun quinto do total) presenta unha aptitude boa ou moi boa para ese cultivo (Díaz-Fierros Viqueira / Gil Sotres 1984; Corbelle Rico *et al.* 2014).

A maior parte desa área estaría desarborada a primeiros do século xx, momento en que se comeza a percibir a plantación de novas masas por parte de propietarios privados e, algo máis tarde, pola Administración pública (Rico Boquete 2014). A principal especie utilizada para a produción de madeira naquela altura, o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*), ocupaba arredor de 20 000 hectáreas no ano 1900 e entre 80 000-100 000 hectáreas cara a 1930 (Rico Boquete 2014). Para 1966 o Mapa Forestal de España (MFE) estimaba a superficie ocupada por masas de coníferas en Galicia en preto de 773 000 hectáreas, mentres que o MFE25 de 2009 o facía en 567 000 hectáreas e a superficie total arborada en arredor de 1 416 000 hectáreas.

Con todo, se a expansión inicial do arborado se produciu fundamentalmente con masas de coníferas, durante a segunda metade do século xx o proceso foi diferente: a expansión da superficie total ocupada por arborado produciuse fundamentalmente pola expansión das masas de eucalipto por debaixo dos 400-500 metros de elevación sobre o nivel do mar e pola expansión de masas arboradas de especies nativas no terzo oriental da comunidade (Corbelle Rico / Tubío Sánchez 2018). As masas de eucalipto, en particular, ocuparon en boa medida áreas que anteriormente foran plantadas con piñeiros, o que explica a tendencia minguante da área que estes ocupan. En conxunto, a área ocupada por masas de eucalipto pasou de supoñer arredor de 14 000 hectáreas no MFE de 1966 a arredor de 370 000 hectáreas no MFE25 de 2009.

No momento actual a estimación oscila entre 1 e 1,4 millóns de hectáreas de superficie arborada total (segundo acudamos, respectivamente, a SIOSE 2014 ou ao MFE25 de 2009), repartidas entre un 35-40 % ocupado por coníferas, un 20-26 % ocupado por eucaliptos e un 45-34 % ocupado por outras especies⁶ (de novo, datos de SIOSE 2014 e MFE25, respectivamente). Existe un desequilibrio considerable no grao de aproveitamento madeireiro destes tres grupos, de modo que os dous primeiros supoñen arredor do 97 % do volume de cortas totais. Isto implica, por unha parte, a concentración da maior parte da actividade do sector madeireiro nunha porción relativamente reducida do territorio de Galicia, particularmente na metade norte. Por outra parte, responde a un modelo centrado na produción de madeira de baixo valor, destinada maioritariamente á trituración para a produción de taboleiros ou pasta de papel, nun mercado dominado por un número reducido de actores.

⁶ É dentro deste grupo onde se situarían as superficies de bosque.



Os grandes grupos de especies aos que faciamos referencia máis arriba distribúense de modo desigual pola comunidade autónoma (figura 2). O grupo máis concentrado espacialmente é o das frondosas perennifolias, que se corresponde, esencialmente, con masas de eucalipto. Como xa dixemos, a distribución da principal especie de eucalipto empregada ata anos recentes (*Eucalyptus globulus*) estaba fortemente condicionada pola elevación e a distancia á costa, ao ser pouco tolerante a localizacións máis frías. A introdución dunha especie alternativa máis tolerante ao frío (*Eucalyptus nitens*) nas últimas dúas décadas cambiará con toda seguridade esta distribución e iraa ampliando con rapidez cara ao interior, salvo que se apliquen medidas decididas en contra.

INFORMES
CCG




Figura 2. Distribución dos tres principais grupos de especies arbóreas en Galicia. O mapa representa a porcentaxe de cuberta en cuadrículas de 1 hectárea. Elab. propia (Eduardo Corbelle) a partir de SIOSE 2014.



Un dos obstáculos evidentes para a existencia dun modelo alternativo de xestión forestal, menos curtopracista na súa xestión, é a extrema fragmentación da propiedade privada individual. O tamaño medio das parcelas de propiedade privada individual (arredor dos 2500 m²) é dificilmente compatible cunha xestión forestal que se aparte do modelo produtivista e de baixo nivel de manexo que caracteriza as masas de crecemento rápido. No outro extremo, a propiedade veciñal en man común supón arredor de 656 000 ha de superficie total, repartidas en algo máis de 2700 montes cunha dimensión media cerca das 200 ha, aproximadamente o 30 % da superficie forestal da comunidade autónoma. Atendendo exclusivamente a unha superficie media enormemente superior á das parcelas de propiedade privada individual, parece razoable afirmar que a propiedade veciñal ofrece condicións de partida razoablemente boas para acadar os obxectivos de diversificación e ordenación. O seu carácter social, por outra parte, permite a posibilidade de propoñer obxectivos de medio e longo prazo propios da xestión forestal, que transcenden os ciclos de vida das persoas individuais. Non obstante, a miúdo ocupan posicións topográficas elevadas, con limitacións para a vexetación de maior porte, polo que pretender que todas teñan na produción de madeira a súa actividade principal non sería un obxectivo realista nin desexable.

En calquera caso, durante o último medio século deuse en Galicia unha simultaneidade temporal entre a forestación e o abandono de terras agrarias, procesos que supuxeron grandes cambios nos usos do solo dos que o principal feito foi a forestación de áreas de mato e de superficie agrícola. Neste proceso, a expansión das especies produtoras de madeira teríase realizado nun 54 % sobre áreas de mato, nun 36 % sobre terras agrícolas, principalmente en solos de calidade intermedia, e nun 7 % sobre frondosas (Corbelle-Rico / Crecente-Maseda, 2014).

Non contamos con análises específicas da transformación das paisaxes consecuencia dos grandes cambios producidos en Galicia e do seu impacto a nivel local sobre os valores naturais, culturais e paisaxísticos do territorio. Os catálogos da paisaxe limítanse a constatar esas dinámicas, como no caso da Mariña-Baixo Eo:

Os impactos desta dinámica a nivel paisaxístico son notables, existindo cando menos tres aspectos para consideralo: por un lado a monotonía paisaxística que conleva; por outra banda, os riscos ambientais derivados das características dos monocultivos forestais, compostos principalmente por masas xoves e densas de especies de rápido crecemento, aumenta o risco de incendios se aparecen en combinación cun escaso nivel de



xestión forestal (Barreal et al. 2012); e finalmente, a diminución da biodiversidade malia o que sinalan que Moitos dos valores estéticos da Mariña-Baixo Eo atópanse, segundo os resultados do proceso participativo, en Agrosistema intensivo en modo de plantación forestal, xa que se trata do tipo máis extenso nesta GAP.

Nin tan sequera en áreas como esta e despois de considerar o seu notable impacto paisaxístico se inclúen espazos dese tipo dentro dos Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP) que comprenden aquelas zonas nas que diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe⁷.

4. A CONFLITIVIDADE SOCIAL ARREDOR DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS

O monte foi un espazo de conflito social en Galicia durante a maior parte do século XX. Nese período, a actuación da administración forestal estivo na orixe da maior parte dos casos, ao entrar as súas liñas de actuación en contradición directa coas necesidades da veciñanza: onde esta vía un sustento esencial da súa actividade, a administración vía un territorio que debería ser utilizado para garantir un volume de produción de madeira suficiente para as necesidades da industria (a existente e a que debería implantarse no futuro). Para a consecución destes fins, un dos maiores obstáculos era que a maior parte da superficie era naquel momento, e continúa sendo, de titularidade maioritariamente privada, ben fose privada individual ou ben, sobre todo, colectiva. Esta última, non obstante, abría unha porta traseira que enseguida foi utilizada: desde apenas comezado o século, a posición da administración forestal foi descoñecer o carácter veciñal da propiedade colectiva e asumir no seu lugar que se trataba de propiedade pública, normalmente dos concellos. Isto, por suposto, facilitaba as cousas no plano formal dado que cos concellos era fácil chegar a acordos para a forestación destas superficies (Balboa López 1990; Freire Cedeira 2014). Por suposto, e como era de esperar, a resistencia dos veciños foi importante e tomou variadas formas, pero no contexto de control social dos anos posteriores á Guerra Civil foi a vía xudicial unha das poucas alternativas que lle quedou aos veciños e veciñas e, en definitiva, quizais a máis efectiva: a ela se deben as primeiras mencións aos montes en man común de Galicia na Ley de Montes de 1957

⁷ https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-cmaot/Documentos_DXSP/Paisaxe/Catalogo_paisaxe/12_GAP_AMarinaBaixoEo_a.pdf



e no Regulamento de 1962⁸ e, máis tarde, a primeira Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 1968⁹.

Os cambios lexislativos, pero tamén e sobre todo as transformacións sociais e económicas das últimas décadas do pasado século, eliminaron en boa medida os conflitos derivados das diferentes necesidades de uso da superficie de monte, ao desaparecer a maior parte do pastoreo extensivo, as estivadas e o uso de estrume. Para finais de século, non obstante, outras fontes de conflito substituíron ás anteriores: a grande expansión da superficie arborada e o tipo de xestión forestal asociado aos principais modelos de produción existentes comezaron a suscitar dúbidas sobre os efectos ambientais e culturais deste proceso. En anos recentes e con anterioridade á petición que abre este informe, outros grupos e asociacións xa fixeran chegar ao Consello da Cultura Galega a súa preocupación pola situación do monte en Galicia, pola transformación da paisaxe e pola afección ao patrimonio cultural dos cultivos forestais.

No ano 2017 a asociación Mariña Patrimonio trasladou ao CCG un informe elaborado xunto con Adegas no que se identificaban e detallaban os danos causados a 40 xacementos arqueolóxicos pola explotación forestal dos montes en que, segundo o informe, estes se atopan, principalmente polo paso de maquinaria pesada, a roza con maquinaria pesada, a remoción de terras, a apertura de pistas, as cortas e as plantacións. Ao grave impacto dos traballos forestais sobre o monte engadíase nesas agresións a falta de protección legal e dunha identificación e localización dos elementos patrimoniais que fose garante da súa salvagarda.

É ademais motivo de preocupación recorrente e de mobilización cidadá a expansión masiva e desordenada do eucalipto en Galicia, a transformación das paisaxes alí onde se converte na especie dominante, o impacto sobre o patrimonio natural e, singularmente, a infiltración e expansión en áreas dos parques naturais como as Fragas do Eume. Malia que a declaración deste espazo como Parque Natural conseguiu reducir a expansión do eucalipto no seu interior, esta non foi completamente eliminada. Os incentivos para os propietarios continúan sendo fortes do lado do modelo forestal máis intensivo, o que xera pola súa vez unha problemática que a declaración do espazo non soluciona.

A preocupación social e política sobre o monte está moi marcada polos incendios forestais e o debate sobre o papel que na intensificación dos

⁸ Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, por el que se aprueba el Reglamento de Montes, BOE núm. 61, de 12 de marzo de 1962.

⁹ Ley 52/1968, de 27 de julio, sobre montes vecinales en mano común, BOE núm. 181, de 29 de julio de 1968.



incendios ten a situación do monte, as políticas forestais ou a diversidade específica das masas forestais. No ano 2018 constituíuse no Parlamento de Galicia unha *Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia*, que avaliou estes aspectos despois da vaga de lumes de outubro de 2017¹⁰.

Porén, aínda que esa comisión considerou consecuencias dos incendios forestais que cualifica como *máis «intanxibles» e difíciles de cuantificar* que os efectos destrutivos e ambientais, *pero non por iso menos importantes, entre as que se atopa a paisaxe, elemento identitario e patrimonial cada vez máis valorado polo conxunto da sociedade como recurso que sustenta outros sectores como pode ser o do turismo*, a consideración da paisaxe nas súas conclusións foi moi limitada. Patrimonio natural, cultural e paisaxe son citados como elementos localizados afectados polos incendios, pero non se aprecia un recoñecemento dos valores naturais, culturais e paisaxísticos do monte en toda a súa extensión.

No ano 2017 presentouse no Parlamento de Galicia unha Proposición de lei por iniciativa lexislativa popular (ILP) para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais promovida por máis de sesenta entidades entre asociacións e comunidades de montes¹¹. Foi esta a segunda iniciativa nesta materia despois da presentada no ano 1989, a primeira da historia de Galicia, unha ILP pola Conservación, Mellora e Desenvolvemento do Patrimonio Forestal que apostaba pola diversificación de especies e denunciaba os proxectos de instalación de máis celulosas.

Na proposición de lei do ano 2017 sinalábase que non se conseguiran compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido. Chamábase a atención sobre a intensidade de ocupación polo eucalipto, sobre que parte desta superficie está ocupada por eucaliptos fóra de ordenamento, isto é, asilvestrados ou ventureiros, que medran moitas veces despois de incendios, como acontece con outras especies pirofitas, e sobre o perigo que supón a expansión do *Eucaliptus nitens*.

¹⁰ <http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B100346.pdf>

¹¹ https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B100371_3.pdf (Boletín parlamento, texto ILP)

<https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D100092.pdf> (Diario sesións Parlamento 20.11.2018)



A análise concluía que a falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino de moitos montes e terras agrarias remate sendo o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo ás frondosas autóctonas, e finalmente o lume. Esta ocupación está a atinxir tamén aos espazos protexidos e ás terras agrarias, contravindo unha lexislación por veces demasiado permisiva e discrecional. Faise imperativo, xa que logo, aumentar as cautelas e clarexar as determinacións legais, garantindo o cumprimento das normas e abordando a recuperación dos usos orixinais e a rexeneración dos hábitats degradados por plantíos ilegais e que o aproveitamento forestal intensivo con especies alóctonas, pirófilas e de crecemento rápido comporta o deterioro de servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas da nosa sociedade.

Ademais de chamar a atención sobre o alto grao de incumprimento das *directrices básicas de usos da terra e das normas e leis vixentes*, reiterouse a ausencia dunha planificación do territorio e, nesta ausencia de ordenación, a perda de terras de cultivo pola forestación de terras que deben volver á súa «vocación» inicial e a que ten que ser previa á ordenación do monte:

A planificación física e a ordenación do territorio ten que ser previa a calquera política forestal. O Goberno Galego en silencio fai a súa planificación con feitos consumados. Non podemos perder terras agrícolas a costa de aumentar a superficie forestal. Estamos utilizando menos da terceira parte do territorio a cultivos e praderías, cando normalmente nos países europeos teñen case a metade da superficie a este fin. Galicia non pode perder terras de calidade para o forestal, mesmo tería que recuperar terras forestais (aínda que sexan algunhas de mediana calidade) para cultivos e algunhas praderías que en tempos antigos se fixeron a costa de terras de cultivo e poden roturarse para praderías terreos forestais. Ademais deben devolverse os terreos hoxe plantados ilegalmente con repoboacións forestais que estaban neste século e aínda nesta década a pasteiro e terras de labor../.. Precísase ordenar o monte arborado. Só están ordenados a cuarta parte das masas produtivas. (Varela 2017: 21)



Coa moratoria das plantacións de eucalipto ata o ano 2025, establecida na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia¹², acusada por algunhas asociacións de ser unha estratexia de legalización de plantacións e incluso de potenciar as plantacións desa especie¹³, intensificáronse as denuncias por plantacións ilegais de eucaliptos en parcelas de uso agrario, cambiando o uso das terras ou por cortas de bosque autóctonos, nas que se imputa á Administración falta de vixilancia e control¹⁴.

5. A CUESTIÓN FORESTAL NO CONTEXTO DAS POLÍTICAS TERRITORIAIS

O sector forestal é considerado como un dos sectores económicos de grande importancia para Galicia. O seu impulso vén collendo peso nas estratexias definidas nas últimas décadas, nas que se manifesta como un sector que cómpre ordenar espacialmente e de maneira integrada e coordinada coas demais políticas económicas, sociais, culturais e ecolóxicas.

Así, no Plan Estratéxico de Galicia¹⁵, dentro do eixe do *Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura e montes*, establécese como obxectivo estratéxico o de *Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible*, vinculado ao *Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural*.

Entre as necesidades e retos deste sector, o Plan recolle o de *Evolucionar o sector agrario galego cara a unha economía hipocarbónica, compatible co aumento de produción de madeira cando esta se empregue para a fabricación de produtos transformados de longa vida útil*.

¹² Moratoria das plantacións de eucalipto ata o 2025, establecida na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia:

Disposición transitoria novena. Repoboacións co xénero *Eucalyptus*.

¹³ <https://www.ecologistasenaccion.org/172064/a-lei-de-terras-agrarias-revela-o-gran-engano-do-goberno-galego-co-anuncio-dunha-moratoria-para-a-plantacion-de-eucalipto/>
<https://www.nosdiario.gal/opinion/xose-alfredo-pereira-martinez/non-moratoria-mais-repoboacion/20210423215812120214.html> (consulta de abril de 2022).

¹⁴ <https://adega.gal/web/novas.php?id=1179&idioma=gl&sec=209> (consulta de abril de 2022)
<https://www.nosdiario.gal/articulo/politica/bng-psdeg-denuncian-boom-do-eucalipto-polo-anuncio-da-moratoria/20210427225801120397.html>
<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/repuntan-galiza-cortas-pineiros-substituir-eucaliptos/20210424134245120228.html>

¹⁵ <http://www.planestrategico.gal/documents/4752806/4752831/PEG-2015-2020-20161213-Tomo-2.pdf/491c6f68-1c76-47df-87d9-1e9e3cf8c2d7>



Igualmente, a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) sinala a importancia do sector agro-forestal¹⁶ e salienta que o monte galego é de gran produtividade, que supón o 10 % da superficie arborada de España e o 2,5 % da UE e que produce o 45 % da madeira española e o 4,5 % da europea. Cita a RIS3 (VV.AA. 2013), uns estudos que estiman que estes datos se poderían duplicar xa que o 30% dos recursos forestais de Galicia non están explotados e a industria de transformación da madeira, directamente asociada á produtividade forestal, traballa só ao 50 % da súa capacidade de produción instalada.

A ordenación do territorio, que é conceptualizada como «a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade»¹⁷, ten entre os seus fins e obxectivos fundamentais¹⁸ entre outros:

*Promover unha **xestión prudente e eficaz dos recursos naturais**, que coordine as necesidades do desenvolvemento socioeconómico coas obrigas de conservación e mellora do medio ambiente e dos lugares e construcións de interese cultural e natural.*

*A **planificación da ordenación territorial e a explotación e o aproveitamento racionais dos recursos agrarios, forestais, mineiros, extractivos e enerxéticos**, mediante fórmulas compatibles coa preservación e a mellora do medio ambiente.*

***Identificar as áreas territoriais que, pola súa idoneidade actual ou potencial para a explotación agrícola, forestal, gandeira, enerxética ou mineira, ou pola súa riqueza natural ou cultural, deban ser obxecto de especial protección**, garantindo o seu uso racional e a súa conservación, coordinando as accións que se proxecten ou executen en cada ámbito territorial ou empregando fórmulas de colaboración ou cooperación de tratarse de accións estatais.*

Parece, polo tanto, relevante analizar como a ordenación territorial de Galicia, no seu conxunto, atende estes fins na identificación das áreas territoriais obxecto de especial protección, na planificación do aproveitamento racional e na xestión eficaz e prudente dos recursos

¹⁶ Que acada un 3,1 % do VEB, segundo datos do INE, da comunidade, e presenta un IER13 de 1,4 con base en datos do VEB por rama de actividade, segundo os datos do INE (2009). Por unha banda, o subsector forestal galego contribuíu en 2011 ao 0,5 % do VEB da comunidade, segundo os datos do IGE, e ten un peso relativo en Galicia moi superior ao resto de España, cun IER do 4,4, segundo os datos do INE (2009).

¹⁷ Exposición de motivos da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

¹⁸ Artigo 3. Fins e obxectivos fundamentais en materia de ordenación do territorio Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



agroforestais e na súa compatibilidade coa obrigas de conservación e mellora do medio ambiente e dos lugares e construcións de interese cultural e natural en relación cun sector forestal tan importante en Galicia, sen esquecer de que maneira a ordenación forestal se articula na ordenación territorial da que forma parte.

5.1. O marco normativo para protección da biodiversidade e o patrimonio natural

Os acordos internacionais subscritos por España e a Unión Europea, así como a propia normativa desta última, do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia expoñen un marco en que a protección e conservación dos recursos naturais, a biodiversidade, a xeodiversidade, o patrimonio natural e o patrimonio cultural prevalecen sobre os dereitos á explotación dos recursos. Este marco no ámbito natural resulta moi rigoroso e vén recollido no Tratado de Funcionamento da Unión Europea e desenvolvido por unha ampla normativa, entre a que se atopan a Directiva Aves, Directiva Hábitat, Directiva de Avaliación de Impacto Ambiental, Directiva Marco da Auga, entre outras. Os acordos internacionais e as normativas da Unión Europea foron, pola súa vez, desenvolvidos a través da normativa estatal e a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, o marco normativo, especificamente en materia de medio ambiente, sufriu un notable incremento e complexidade nos últimos tempos, mais, a pesar das melloras evidentes, persisten aínda algúns ámbitos que deben ser obxecto de desenvolvemento ou de adecuación.

O marco normativo básico está definido pola Directiva 92/43/CEE do Consello de Europa, a Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad (BOE núm. 299, de 14/12/2007) e a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (DOG núm. 149, 7 de agosto de 2019).

En Galicia existen, de acordo con este marco, polo menos tres grupos de Áreas Naturais Protexidas, que abarcan distintas categorías con réximes de protección e xestión diferenciada: Espazos Naturais Protexidos, Espazos Protexidos Rede Natura 2000 e Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais. A maioría destes espazos son xestionados pola Xunta de Galicia, pero tamén existen espazos xestionados pola Administración Xeral do Estado (AGE). Os espazos naturais teñen como obxectivo a conservación da biodiversidade e concretamente diversos tipos de bosques.

Segundo os datos recompilados e publicados no ano 2021 (Ramil-Rego *et al.* 2021), a superficie no citado ano da Rede Natura 2000 xestionada pola Xunta de Galicia era de 3909 km², aos que habería que engadir 179



km² xestionados pola AGE. Centrándonos na Rede Natura 2000 de ámbito autonómico, esta ocupa 3553 km² de medios terrestres e 357 km² de medios mariños. A superficie terrestre desta rede representa o 11,97 % do territorio terrestre de Galicia. Ao comparar este dato coas distintas comunidades autónomas, Galicia sitúase no último lugar en canto á porcentaxe de superficie terrestre declarada, moi afastada de comunidades autónomas con valores próximos ou superiores ao 30 %: Andalucía (29,82 %), Estremadura (30,33 %), Cataluña (30,52 %), A Ríoxa (33,23 %), Valencia (37,81 %) ou Madrid (39,81 %).

Se valoramos a superficie declarada como Espazo Natural Protexido (ENP), dado que en Galicia a maior parte da Rede Natura 2000 (salvo a xestionada pola AGE) posúe esta condición de ENP, atopámonos de novo cun valor que se aproxima ao 12 %; supera así Galicia a varias comunidades nas que a superficie de ENP é inferior (Aragón, Castela e León, Castela–A Mancha, Cataluña, Madrid, Navarra, Valencia, Estremadura, Murcia), pero de novo sen alcanzar o limiar do 30 %, que en España só superan A Ríoxa e as illas Canarias.

Dado que en Galicia a superficie de Espazos Naturais Protexidos que non son pola súa vez Espazos Protexidos Rede Natura 2000 é moi escasa, a superficie total de ambos os grupos sitúanos no 12 % da superficie terrestre declarada. Este valor resulta moi afastado do limiar do 30 % fixado na Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea, que recolle como obxectivo para cada país, e por conseguinte poderíase trasladar a cada comunidade autónoma no caso español, a declaración de polo menos un 30 % da superficie terrestre e polo menos un 30% da superficie mariña como área estritamente protexida.

A superficie declarada en Galicia nas distintas figuras de espazos naturais protexidos e de espazos protexidos Rede Natura 2000 atópase moi afastada tanto dos parámetros fixados nas Metas de Aichi como, de forma máis elocuente, nos parámetros fixados pola Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea. A necesidade de cumprir cos obxectivos marcados co Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as Metas de Aichi, así como a Estratexia da UE sobre a biodiversidade, evidencian que resulta necesario mellorar a representación en Galicia das áreas naturais destinadas á conservación da biodiversidade e ao patrimonio natural, alcanzando os limiares expostos na Estratexia europea (30 % de superficie terrestre e 30 % de superficie mariña, declarada formalmente como espazo protexido).

Os datos publicados pola Axencia Europea de Medio Ambiente, así como os datos que aparecen recollidos en distintos informes e publicacións, poñen en evidencia que o estado de conservación para os



compoñentes da biodiversidade nas redes de espazos naturais afástase de concepto de «favorable». E nesta valoración inciden, entre outras, a perda de superficie de hábitats (incluídos os bosques) para establecer pasteiros, plantacións forestais de especies exóticas, áreas urbanizadas etc. Resulta necesario mellorar os labores de vixilancia e os procedementos para incoar, por vía administrativa ou penal, os danos causados ao medio ambiente, aplicando o criterio básico de quen contamina ou destrúe o medio ambiente debe asumir o custo da súa restauración.

Ademais dos Espazos Naturais Protexidos e dos Espazos Protexidos Rede Natura 2000, existe un terceiro grupo de áreas naturais, as Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais. Estas inclúen zonas protexidas que posúen xa un status xurídico para a súa conservación, é dicir, que no caso español foron previamente declaradas como Espazos Naturais Protexidos e Espazos Protexidos Rede Natura 2000, e outras áreas que carecen deste status. Por tanto, á hora de computar a superficie total de área natural protexida, estas últimas zonas non poden considerarse como tales.

Por exemplo, nas Reservas da Biosfera os informes que periodicamente realiza a UNESCO evidencian nalgúnhas delas (Terras do Miño, Río Eo, Xurés-Gerês) unha perda significativa de hábitats de interese comunitario vinculados co establecemento de repoboacións de especies exóticas. Estas perdas afectan tanto á zona núcleo como especialmente ás zonas tampón e de transición. No caso da Reserva do Eo, os informes inciden na perda ambiental e de valores paisaxísticos, aspecto que está relacionado coa expansión do *Eucalyptus*. O Comité Español de Reservas de Biosfera aprobou distintos informes en relación con este proceso, o último afectaba á Reserva de Biosfera de Terras do Miño, onde se constata unha perda moi significativa de hábitats de interese comunitario, incluídos bosques, na súa zona núcleo, tampón e transición.

No momento de elaborar o Inventario de Zonas Húmidas de Galicia recoñecíanse máis de 1100 zonas húmidas. Delas, polo menos o 40 % está incluído en distintas figuras de protección, e o resto (60 %) carece dun status de protección estrita. Seis zonas húmidas de Galicia foron designadas como zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de Ramsar, e cinco destas foron designadas como zonas húmidas protexidas. O número e a superficie destas zonas húmidas, especialmente fóra do ámbito dos espazos protexidos, sufriron en Galicia un forte detrimento, ao seren transformadas en plantacións forestais de especies exóticas ou pasteiros. En moitos casos estas actuacións inciden sobre grandes superficies de breixeiros húmidas atlánticas, nas que se atopan un número importante de elementos estruturais da paisaxe, así



como elementos singulares do patrimonio cultural. A transformación das zonas húmidas elimina tanto os valores ambientais como os valores culturais. Exemplos por desgraza son moitos, entre eles atopámoslos na Terra Chá ou na conca do Deo-Mandeo.

En relación coa Rede de Parques e o Parque Nacional tamén se evidencian en distintas denuncias e informes de como se produciron accións contrarias á conservación e mantemento dos hábitats. No caso do PN das Fragas do Eume coméntanse algunhas neste informe, pero hai accións destrutivas que afectan a outros parques.

En canto aos parques, resulta moi estraño que a provincia de Lugo sexa a única que carece de parques. Desde o inicio do Goberno autonómico leváronse a cabo distintas iniciativas para declarar un Parque Natural na provincia de Lugo, pero todas elas quedaron finalmente abortadas. Destas son relevantes os intentos de configurar un Parque Natural nos Ancares, ou ben nos Ancares - O Courel, ou ben no Courel. En calquera caso, trátase da área que atesoura os mellores exemplos de bosques naturais en Galicia. Os procesos de declaración atopáronse sempre coa oposición daqueles que expuñan unha transformación das masas naturais a outros tipos de aproveitamentos forestais ou agrícolas. A pesar do rexeitamento que poden expresar distintos sectores, non resulta asumible que no século XXI as serras dos Ancares – O Courel non sexan Parques Naturais.

En relación cos propios instrumentos de xestión, a norma europea non fixa un tipo de instrumento e tampouco expón un contido mínimo. Isto lévase a cabo no caso español a través da Lei 9/2007 e da norma que poidan desenvolver as CCAA. Deste xeito, temos dous modelos para a xestión da Rede en España:

1.- **Modelo de Plan Director.** De acordo coa norma estatal debe ser un Plan Reitor de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN). A norma estatal fixa os seus contidos mínimos, así como o alcance. O PORN permite regular diferentes usos e actividades que inciden nos espazos naturais. Este é o modelo adoptado en Galicia para os espazos da Rede Natura 2000 xestionados pola Xunta de Galicia.

2.- **Modelo de Plan de Xestión.** Corresponderíase a un PORN moi simplificado, cuxos contidos mínimos son expostos polas CCAA. Os Plans de Xestión, que non son PORN, deben ser individuais, xa que a norma estatal non permite con estes instrumentos xestionar unha rede de espazos. A simplificación de contidos leva en moitos casos parella unha redución do alcance e das determinacións. Así, mentres que un PORN adoita regular distintos tipos de actividades, tanto de conservación como produtivas, nos plans de xestión contémpanse case de forma exclusiva as de conservación.



O Plan Director da Rede Natura 2000 cobre a totalidade dos espazos da Rede Natura 2000 declarados pola Comunidade Autónoma de Galicia e ten a consideración de Plan de Ordenación dos Recursos Naturais. Trátase, polo tanto, dun plan único para a xestión da Rede. Pola súa parte, os Espazos Rede Natura 2000 de Galicia xestionados pola Administración Xeral do Estado carecen e aínda non teñen aprobados os seus instrumentos de xestión, que na actualidade está redactando o Ministerio. Esta mesma situación ocorre con outros espazos mariños.

Por suposto, a ordenación forestal nos espazos protexidos está supeditada ás determinacións recollidas nos seus instrumentos de xestión. Igualmente, a Ordenación do Territorio ten que garantir a conservación do medio ambiente, a biodiversidade e o patrimonio natural. A protección destes compoñentes territoriais está regulada por normas superiores, como o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, disintas directivas e a normativa estatal e autonómica. A protección e conservación do medio ambiente non son subsidiarias da política de ordenación territorial, nin as determinacións dun PORN / PRUX poden ser modificadas ou alteradas por outros plans (ordenación territorio, agrícolas, forestais).

Non obstante, a normativa de impacto ambiental ten aspectos que debater. En primeiro lugar, a idoneidade dos parámetros que fixan a obrigação para levar a cabo un proceso de avaliación, que no caso de novas plantacións que poidan afectar a Espazos Naturais Protexidos se fixa en 10 ha¹⁹ e fóra de espazos naturais protexidos en 50 ha²⁰. Ambos os valores son excesivamente grandes para a realidade galega (no que o tamaño medio da parcela forestal é menor de 0,25 ha), o que determina que a maioría destes procesos se realicen finalmente sen estudo de impacto ambiental.

Resulta necesario considerar unha modificación destes parámetros para o caso de Galicia, pero paralelamente tamén resulta necesario valorar a necesidade de mellorar os procesos de avaliación ambiental, e neste proceso de mellora sería conveniente promover unha ruptura da dependencia estrutural e xerárquica entre os órganos que realizan a avaliación e os cargos políticos e directivos da propia Administración. É moi recomendable que o órgano responsable da avaliación ambiental sexa totalmente independente do control político.

Por outro lado, é necesario tamén reconsiderar o procedemento de autorización daqueles proxectos que, polas súas características, non son

¹⁹ Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, BOE 296, do 11 de decembro de 2013. Anexo I, grupo 9, epígrafe a).

²⁰ Ibidem, Anexo II, grupo 1, epígrafe b).



susceptibles de ser resoltos por un procedemento de avaliación ambiental e que son asumidos e resoltos polos propios servizos administrativos. Se para a avaliación de impacto é necesario garantir a independencia, obxectividade e transparencia, tamén resulta necesario no procedemento administrativo de autorización, que en moitos casos está suxeito ás decisións políticas. O bo labor destes servizos tamén se ve obstaculizado por unha destacable falta de medios, particularmente de medios humanos, do persoal encargado da vixilancia ambiental.

Finalmente, debe reconsiderarse a adecuación do Código Penal no referido á protección ambiental, no que resulta necesario unha reforma profunda incorporando os aspectos expostos a partir da entrada en vigor da Lei 42/2007²¹. No momento actual, infraccións ambientais similares poden circunscribirse ou ben á vía administrativa ou ben poden ser susceptibles de ser consideradas por vía penal.

5.2. O monte nas Directrices de Ordenación do Territorio

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), como instrumento que ten que ofrecer unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos e para as actuacións con incidencia no territorio, recollen a necesidade de actuar ante a redución na importancia territorial das actividades primarias para definir unha nova estrutura de usos no medio físico e para a recuperación do medio natural e de novos equilibrios ambientais.

O abandono de terras é visto polas DOT como unha oportunidade para ampliar a dispoñibilidade de recursos naturais, aumentando a diversidade e a riqueza ecolóxica do territorio, aínda que advirten que ese proceso se podería converter nun proceso de deterioración se non é controlado. Así, o incremento da superficie arborizada con fins produtivos e de conservación é visto como unha das opcións na ordenación dos recursos naturais de Galicia considerando á par a restauración dos hábitats naturais e a reforestación como usos permanentes con baixos custos de mantemento.

Esas accións de extensión da superficie forestal propostas terían que diversificarse abarcando, por unha banda, iniciativas de reforestación dirixidas a un aproveitamento silvícola como actividade produtiva con gran potencial económico e, por outra, accións forestais que permitan o incremento da extensión dos hábitats de interese comunitario de estrutura arbórea (carballeiras, soutos, bosques de ribeira), aumentando a

²¹ Ley 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, de 14 de decembro de 2007.



biodiversidade, a calidade do medio natural de Galicia e as oportunidades de desenvolvemento das comunidades rurais. Neste tipo de iniciativas, a recuperación dos corredores fluviais e das zonas húmidas constituiría un ámbito prioritario.

En desenvolvemento destes criterios, as determinacións orientativas referidas ao patrimonio natural²², inclúen, cando as actividades agropecuarias sostibles non sexan viables, e, como parte dun modelo de ordenación e xestión sostible do territorio, a introdución de usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio, entre as que consideran prioritarias as accións de reforestación. Porén, nesas accións tamén inclúen promover a protección e valorización da actividade agraria como factor de mantemento da paisaxe e da naturalidade e o fomento de especies autóctonas, minimizado a presenza de especies invasoras.

Cando tratan da agricultura, gandería e aproveitamentos forestais as determinacións das DOT²³ establecen a obriga á Xunta de Galicia de cartografar as zonas do territorio de maior aptitude agrogandeira e forestal, tendo en conta, entre outros criterios, as condicións edafoclimáticas, orografía, usos actuais e evolución pasada, os valores culturais asociados a estruturas e usos, así como a presenza de explotacións agrogandeiras e forestais, e a consideración dos distintos aproveitamentos forestais (madeira, froitos e pastos, entre outros). Esta zonificación integrárase no sistema de ordenación territorial de Galicia por medio dun Plan de ordenación de medio físico (POMF)²⁴ para o conxunto de Galicia, que ademais establecería as condicións que permitan o cambio de uso en cada ámbito territorial.

²² Determinacións orientativas (vinculantes segundo DT2ª b) LOT) 7.1.2 d.4.

²³ Determinacións excluíntes (de aplicación directa segundo DT2ª a) LOT) 3.3.2.

²⁴ A vixente LOT na súa Disposición transitoria terceira. Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, plans de ordenación do medio físico e programas coordinados de actuación establece:

1. As referencias e as remisións da lexislación e dos instrumentos de ordenación do territorio aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e aos plans de ordenación do medio físico previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán considerarse realizadas, respectivamente, aos proxectos de interese autonómico e aos plans territoriais especiais definidos nesta lei.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos para os que as Directrices de ordenación do territorio remiten a súa ordenación aos denominados plans de ordenación do medio físico ou aos programas coordinados de actuación na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán ser desenvolvementos polas figuras de ordenación establecidas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou na materia sectorial relacionada co ámbito afectado, ou ben a través dun plan territorial integrado, dun plan sectorial ou dun plan territorial especial, segundo os seus obxectivos concretos.



A Xunta de Galicia obrígase tamén nas DOT²⁵ a promover a xestión forestal sostible, entendendo por tal a que recolle nas súas actuacións o equilibrio das funcións produtivas, sociais e ecolóxicas dos terreos forestais, e a fomentar os modelos de xestión forestal baseados na xestión conxunta dos aproveitamentos e apoiados en plans con enfoques territoriais integrados promovendo, entre outras, a produción forestal sustentable, as outras actividades agrarias presentes na área, a calidade paisaxística, as funcións ecolóxicas e a prevención de riscos ambientais, nomeadamente os incendios forestais e as inundacións.

As DOT establecen para a aplicación desas determinacións sectoriais que a Consellería do Medio Rural poderá elaborar para o conxunto de Galicia un POMF no que se definirán as áreas territoriais con idoneidade actual ou potencial para a explotación agrícola, gandeira ou forestal, ou que pola súa riqueza paisaxística ou ecolóxica deban ser obxecto de protección especial. Así mesmo, neste POMF estableceríanse para cada ámbito territorial específico as condicións que permitan o cambio de uso. Así mesmo, poderíase elaborar un POMF para a xestión de terras de Galicia, que pretenda unha mellor implantación territorial das actuacións de xestión de terras como as relativas á concentración parcelaria, ao Banco de Terras, á ordenación forestal etc.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTA) volveu sobre a necesidade de identificar as zonas do territorio de maior aptitude agrogandeira e forestal e define no seu artigo 25 o Catálogo de Solos Agropecuarios e Forestais de Galicia como instrumento marco para a ordenación e xestión do desenvolvemento dos usos destes solos sobre o territorio galego. Este Catálogo deberá clasificar a totalidade dos terreos agroforestais diferenciando, a partir da análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos, os agropecuarios e os forestais en función da súa aptitude produtiva actual e potencial, procurando unha distribución axeitada destes usos no territorio galego e favorecendo o seu desenvolvemento fronte ao abandono da terra agroforestal. O Catálogo non só debe identificar os solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal, senón tamén establecer a regulación de usos permitidos, prohibidos e autorizables neses terreos.

Os instrumentos que as DOT consideran apoio necesario para desenvolver os modelos de xestión forestal aos que se refiren como plans de xestión con enfoques territoriais integrados comprenden os Plans de Ordenación de Recursos Naturais, os Plans de Uso e Xestión e os Plans de Ordenación de Recursos Forestais.

²⁵ Determinacións excluíntes (de aplicación directa segundo DT2ª a) LOT) 3.3.5.



Os dous primeiros, aos que xa nos referimos no apartado anterior, son instrumentos de planificación dos recursos e dos espazos naturais que hai que protexer recollidos na Lei de patrimonio natural con distinto alcance xeográfico e diferentes obxectivos. Aos plans de ordenación dos recursos naturais (PORN) correspóndelles a delimitación, tipificación, a integración na rede de espazos naturais e a determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e dos recursos naturais dun determinado ámbito espacial. Os plans reitores de uso e de xestión son instrumentos de planificación da xestión específicos de cada parque ou reserva natural que desenvolven os PORN establecendo as directrices de actuación no seu ámbito de aplicación para garantir a conservación, a protección e a mellora dos valores ambientais presentes neles e para fomentar a investigación e un uso público sustentable. A planificación forestal debe someterse nos espazos naturais protexidos, como resulta evidente, ás directrices que establecen os instrumentos de xestión deses espazos.

Así, como único instrumento de xestión forestal territorial, os *Plans de ordenación dos recursos forestais* son os plans que recolle a Lei de montes como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente cada distrito forestal, considerados como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas, e que terán carácter obrigatorio ou indicativo respecto doutros plans, programas sectoriais ou actuacións.

O seu contido é o propio da ordenación do espazo forestal, a partir da descrición e a análise dos montes e dos seus recursos, das posibilidades de produción forestal e da demanda da industria forestal. Deben definir a zonificación por usos e vocación do territorio, establecendo para cada zona os obxectivos, as compatibilidades e as prioridades, e sinalando os ámbitos de solo rústico con valor forestal para os efectos da súa categorización como de especial protección forestal nos instrumentos urbanísticos e de ordenación do territorio. Tamén lles corresponde analizar a paisaxe existente nese territorio, competencias que como veremos a normativa de paisaxe lles reforza e amplía, analizar os seus usos e os aproveitamentos actuais, en particular os usos tradicionais, así como as figuras de protección existentes, incluíndo as vías pecuarias.

As DOT sitúanse, nesa consideración do abandono da actividade agraria como oportunidade, diante da forestación con fins produtivos como alternativa de uso e novas función do territorio, co límite dunha xestión forestal sostible compatible coa biodiversidade e calidade do medio natural, coa calidade paisaxística, aspectos dos que fai un recoñecemento, en certa medida retórico, igual que o fai do papel da actividade agraria. Porén, os instrumentos necesarios para acadar esa



xestión forestal sostible son materia pendente da ordenación do territorio de Galicia.

Como instrumento básico para planificar a distribución equilibrada dese uso no territorio o Catálogo de Solos Agropecuarios e Forestais de Galicia, cartografía, zonificación ou POMF como se referiron as DOT ao instrumento con ese contido, é imprescindible. Porén, aínda en xaneiro do ano 2022 a Xunta de Galicia acaba de contratar a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) o Servizo de información xeográfica para a planificación da ordenación e xestión de usos das terras agroforestais de Galicia, co fin de elaborar o Mapa de usos de Galicia actual, con data de referencia 2020/2021, así como o histórico a data de 1956, e a proposta de sistemas agrarios de alto valor natural de Galicia considerando este instrumento de planificación como punto de partida para a planificación e xestión de usos agroforestais mediante a posterior elaboración dos catálogos de solos agropecuarios e forestais. En xaneiro de 2022 formalizouse o contrato de dous dos tres lotes licitados e, dado que a realización da base de datos xeográfica contratada ten un prazo de catorce meses, sería a partir de maio de 2023 cando a Xunta de Galicia podería dispoñer do mapa de usos agroforestais actuais, do mapa de usos agroforestais de Galicia históricos (1956/57) e da análise e identificación do Catálogo de sistemas agrarios de alto valor natural e iniciar a planificación territorial destes usos²⁶.

As previsións para os Plans de ordenación dos recursos forestais que deben desenvolver os modelos de xestión forestal das DOT están establecidas no Plan Forestal de Galicia que sitúa o inicio da súa elaboración a partir do ano 2025, unha vez que se teña elaborado e publicado o Inventario Forestal Continuo de Galicia, fixando o ano 2030 como horizonte para que todos os distritos forestais dispoñan do seu PORF.

5.3. O Plan Forestal

Na lexislación forestal, o procedemento para un desenvolvemento territorial progresivo da actividade forestal establécese a partir do Plan Forestal Galego, no marco do Plan Forestal estatal, a planificación para o ámbito dos distritos a través dos plans de ordenación dos recursos forestais e os proxectos de ordenación de montes como instrumentos de xestión forestal de montes ou parcelas forestais.

²⁶ <https://agader.xunta.gal/gl/planificacion/mapa-de-usos-agroforestais-de-galicia/> (Consulta 08.02.2022)

<https://www.contratosdeg Galicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=gl&ID=800&N=32&OR=32&SO RT=2&ORDER=2> (Consulta 28/03/2022).



O Plan Forestal está definido na Lei de montes como un instrumento básico de planificación forestal para o deseño e a execución da política forestal galega, no que se avalía a situación do monte galego e se establecen as directrices e os programas de actuación da política forestal de Galicia, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.

Galicia conta desde o ano 1992 cun Plan Forestal²⁷ que foi revisado no ano 2021²⁸. Na revisión do Plan Forestal establecéronse seis eixes que se corresponden cos obxectivos estratéxicos da revisión:

1. A mellora da contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural e á prestación doutros servizos ambientais.
2. A protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.
3. A xestión forestal activa e a loita contra o abandono.
4. O desenvolvemento da cadea de valor da madeira.
5. O desenvolvemento e mellora do coñecemento a través da información, formación e investigación forestal.
6. O deseño dun modelo de gobernaza. Planificación, ordenación e gobernanza.

Dentro do primeiro dos eixes inclúese o programa de fomento de xestión activa de masas de frondosas autóctonas, o desenvolvemento regulamentario do Rexistro Administrativo de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, o Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto, cun obxectivo de redución do 5 % no horizonte de 2036-2040, medidas de fomento e directrices para a conservación e mellora da biodiversidade e da

²⁷ Este plan ten o carácter de plan sectorial definido no artigo 35 da LOT como instrumento de ordenación do territorio que ten como obxecto ordenar e regular a implantación territorial das actividades sectoriais que se sinalan no número 2 (as agroforestais son unhas das sinaladas), establecendo, se é o caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza.

Entre as funcións atribuídas a estes plans están, ademais da planificación do sector de actividade ao que se refiren, procurar a coherencia das planificacións sectoriais e urbanísticas para acadar un desenvolvemento territorial sustentable e equilibrado, propiciar a utilización adecuada, racional e equilibrada do territorio, en canto recurso natural non renovable, e o desenvolvemento territorial eficiente e racional das actividades, e concretar e completar os obxectivos, os principios, os criterios e as propostas de carácter sectorial das Directrices de ordenación do territorio.

²⁸ Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica.



multifuncionalidade e doutros valores do monte, entre os que incorpora a conservación de elementos naturais e patrimoniais nos montes e a ordenación do uso socio-recreativo en montes periurbanos.

No quinto eixe do Plan recóllese o desenvolvemento do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG), que mellore a información en canto á frecuencia, desagregación por especies e resolución espacial. Este instrumento, xunto co Catálogo de solos de alta produtividade e aptitude forestal, é básico para o desenvolvemento dos Plans de Ordenación dos recursos forestais que se recolle no sexto eixe co horizonte temporal 2025-2030.

No procedemento de avaliación ambiental estratéxica deste Plan puxéronse de manifesto aspectos que requirirían un tratamento específico para unha axeitada integración dos aspectos ambientais ligados en gran medida coa ordenación e planificación forestal²⁹, como son:

- Inventario Forestal continuo, que tamén debe servir para detectar as plantacións e cortas realizadas á marxe da lexislación vixente, así como a superficie ocupada con eucalipto sobre terreos agrícolas, zonas con vexetación de ribeira ou bosques autóctonos, reforestacións e novas plantacións intercaladas de eucaliptos en superficies poboadas por especies do anexo I ou dentro da banda de 15 m de distancia a canles fluviais de máis de 2 metros de ancho.
- O Plan Forestal é un instrumento que non está a considerar a zonificación por usos e vocación do territorio, polo que é urxente desenvolver os PORF como instrumento de planificación. A clasificación do solo forestal e dos terreos de alta produtividade forestal, no marco dunha ordenación e planificación conxunta dos usos agroforestais, permitiría garantir a localización deses usos nas zonas máis aptas para eles, atendendo simultaneamente á aptitude e a garantir unha paisaxe de calidade. Dentro desa planificación territorial é importante a planificación da rede viaria forestal, que debe reducir o impacto das pistas actuais e evitar a creación doutras novas xa que son unha importante causa de erosión.
- A planificación forestal debe atender á súa incidencia na configuración paisaxística do territorio galego, de aí a importancia de incrementar a superficie ocupada por frondosas caducifolias, adoptar as medidas necesarias para

²⁹ https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave?p_p_id=aaeKeyword_WAR_aae&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-2&p_p_col_count=1&_aaeKeyword_WAR_aae__spage=%2Fportlet_action%2Faae%2FdetalleProxecto%3Fid%3D1839&_aaeKeyword_WAR_aae_id=1839



asegurar a integración paisaxística das novas repoboacións forestais, xustificar a integración e adecuación á paisaxe dos modelos silvícolas, e de adoptar criterios paisaxísticos nas actuacións en áreas de especial interese paisaxístico (AEIP). Desde a perspectiva da paisaxe reclámase atender á formación de masas mixtas promovendo a aparición e mantemento de frondosas autóctonas que proporcionen máis estabilidade ao ecosistema forestal e favorecendo a descontinuidade das masas monoespecíficas conforme ao que establecen as Directrices da paisaxe.

Cuestiónase que a rede de infraestruturas verdes en terreos forestais se limite a usos socio-recreativos e unicamente nos montes periurbanos e que non se teñan en consideración todos os obxectivos desa rede, entre os que se atopa o papel do monte nos servizos ecosistémicos e a conectividade ecolóxica. Por iso se sinala que se deben considerar parte desa rede os corredores e as zonas de alta conectividade entre tipos de hábitat de interese comunitario, os montes de utilidade pública, os montes protectores, os montes veciñais en man común sometidos a plans de xestión, as zonas inundables, as áreas forestais de alto valor natural ou as incluídas en plans de razas autóctonas gandeiras que recolle a estratexia nacional de infraestrutura verde como elementos potenciais desa rede. A xestión dos montes periurbanos non se debe limitar á xestión para manter estruturas de baixa combustibilidade e debe incluír o fomento da multifuncionalidade ambiental, a eliminación da vexetación exótica, a recuperación da vexetación autóctona ou a rexeneración de hábitats naturais.

A redución da superficie con presenza de eucalipto nunha porcentaxe do 5 % considerárase un mínimo de partida que debe ser revisado co desenvolvemento do Inventario e dos PORF. A substitución de eucalipto non se pode limitar á transformación de eucaliptais degradados con base en criterios de baixa produtividade forestal e afectación por pragas, senón que debe atender tamén a criterios ambientais, como, por exemplo, dar prioridade á recuperación de terreos en que as plantacións se realizasen sobre hábitats naturais de interese comunitario prioritarios, como os bosques aluviais, os brezais húmidos e as turbeiras.

O concepto de monte protector e o programa que establece o Plan non se debe limitar a montes ou terreos forestais que teñan un especial carácter protector do solo e regulador do ciclo hidrolóxico, senón que se debe ampliar a montes protectores con outras finalidades ambientais, como as de contribuír á conservación da diversidade biolóxica ou as vinculadas á protección e mellora da calidade de vida da zona ou ao lecer e esparexemento dos cidadáns.



Nos bosques de ribeira, polo seu papel na protección do dominio público hidráulico, como corredores ecolóxicos, por representar hábitats de interese comunitario e como elementos conformadores da paisaxe, as actuacións deben ter como finalidade a restauración ambiental e non aplicar modelos silvícolas destinados á produción.

Bótase en falta ter en conta a necesidade da mellora xenética de especies autóctonas e de desenvolver novos usos para estas especies, a necesidade de corrixir os efectos ambientais dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais e das infraestruturas que consideran e de medidas de prevención de novas invasións de especies exóticas e de detección e erradicación temperá.

A resolución pola que se estima ambientalmente viable a «1ª Revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica» incluíu recomendacións no sentido dalgúns dos aspectos sinalados que deberían ser incorporadas ao plan, en moitos casos formuladas como suxestións ou expresións de posibilidades que considerar.

Na revisión do Plan Forestal podemos dicir que son citados os valores culturais relacionándoos coas limitacións produtivas que supoñen, porén non son considerados na ordenación. O patrimonio cultural é obxecto de preocupación como obxecto dunha das normativas sectoriais que afectan o sector forestal que se inclúen na proposta de racionalizar, simplificar a regulación e a operativa burocrática, ámbitos en que, como veremos, xa se leva tempo lexislando nesa dirección. Sinala o Plan a existencia de «atracos», especialmente en relación co Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e co Camiño de Santiago.

5.4. A ordenación dos solos agropecuarios e forestais

A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTA) derogou o artigo 61 da Lei de montes, que puxera límites á forestación de terras agrarias vinculándoa co estado manifesto de abandono e encomenda ao futuro Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia a clasificación destes solos e a identificación dos de alta produtividade, e establecendo o carácter vinculante desas determinacións para a ordenación territorial e o planeamento urbanístico.

Estableceu esta lei, ademais do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia xa citado, outro instrumento necesario para a ordenación territorial deses usos, o Mapa de usos agroforestais de Galicia, que debe reflectir o uso da terra no momento da súa elaboración, mentres que o Catálogo atende á súa aptitude produtiva actual e potencial e debe garantir unha superficie agraria útil próxima á media nacional ou europea. É a este último ao que se atribúe definir as normas e os criterios para a



regulación dos usos dos terreos agropecuarios e forestais nas diferentes zonas delimitadas polo Catálogo que determinará a clasificación urbanística deses solos. Mentres non estea aprobado o Catálogo, mantense o uso dos solos rústicos de especial protección agropecuaria ou forestal seguindo a súa clasificación.

Esa clasificación corresponde á normativa e planeamento urbanístico e na Lei do solo de Galicia vincúlase pola súa vez ao Catálogo oficial que os defina, e ata o ano 1992 cando a LOUGA definiu o Solo rústico de protección agropecuaria e o Solo rústico de protección forestal non estaba regradada. Nesa regulación, a súa clasificación atendía ás súas características, á existencia de explotacións, que se tratase de terreos concentrados no caso da protección agropecuaria, e á existencia de explotacións forestais, de masas arbóreas no caso da protección forestal. Nesta última clase tamén se incluían terreos de monte sen masas arbóreas, pero que se considerase que debían ser protexidos por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo.

Nos solos que actualmente están clasificados como solos rústicos de protección ordinaria, segundo establece a LRTA, mentres non estean aprobados os catálogos oficiais de solos agropecuarios e forestais, manterase o uso forestal cando neles se veñan desenvolvendo aproveitamentos dos recursos forestais. Aqueles que se atopen en situación de abandono só se considerarán como montes ou terreos forestais previo recoñecemento oficial desa condición atendendo ao seu uso recollido no SIXPAC, á relación con outros terreos forestais e aos datos de actividade forestal existentes no órgano forestal. Nestes terreos non se entende como cambio de uso do solo a recuperación do uso forestal.

No territorio dos concellos con planeamentos non adaptados á LOUGA ou que non contan con planeamento, o solo rústico de protección agropecuaria límitase aos terreos que foron obxecto de concentración parcelaria (art. 34.2 a da LSG) e os de protección forestal aos montes veciñais en man común (art. 34.2b da LSG) os únicos, xunto cos terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos considerados como solos rústicos de protección de espazos naturais, que teñen a súa clasificación establecida na LSG.

Así, mentres non se desenvolve o Catálogo, os usos atenden, cando existe, porque a maior parte dos planeamentos vixentes non categorizan o solo rústico, a unha clasificación urbanística que non pode considerarse

rigorosa e que, no mellor dos casos, recolle o uso dos terreos no momento de elaboración do planeamento, sen atender outros criterios.

5.5. A paisaxe na planificación e ordenación forestal

Na elaboración dos Catálogos das paisaxes de Galicia, nas xuntanzas do Panel de expertos para identificar as principais causas e dinámicas que afectaban os diferentes tipos de paisaxes, as repoboacións forestais, a súa expansión, figura en todas as Áreas Paisaxísticas nunha posición destacada³⁰.

Táboa 14. Dinámicas da paisaxe en cada unha das Grandes Áreas Paisaxísticas

Mesa occidental	Mesa central	Mesa oriental
A Mariña – Baixo Eo 1. Diminución da superficie de bosque, mato e dos agrosistemas extensivos tradicionais. 2. Expansión das repoboacións forestais. 3. Expansión na costa das áreas urbanas residenciais. 4. Industrialización.	Galicia Central 1. Expansión das repoboacións forestais. 2. Expansión dos usos agrícolas intensivos. 3. Abandono e cambios na actividade agrogandeira. 4. Expansión do solo artificial	Serras Orientais 1. Revexetación espontánea. 2. Abandono do rural. 3. Crecemento da urbanización nos núcleos comarcais. 3. Expansión de parques eólicos e canteiras. 4. Repoboacións forestais. 5. Incendios. 6. Incipiente turismo da natureza. 7. Extensión das novas construcións.
Galicia Setentrional 1. Abandono de núcleos rurais e decadencia de certas zonas urbanas. 2. Expansión das repoboacións forestais. 3. Expansión do uso extractivo e dos parques eólicos.	Chairas e Fosas Luguesas 1. Extensión de terreos agrícolas. 2. Perda da superficie de turbeiras. 3. Expansión de repoboacións forestais. 4. Abandono e cambios na actividade agrogandeira. 5. Expansión do solo artificial	Serras Surorientais 1. Revexetación espontánea. 2. Abandono do rural. 3. Crecemento da urbanización nos núcleos comarcais. 3. Expansión de parques eólicos e canteiras. 4. Repoboacións forestais. 5. Incendios. 6. Incipiente turismo da natureza. 7. Extensión das novas construcións.
Golfo Ártabro 1. Extensión do solo rururbano. 2. Industrialización. 3. Expansión das repoboacións forestais.	Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil 1. Expansión de repoboacións forestais. 2. Perda de bosque natural e seminatural. 3. Abandono da terra agrícola. 4. Viñado. 5. Expansión do solo artificial	Chairas, Fosas e Serras Ourenás 1. Revexetación espontánea. 2. Abandono rural. 3. Expansión de parques eólicos e canteiras. 4. Repoboacións forestais. 5. Incendios. 6. Incipiente turismo da natureza. 7. Extensión das novas construcións.
Chairas e fosas occidentais 1. Degradación das paisaxes costeiras (brezais, industrialización, etc.). 2. Empobrecemento dos ecosistemas dos ríos. 3. Diminución do bosque autóctono e de agras.		
Rías Baixas 1. Procesos de urbanización. 2. Expansión das repoboacións forestais. 3. Extensión das paisaxes de viñedos. 4. Desenvolvemento de novas infraestruturas.		
Costa Sur, Baixo Miño 1. Expansión das repoboacións forestais. 2. Expansión da urbanización. 3. Expansión dos viñedos. 4. Incendios.		

Figura 4. Dinámicas da paisaxe en cada unha das grandes áreas paisaxísticas (Memoria do *Catálogo das paisaxes de Galicia*, fig. 14, páx. 89, https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudios_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Catalogo_paisaxe_galicia/seccion.html&std=Descarga.html).

³⁰ https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-cmaot/Documentos_DXSP/Paisaxe/Catalogo_paisaxe/00_Memoria_b.pdf, páx 89.



O *Catálogo das paisaxes de Galicia* inclúe as repoboacións forestais con especies alóctonas dentro dos Ámbitos de Especial Atención Paisaxística³¹ en Galicia e sinala que gran parte dos 18 ámbitos identificados como degradacións paisaxísticas ocasionadas por usos agroforestais corresponden a repoboacións forestais. Identifica como un dos principais retos para a conservación da paisaxe de Galicia a regulación e planificación das repoboacións forestais con especies alóctonas.

Malia o sinalado, a continuación limita a consideración como AEAP ás zonas con repoboacións forestais con especies alóctonas incluídas en Ámbitos de Especial Atención Paisaxística. Esta consideración, contrariamente ao que sinala o Convenio Europeo da paisaxe, que recoñece todas as formas das paisaxes, tanto as emblemáticas coma as ordinarias, pon de manifesto unha consideración da paisaxe centrada nos ámbitos singulares, lonxe do concepto de «xestión das paisaxes» que o convenio define e que ten como finalidade a de guiar e harmonizar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e medioambientais.

Para as AEIP as Directrices da Paisaxe (DP) establecen como obxectivo de calidade paisaxística *unhas plantacións forestais con especies alóctonas reguladas e planificadas cos axeitados instrumentos de ordenación e xestión e que minimicen a súa incidencia nas áreas de especial interese paisaxístico*. É dicir, asume a compatibilidade dese tipo de plantacións con eses espazos singulares e traslada medidas e accións de carácter xeral aos instrumentos de ordenación forestal, a futuras Guías de integración paisaxística e ás medidas de fomento das plantacións de especies autóctonas.

Porén, atendendo a esa especial incidencia das repoboacións forestais na evolución das paisaxes, as DP suman novas funcións e contidos aos instrumentos de planificación e ordenación forestal en relación cos obxectivos de calidade paisaxística e, a partir da obriga da administración de impulsar eses instrumentos e de integrar a consideración da paisaxe nas súas determinacións, establece unhas determinacións de carácter xeral para estes instrumentos e outras relativas ás áreas de especial interese paisaxístico.

As normas de carácter xeral das DP comprenden unha serie de medidas para incorporar nos instrumentos de planificación forestal, entre as que están conservar e recuperar a diversidade de especies e ecosistemas, asegurar a conservación do patrimonio etnográfico e arqueolóxico nos

³¹ Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP): aquelas zonas en que se produciron alteracións ou impactos en relación coa paisaxe, é dicir, nas que diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe.



montes, xustificar a integración e adecuación á paisaxe dos modelos silvícolas e incluír criterios de integración paisaxística nas medidas de xestión reducindo o seu impacto visual e paisaxístico (cortas), a eliminación das especies invasoras e a prevención da súa expansión e evitar o trazado de novas pistas forestais.

Outro conxunto de normas que establecen as DP, aínda que non se sinala explicitamente, son medidas que tamén corresponde aplicar aos instrumentos de planificación forestal. Entre elas: evitar a regresión dos bosques de frondosas autóctonas e procurar a súa expansión, favorecendo a súa conservación, mellora e repoboación e incrementar a superficie de frondosas caducifolias e a súa xestión activa e produtiva; controlar as especies nas marxes dos cursos fluviais, nas bacías visuais desde as infraestruturas de comunicación e desde os asentamentos de poboación; prohibir as plantacións en solo rústico de protección agropecuaria e recuperar os terreos plantados; a formación de masas mixtas nas repoboacións (especies acompañantes da principal, especialmente frondosas autóctonas) e favorecer a descontinuidade de masas monoespecíficas e salvagardar a persistencia da masa forestal nos aproveitamentos forestais.

Finalmente, as DP establecen normas en relación coas AEIP que se aplicarían a través dos instrumentos de ordenación forestal, como a de limitar as novas repoboacións forestais de eucalipto e substituír as masas de eucalipto existentes por especies máis axeitadas, frondosas autóctonas, nestas áreas; a través do informe do órgano competente en materia de paisaxe que avaliará a repercusión das novas repoboacións nos valores paisaxísticos nestas áreas ou a través de medidas de fomento para incentivar nestas áreas os bosques autóctonos.

O Regulamento da Lei da paisaxe establece a obrigatoriedade dos estudos de impacto e integración paisaxística nos proxectos suxeitos a avaliación de impacto ambiental ordinaria. Porén, esta avaliación só está establecida para aqueles proxectos que se desenvolvan en Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais cando establezan un aproveitamento forestal madeireiro sobre áreas incultas nunha superficie maior de 10 ha³². Aínda que a obriga de realizar este estudo de impacto e integración paisaxística tamén se recolle nos proxectos que se sometan a avaliación ambiental simplificada cando afecten áreas de especial interese paisaxístico e unha superficie superior a 10 hectáreas novamente, esta

³² Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental. Anexo I.



avaliación simplificada só está establecida para repoboacións forestais que afecten unha superficie maior a 25 ha³³.

En resumo, o estudo de impacto paisaxístico só é preceptivo en plantacións en Rede Natura en superficies maiores a 10 ha sobre áreas incultas e en plantacións en superficies maiores de 25 ha que afecten áreas de especial interese paisaxístico. As DP engadiron a obriga da súa incorporación nos instrumentos de ordenación forestal que se desenvolvan no ámbito das áreas paisaxísticas do interior (serras orientais, serras surorientais, ribeiras encaixadas do Miño e do Sil, chairas, fosas e serras ourensás, chairas e fosas luguesas e Galicia Central). Cómpre relacionar estas condicións coa situación da Rede Natura de Galicia e a súa ampliación pendente e coa estrutura da propiedade forestal en Galicia para decatarse de que a incidencia da avaliación do impacto das repoboacións forestais na paisaxe é mínima.

Insisten tamén as DP na necesidade dunha ordenación e planificación conxunta dos usos agroforestais atendendo a criterios de aptitude e a garantir unha paisaxe agraria de calidade. Esta ordenación require o desenvolvemento de instrumentos pendentes desde hai décadas, sen os que non é posible levala a cabo.

As medidas e instrumentos que teñen como finalidade a conservación da paisaxe de Galicia ante a incidencia das repoboacións forestais están sometidas ou vinculadas en gran medida á planificación agroforestal. Na situación actual da ordenación do territorio en Galicia, do agroforestal en particular, semella difícil, por non dicir imposible, compatibilizar o aproveitamento forestal coa preservación das paisaxes de valor natural e ecolóxico, da súa calidade, biodiversidade e singularidade, e acadar unhas paisaxes agrarias, gandeiras e forestais nas que a actividade produtiva sexa compatible co mantemento da estrutura paisaxística e cos valores históricos do territorio, aspiracións convertidas en obxectivos de calidade paisaxística na normativa de paisaxe³⁴.

6. EFECTOS DOS CULTIVOS FORESTAIS SOBRE A BIODIVERSIDADE

A área ocupada por especies do xénero *Eucalyptus* na Península Ibérica supera á existente noutros países europeos nunha orde de magnitude. Así, a superficie plantada con estas especies en España e Portugal supón

³³ Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental. Anexo II.

³⁴ Obxectivos xerais de calidade paisaxística, Anexo I, Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.



arredor de 1 480 000 ha, mentres que no resto de países europeos apenas supón arredor de 100 000 ha en conxunto (Tomé *et al.* 2021). Non é de estrañar, polo tanto, que en España e Portugal exista unha considerable preocupación social polos efectos ambientais deste tipo de cultivos. Afortunadamente, a bibliografía recente estudou esta cuestión con frecuencia.

Dado que a finalidade deste informe é avaliar a afección dos cultivos forestais ao patrimonio natural e cultural, tratamos neste apartado os efectos sobre o primeiro a través dos efectos sobre a biodiversidade. Para iso, atenderemos fundamentalmente a dous aspectos relacionados pero claramente diferenciados: por un lado, os efectos da posible substitución de bosque nativo por plantacións arbóreas con especies de crecemento rápido e por outro, os efectos xenéricos deste tipo de plantacións sobre a biodiversidade.

6.1. Efectos de substitución de bosque nativo

A información publicada nas últimas versións do Mapa Forestal de España (MFE50 e MFE25, correspondentes en Galicia a 1999 e 2009, respectivamente) indica que os eucaliptos constitúen o grupo de especies arbóreas que experimentou unha maior expansión no período recente en Galicia: aproximadamente 53 000 hectáreas de incremento neto nunha década (Corbelle Rico / Tubío Sánchez 2018). Cómpre ter en conta, non obstante, que este balance neto é o resultado de ganancias e perdas de área en localizacións diferentes: a superficie ocupada por masas de eucalipto de nova aparición no mesmo período foi de aproximadamente 133 000 hectáreas, das cales arredor do 50 % ocupou localizacións que anteriormente estaban ocupadas por masas de piñeiros ou mesturas de piñeiros e eucalipto, o 40 % ocuparon áreas previamente non cubertas por arborado e só o 5 % ocuparía áreas previamente ocupadas por frondosas distintas do eucalipto (arredor de 6900 hectáreas)³⁵. Non toda a superficie deste último grupo (frondosas distintas do eucalipto) se corresponde necesariamente con áreas de bosque: a categoría é relativamente imprecisa e inclúe plantacións de frondosas caducifolias exóticas e masas de rexenerado recente de especies nativas que aínda non teñen a diversidade ou estrutura que mereza o nome de bosque. Outra precisión importante é que as fontes citadas non capturan a expansión das masas de eucalipto nas provincias da Coruña e Lugo de anos recentes (dado que a última corresponde a 2009, catorce anos antes da publicación deste informe), na súa maioría asociadas ao uso da especie *Eucalyptus nitens*.

³⁵ O patrón tería sido similar no decenio 1989-1999 (Corbelle e Tubío, 2018).



En calquera caso, os resultados suxiren que a superficie de eucalipto non se incrementou, maioritariamente, á custa de áreas entre as que se poderían atopar bosques (aínda que si á custa dunha importante superficie doutros hábitats de interese comunitario, tanto prioritarios como non prioritarios³⁶). En comparación, moita máis superficie poboada con frondosas distintas do eucalipto pasaría a superficie non arborada (105 000 hectáreas entre 1999 e 2009), o que revela que a ameaza ao bosque nativo sería considerablemente maior pola competencia doutros usos do territorio, nomeadamente a produción de pasto e forrage para o gando. Con todo, aínda que no contexto de Galicia non sexa unha tendencia xeneralizada, existen localizacións específicas onde a ocupación de áreas de bosque por eucalipto está ben documentada, como por exemplo nas Fragas do Eume (Teixido *et al.* 2010; Cidrás 2018) ou na Fraga Gorda (Muras, Lugo). Aínda que localizada, a expansión de masas de eucalipto en espazos de especial valor ambiental pode chegar a representar un problema importante.

Por outra parte, aínda que na súa maioría as plantacións de nova implantación non se dispoñen en áreas ocupadas por formacións de bosque no pasado recente, cómpre ter en conta a existencia dun posible efecto de traslado que pode ser relevante. A maioría das plantacións con especies arbóreas de crecemento rápido compiten con outros usos produtivos da terra, particularmente cos destinados á produción agrícola ou gandeira. Con independencia do marco legal da ordenación do territorio, que debería poñer límites á aparición de plantacións en áreas de uso agrícola ou gandeiro recente, a observación a nivel do terreo e a bibliografía permite saber que son frecuentes as plantacións que ocupan este tipo de terreos. Por outra banda, na maior parte das áreas de forte actividade do sector agropecuario é común que as explotacións agrarias desexen incrementar a súa base territorial para acadar unha maior dimensión. A aparición de plantacións en parcelas próximas impide, na práctica, a transferencia dos dereitos de uso a estas explotacións, que a miúdo solicitan a corta de masas de especies nativas da súa propiedade a través da correspondente solicitude de cambio de uso. Estas solicitudes de cambio de uso son frecuentes e afectan a superficies relativamente pequenas na maioría dos casos, pero supoñen unha mingua progresiva de masas que cun manexo adecuado poderían ter un valor ambiental importante. En definitiva, se ben a maioría das plantacións non se producen sobre áreas anteriormente ocupadas por masas arbóreas de

³⁶ Por exemplo, breixeiras húmidas atlánticas de *Erica ciliaris* (4020*) e breixeiras secas europeas (4030).



maior valor ambiental, si é certo que a súa presenza incrementa a presión do sector agrícola e gandeiro sobre estas últimas.

6.2. Outros efectos ambientais das plantacións

Existe abundante bibliografía que evidencia que a riqueza de especies de diferentes grupos taxonómicos (plantas, aves, invertebrados...) é menor en plantacións de eucalipto que en masas de arborado nativo. Entre os exemplos podemos citar o traballo de Bas *et al.* (2018), Goded *et al.* (2019), Lomba *et al.* (2011) e Proença *et al.* (2010). En xeral, todos eles indican que, a igualdade de idade, tamaño de mancha e outros factores, as manchas de arborado nativo son máis diversas e serven de hábitat para un maior número de especies, particularmente para especies especialistas de bosque que as masas de eucalipto, coas masas de piñeiro nunha posición intermedia.

A bibliografía existente sobre os efectos ambientais das plantacións deste grupo de especies na Península Ibérica é abundante e coincide en sinalar a existencia de efectos ambientais negativos asociados ás plantacións de eucalipto, en comparación con plantacións doutras especies e, sobre todo, en comparación co bosque nativo (destacan, por exemplo, as revisións recentes de Elosegí *et al.* 2020 e Tomé *et al.* 2021). Entre os efectos documentados figuran:

- Cambios no réxime hidrolóxico: apréciase unha redución do caudal dos cursos situados augas abaixo. Este efecto é común para cambios de cuberta que impliquen a creación de masas arboradas, con relativa independencia da especie.
- Efectos sobre a fertilidade do solo, particularmente cando se aplica unha práctica de extracción completa da biomasa (incluíndo pólas e restos de corta ou raíces). Unha xestión orientada a extraer só unha parte da biomasa limita o esgotamento de nutrientes. En xeral, este e outros efectos sobre o solo dependen moito do tipo de xestión das masas e non tanto das especies utilizadas.
- Os estudos sobre diversidade de especies mostran que esta é sempre menor en plantacións de eucalipto que baixo outras cubertas (particularmente cando se compara con cubertas de arborado nativo). Se ben a natureza exótica das especies de eucalipto (e, polo tanto, a maior dificultade para establecer asociacións con especies nativas) e mesmo os efectos alelopáticos teñen influencia neste sentido, tamén é certo que o modelo de silvicultura intensiva ten tamén unha importante contribución



a este efecto: a intensidade das cortas, a extracción de residuos de corta e as afeccións ao solo.

● O risco de invasión (de *E. globulus*) pode considerarse baixo e facilmente controlable cun mínimo de xestión nas parcelas adxacentes. Cando isto non sucede, non obstante, a expansión pode darse con relativa facilidade. A expansión vese facilitada pola ocorrencia de incendios (que elimina a competencia), que pola súa vez tamén está asociada á falta de xestión. Sobre este aspecto existe controversia, evidentemente: as mesmas estimacións son cualificadas como «relativamente baixas» ou «considerables» por diferentes autores.

Algúns dos efectos están asociados de maneira inequívoca coas características das especies utilizadas. Outros, polo contrario, teñen máis que ver coas características da xestión realizada e a selección das áreas onde situar as novas plantacións que coas especies utilizadas. Por exemplo, os efectos sobre o ciclo hidrolóxico dependen en boa medida das áreas en que se realizan as plantacións, e unha planificación das plantacións que evite a súa realización en cabeceiras de cunca ou limite a proporción da área da cunca que se planta permitiría atenuar os efectos.

Nos últimos anos pasamos de explotacións realizadas á man ou con axuda de maquinaria manual ao uso xeneralizado de maquinaria pesada. Así, en distintas áreas de Galicia puidemos observar como se instalan novas plantacións de eucaliptos sobre áreas configuradas por hábitats prioritarios e de interese comunitario nas que con axuda de rozadoiras mecánicas e de pas escavadoras dispostas sobre eirugas se elimina toda a biocenose que cubría o terreo.

Nesta acción de «limpeza» elimínase calquera vestixio de vexetación e de fauna, destrúense sebes e peches, e altéranse as pequenos zonas húmidas e cursos que discorren polo terreo. Finalmente, os restos da vexetación distribúense pola superficie do terreo á vez que con axuda da maquinaria se procede a escavar grandes celas onde se plantan os eucaliptos. Este tipo de actividade estase a desenvolver en medianas ou grandes superficies, e na súa execución non se considera nin a conservación daqueles elementos singulares de carácter ambiental (zonas húmidas, pequenos cursos de auga, fontes etc.), nin tampouco resulta factible a persistencia doutros elementos que puidesen ter un valor paisaxístico ou cultural.

Nalgúns terreos constatouse o uso de herbicidas para tratar de controlar a vexetación natural tras a plantación.



O modelo de explotación das grandes superficies de eucaliptais resulta completamente destrutivo, en ningún caso permite salvagardar os compoñentes da biodiversidade, o patrimonio natural e o patrimonio cultural, e afástase completamente dos criterios de sustentabilidade.

Xunto co modelo mecanizado tamén se pode constatar a plantación manual de eucaliptos baixo o dosel arbóreo das fragas, a fin de dar como eucaliptais terreos que non o eran e favorecer a obtención das pertinentes autorizacións.

A case totalidade dos bosques nativos de Galicia correspóndese con hábitats de interese comunitario, a protección da cal, tanto dentro da Rede Natura 2000 como no resto do territorio, vén derivada, entre outras, polo artigo 45.3 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Pero esta protección e tamén a derivada doutras normativas autonómicas e estatais non resultan suficientemente efectivas para deter a perda de bosques nativos, especialmente de bosques de ribeira, carballeiras e bosques de encostas.

A insuficiencia da normativa de protección do medio natural agravouse nos últimos tempos a través dunha serie de modificacións dirixidas a facilitar a implantación e o desenvolvemento das iniciativas empresariais removendo controis e procedementos de protección ambiental que son considerados «cargas administrativas innecesarias ou accesorias»³⁷.

Nesta liña, a Disposición derradeira terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia modificou a Lei de conservación da natureza equiparando os cultivos forestais ás actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos, excluindo os aproveitamentos madeireiros nas zonas de especial protección dos valores naturais da autorización da Consellería de Medio Ambiente.

Finalmente, a través da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, simplifícouse o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificado pola afección á Rede Natura, posibilitando a través do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que se aprecie se unha actuación produce ou non afección, e no caso de que este informe conclúa a inexistencia de afección, eximir a actuación da obriga de tramitar un procedemento de avaliación ambiental. O contido deste informe débese referir ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e ao plan de xestión do espazo e determinar se o

³⁷ Exposición de motivos da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



proxecto que desenvolver ten relación directa coa xestión do espazo, se é necesario para esa xestión ou se afecta de maneira apreciable as especies ou os hábitats obxecto de conservación.

7. O PATRIMONIO CULTURAL DO MONTE

O monte desempeñaba un papel de grande importancia no ecosistema agrario campesiño, tanto pola diversidade de nichos ecolóxicos como pola diversidade de entidades culturais configuradas ao longo do tempo, e como tal é necesario protexelo con urxencia. Os nosos montes non son un espazo en que non pasa nada, non son espazos baleiros. Ao contrario, neles materialízase unha gran parte do noso percorrer histórico como ser humano.

A continuación tentaremos amosar o valor cultural do noso monte, paisaxe que é froito dunhas prácticas sociais agrarias de longo percorrido histórico, que ata ben pouco funcionou como tal e cuxas pegadas aínda podemos atopar na súa superficie e no imaxinario colectivo, resistíndose a ser borradas polas inclemencias do presente globalizador que homoxeneiza as formas produtivas e aniquila a pegada cultural senlleira.

Partindo do concepto de paisaxe e, consecuentemente, de paisaxe cultural, mostraremos a multiplicidade de espazos ecolóxicos, evidenciados pola ampla diversidade do patrimonio cultural material e inmaterial. Prestaremos especial atención aos valados de terra xa que, ademais de funcionar como elementos que ordenan a paisaxe, son verdadeiros rexistros temporais da construción social e uso da paisaxe de monte. Como exemplo expóñense diferentes estudos de caso cuxos resultados, desde o punto de vista formal e cronolóxico, ofrecen una ampla visión diacrónica da formación desta paisaxe de monte desde a Alta Idade Media ata a actualidade. No subapartado 7.4.3. faremos unha aproximación á lexislación vixente sobre o patrimonio inmaterial. E, finalmente, amosamos unha serie de recomendacións de boas prácticas sobre patrimonio cultural para a salvagarda dos montes ante a sobreexplotación de cultivos intensivos como o eucalipto.

7.1.0 concepto de paisaxe e a lexislación en torno a súa protección

A paisaxe é o resultado dun sistema dinámico, fai referencia ao aspecto visual que ofrece un territorio e dependerá dos elementos naturais de partida e das actividades humanas que se desenvolven no tempo. En termos xerais, podemos dicir que sobre o planeta non existen paisaxes



naturais, que todas as paisaxes foron alteradas pola acción humana en maior ou menor medida, sexa por causas directas (o que implica unha transformación directa do medio) ou sexa por causas indirectas (a contaminación dunha mina a ceo aberto cuxas partículas máis volátiles se fixan nos rexistros medioambientais alterando as paisaxes e os seus ecosistemas a quilómetros de distancia). Polo tanto, o grao de transformación do medio natural por parte do ser humano (os denominados procesos de antropización) é moi variable pero tamén constante e prolongado no tempo. Estes procesos antrópicos están directamente ligados á cultura. Por iso falaremos de **paisaxes culturais** que fan referencia á porción do territorio que alberga determinadas entidades (naturais, históricas, monumentais, arqueolóxicas etc.) pero que só existe desde o momento en que esta paisaxe é apreciada por quen a observa (Ballesteros-Arias 2019: 55-57), por cada un de nós. É un produto cultural simbiótico, configurado polas prácticas sociais intencionais e non intencionais levadas a cabo polas comunidades no percorrer do tempo. Por exemplo, a plantación de castiñeiros ou a construción de socalcos son unha transformación intencional que pode cambiar a toponimia do lugar de xeito non intencional.

Así mesmo, na **Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia (LPC)**, no seu artigo 10, defínese como «lugar identificable por un conxunto e calidades materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso de interacción e interpretación que unha comunidade fai do seu medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade», onde vemos que cobra relevancia a percepción e a memoria.

Hai unha ampla diversidade de tipos de paisaxes caracterizadas como agropaisaxes (Pérez-Alberti *et al.* 2014), que son aquelas en que dominan as actividades agrarias, gandeiras ou forestais, sustentadas no modo de vida tradicional, reflexo da interacción das comunidades co seu territorio a través da agricultura, gandería e explotación forestal. Nestas agropaisaxes atopámonos cunha ampla diversidade cultural, de bens inmobles, desde paisaxes de gandería extensiva, de complemento agrario, explotacións relacionadas co mel, cos castiñeiros etc., mobles, e manifestacións relacionadas co patrimonio cultural inmaterial, que na maioría dos casos é indisociáble da materialidade á que está suxeito.



7.2. Diversidade de espazos ecolóxicos nas terras de monte

«Agora o monte é outro, agora pérdome»³⁸. Esta afirmación conéctanos directamente cos cambios recentes nos montes e tocan de fondo a paisaxe, transformándose en espazos totalmente descoñecidos e alleos ás comunidades que os usaron; a memoria recente da paisaxe mudou. Pero non só afecta ás comunidades que os usaron e transformaron, senón que nos afecta a todos e a todas nós como ben patrimonial, de carácter paisaxístico, cultural e social de desfrute común.

Ata hai ben pouco, o mantemento simbiótico do monte que aseguraba o mantemento dunha economía agropecuaria en equilibrio era unha realidade. A Galicia contemporánea é herdeira directa dun pasado recente rural e particularmente agrario. En 1970 o 67 % dos galegos traballaba no sector primario (incluíndo a pesca), cifras que se reducen xa en 1980 ao 21 % (Santiago Lamas 2004: 16). Pero este sistema non ten unha historia estática senón que permitiu que, sobre unhas estruturas máis ou menos invariantes, se superpuxesen ritmos e procesos sociais distintos (Cardesín 1992) e transformacións tecnolóxicas, como adaptacións económicas coa introdución do millo e da pataca (Saavedra 1992) no s. XVII e no s. XVIII, ou as especializacións gandeiras ou a desestruturalización dos montes comunais e a súa industrialización (Balboa 2007) coa produción masiva, invasiva e indiscriminada do eucalipto.

Por outra banda, e desde o punto de vista histórico da vexetación, o monte autóctono de Galicia estivo formado por piñeiros bravos (*Pinua silvestris*) e bidueiros (*Bétula celtivérica*) nas zonas máis frías e por carballeiras cando o clima era máis temperado. Na época castrexa e, sobre todo, na romana, os castiñeiros expándense pola acción humana. Máis recentemente, coa repoboación forestal, aparecen outras especies de piñeiros e eucaliptos que son os que dominan actualmente a paisaxe forestal, feito que deformou a nosa visión do bosque tradicional (Criado-Boado *et al.* 2016: 79). Os eucaliptos poden crecer en chan de pouca profundidade e contan cunha maior facilidade de espallamento e cunha maior rapidez de crecemento pola acción directa dos humanos mediante plantacións ou de forma indirecta a través dos incendios forestais.

³⁸ Entrevista etnográfica feita en San Xoán de Fecha, Santiago de Compostela. Notas de campo de Paula Ballesteros-Arias, 29/07/2021.

7.2.1. O monte, o soporte do sistema

Pero, como eran os nosos montes? Por que eran tan vitais para a economía campesiña? Que función tiñan dentro do espazo produtivo campesiño?

No agro están as terras máis fértiles, traballadas de forma continua e estable (Ballesteros-Arias 2010; Ballesteros-Arias *et al.* 2006). Fernández Leiceaga (1990), seguindo a A. Bohuier, sinala as múltiples funcións das terras a monte que fan que realmente se convertan no verdadeiro centro do sistema agrario. O monte é a zona de usos extensivos, o espazo xestionado de xeito comunal: aquí é onde se produce a madeira e a leña para o fogar; lugar de aprovisionamento de materias primas; onde se atopa o pasto natural para o gando que vive en réxime de liberdade ou semiliberdade; onde se realizaba o cultivo de cereal por medio de rozas, estivadas, searas e cavas practicadas de xeito individual pero de propiedade comunal; onde se recollía o toxo para facer o *estrume* que permitía fertilizar as terras de labradío situadas no val, cultivado nas chousas ou curros, parcelas sempre valadas sobre chans de pouca profundidade ou en zonas periféricas, destinadas a pasto para o gando pero tamén para sementar o toxo, xa que non esquezamos que a toxeira é unha formación vexetal enteiramente creada polos humanos e a súa extensión é un aspecto da paisaxe humanizada e non un elemento do medio natural (García Fernández 1975; Bouhier 1979; Ballesteros-Arias, Criado-Boado e Lima Oliveira 2011: 86).

Polo tanto, as terras de monte, como indicou Bouhier (2001: 862-863), en realidade constituíron o soporte fundamental do sistema agrícola galego. E aquí, xunto coas terras de cultivo, é onde atoparemos as pegadas das entidades e das formas que as comunidades campesiñas foron construíndo ao longo do tempo.

7.3. Diversidade de entidades culturais

Froito da imbricación da paisaxe, do sistema socioeconómico / ecolóxico e do compoñente social, nesta paisaxe cultural tan atropizada historicamente, a tipoloxía de bens culturais afectados pola xestión forestal é de enorme diversidade, con múltiples tipos de bens arqueolóxicos, históricos e etnográficos. Como imos ver, a pegada do uso do monte atópase arquivada nas diferentes entidades culturais que encontramos neste espazo, asociadas ás diversas comunidades humanas que o ocuparon e ás actividades económicas que nel realizaron.

7.3.1. O monte: territorio ocupado ao longo da historia

O espazo que hoxe habitualmente denominamos monte pode parecer marxinal desde o punto de vista economicista da sociedade actual, pero non o foi nin na sociedade tradicional, ata mediados do século XX, nin nas sociedades do pasado, que non só o empregaron, senón que tamén o habitaron en diferentes momentos da historia, polo que é alí onde se sitúa unha boa parte dos xacementos arqueolóxicos do noso país.

Desde a fin da última glaciación, hai uns 10 000 anos, as comunidades humanas ocuparon progresivamente zonas de maior altitude, agora máis accesibles pola mellora climática. Nelas aséntanse ao pé de grandes viseiras e afloramentos rochosos que funcionan ao xeito de abrigo, ao ofrecer protección e refuxio e presentaren boas condicións de habitabilidade, aínda que en ocasións seguramente foron sobre todo postos de caza, xa que buscan máis o dominio visual das zonas de comunicación e a protección dos ventos dominantes que o resguardo da choiva (Ramil e Ramil 1996).

Coa introdución da agricultura e a gandaría, a partir do 5000 a. C., os seres humanos comezan a deixar a súa pegada na paisaxe galega de forma máis intensa. Porén, como a tecnoloxía era daquela aínda moi sinxela, ao descoñecer o fertilizado e mais o regadío, non van ocupar as zonas de val, por outra banda ocupadas daquela por densas matas forestais. Os asentamentos desta época fanse fundamentalmente nas zonas de monte actual, onde, a través do lume, deforestarán tamén os terreos que cultivarán e, a partir do 4500 a. C., construírán tamén alí as súas tumbas monumentais, as mámoas (Muñoz Sobrino *et al.* 1996; Criado-Boado / Mañana-Borrazás 2016). A conquista do val como zona onde centrar a maior parte da actividade produtiva será moi lenta e, así, durante o Calcolítico e mais a Idade do Bronce vanse ocupando paseniñamente os pisos inferiores das serras e as cabeceiras dos seus vales interiores (Criado-Boado / Santos Estévez / Parcero-Oubiña / Lima / González-García 2016). Nelas establécense tanto a maioría dos poboados como a arte rupestre ao ar libre que caracteriza a época, os coñecidos petróglifos do grupo galaico.

Ao longo da Idade do Ferro, a partir do 800 a. C., producírase o paso definitivo para o val das comunidades humanas, de xeito que cara ao cambio de era xa se pode considerar realizado. Así, pese a que existen aínda moitos castros antigos en zonas de monte, os máis recentes adoitan situarse ben en outeiros dominando o val, ben nas zonas de transición entre o monte e mais o val, nunha posición similar á que séculos despois ocuparán as aldeas tradicionais (Parcero-Oubiña *et al.* 2016). Esta ocupación do val manterase en diante, tanto en época romana como na



Idade Media, que pouco e pouco van configurando a forma de ocupación da sociedade tradicional galega.

A partir dese momento as ocupacións nas zonas de monte serán menos abundantes, pero seguirán a existir. Especialmente en zonas de serra, onde os núcleos de poboación están lonxe, é frecuente localizar restos de cabanas illadas, en ocasións asociadas a recintos para o gando, seguramente relacionadas co pastoreo. Os estudos realizados na Serra do Barbanza permitiron identificar máis de 40 destes asentamientos, que presentan unha cronoloxía moi dilatada xa que, dos tres escavados ata o momento, un deles, Folgoso Vello, resultou ser da Idade do Ferro (Rodríguez Rellán 2019), mentres que os outros dous, Porto Traveso e mais Río Barbanza, son altomedievais, de entre os séculos VIII e X (Barbeito Pose *et al.* 2015 e 2018).

Pero ao longo da historia hai non só ocupacións, senón tamén usos moi variados: é no monte actual onde están moitas das explotacións mineiras que, como mínimo desde época romana, son tan abundantes no noso territorio. E ata tamén se dan usos e ocupacións cultuais, tamén desde época antiga, como denota a ara romana localizada, reutilizada, no antedito asentamento de Río Barbanza. Usos estes que se seguirán dando ao longo de toda a Idade Media e Moderna, coa proliferación de eremitorios e capelas, ao redor de moitas das cales se acaban desenvolvendo festas e romarías, ou a instalación dos cruceiros nas encrucilladas.

Na sociedade tradicional galega que chegou ata nós estas ocupacións e usos seguiron a existir de forma habitual. Así, no monte seguimos a atopar construcións relacionadas co coidado do gando, como curros, chozos, sesteiros ou currais, cada un cunha funcionalidade específica, ou coa loita contra os seus inimigos, como os foxos de lobo. Estruturas relacionadas co aproveitamento das augas dos ríos, como muíños, as súas presas e levadas. E outro tipo de entidades como alvarizas para a obtención de mel, secadoiros para as castañas ou neveiras para a fabricación de xeo. Pero o monte non era só un lugar de ocupación esporádica temporal: é unha zona que se cultivaba mediante o sistema de rozas, da que se obtiña o toxo, tan fundamental na creación de fertilizantes para a agricultura, polo que, daquela, acaba configurándose a través de valados de terra ou de pedra seca e de toda unha rede de camiños que interconecta estes espazos coas aldeas e vilas do seu contorno.



7.3.2. Os valados como arquivos históricos da práctica social do pasado

Como apuntamos en parágrafos anteriores, os montes eran un espazo complementario de cultivo e un elemento fundamental na economía campesiña que permitía a ampliación do terreo do val; nalgúns sitios, como na serra do Suído, chamábsanse «cavadas» ou «tenzas» (Ballesteros-Arias 2004a, 2004b). Unha parte do monte distribuíase anualmente entre os veciños en tenzas individuais para o cultivo de trigo mediante rozas e, unha vez feita a colleita, volvía a uso común. Para delimitar estes terreos, levantábanse os valados, peches en terra, en pedra seca ou mixtos unha gabia no lateral exterior, estaban sometidos a unha rotación sistemática.

Mais, en que momento se empezou a deseñar, construír e xestionar estes terreos de monte?

A través do estudo arqueolóxico e etnográfico, combinado cos estudos edafolóxicos e estratigráficos aplicados a estes elementos, púidose contextualizar cronoloxicamente esta paisaxe de monte, na súa formación e transformacións, e nas súas implicacións culturais e históricas. Podemos distinguir neles os diferentes estratos que os conformaron, e a lectura e interpretación da súa estratigrafía permítenos achegarnos á historia social do monte. Trátase de entidades en que se atopa perfectamente gardada, almacenada e ordenada a memoria colectiva de construción e uso da paisaxe de monte. Daremos uns exemplos³⁹.

- No *Marco do Portovello* (Guitiriz, Lugo) fíxose unha intervención arqueolóxica que permitiu documentar un conxunto de estruturas de desenvolvemento lineal, tipo gabia na súa maioría, e outras de tendencia circular, así como algún reticulado que se traduce en sucros paralelos e perpendiculares cun patrón moi regular, vinculadas a antigos peches ou delimitacións de parcelas de monte e a súa posta en cultivo. Este conxunto de estruturas, que puideron datarse en época medieval (séculos VIII, IX, XII e XVI), poderíanse relacionar cos restos dun sistema de parcelamento do monte.

- Outro exemplo atopámolo en *Coto Vello*, serra do Xistral (Abadín, Lugo). A escavación dun *valado* amósanos un estudo detallado tanto do propio elemento como da zona en que se encontraba. Trátase dunha estrutura de terra lineal que delimita parcelas de monte, construída no s.

³⁹ Estes exemplos atópanse publicados en Ballesteros-Arias, Criado-Boado / Lima Oliveira 2011 e Ballesteros-Arias 2019.



v e modificada no s. XII. A entrevista etnográfica realizada a un veciño da aldea de Currovedo, parroquia de San Pedro de Labrada, permítenos amosar como se realizaba a roza nesa zona de monte:

Cando remataba o tempo de choiva, sobre maio facíase o primeiro traballo [...], levantábanse os terróns de terra e volteábanse con aixadas [...] logo, no verán, cando secaban os terróns, apoiábanse uns a outros facendo filas e lles plantabamos lume [...]. Cando se consumían, as cinzas e a terra queimada estendiámolas por todo o terreo. E xa en setembro, traballábase co arado e sembrábamo-lo gran, trigo ou centeo, segundo as necesidades que tiveramos ese ano. (Notas de campo de Paula Ballesteros-Arias, abril de 2004)⁴⁰

Os datos obtidos estannos a falar dun sistema de parcelamento de monte moi dinámico nos séculos medievais, sendo nestes séculos cando se crea unha paisaxe distinta á que existía anteriormente e que será, ademais, de alta produtividade (Criado-Boado / Ballesteros-Arias 2016; Ballesteros-Arias / Criado-Boado / Andrade 2006; Ballesteros-Arias / Criado-Boado / Lima Oliveira 2011) e en constante equilibrio co medio. Como podemos ver, estas entidades de monte compórtanse como verdadeiros arquivos temporais e culturais da paisaxe que gardan a memoria social do monte. E se a isto lle engadimos que unha boa parte da superficie destinada a terras de monte presenta sistemas de valos e parcelas antigas, temos que asumir que este espazo constitúe en realidade unha paisaxe cultural, de fondas raíces históricas.

7.4. Patrimonio inmaterial

As entidades culturais que podemos atopar nas zonas de monte son moi diversas e variadas e responden ás diferentes prácticas sociais relacionadas coa súa explotación económica, que, ademais de ordenar o territorio, o dotan de contido simbólico, conectando directamente co patrimonio inmaterial.

Pero, a que chamamos patrimonio inmaterial? Segundo a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO (2003), considéranse Patrimonio Cultural Inmaterial os usos, representacións,

⁴⁰ Trátase dunha nota recollida no caderno de campo, polo que non é unha transcripción literal do comunicado polo informante.



expresións, coñecementos e técnicas —xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lle son inherentes— que as comunidades, grupos e nalgúns casos os individuos recoñecen como parte integrante do seu patrimonio cultural. Este patrimonio cultural transmítese de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e grupos en función do seu contorno, a súa interacción coa natureza e a súa historia, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e creatividade humana.

A aparición da categoría de Patrimonio Cultural Inmaterial xorde da necesidade de superar a visión máis material do patrimonio incorporando e dándolles protagonismo a aquelas prácticas sociais que forman parte tamén do acervo cultural. En certo sentido, xorde da necesidade de documentar e preservar todas aquelas tradicións e prácticas sociais en perigo, incorporando non só o papel dos individuos senón o carácter dinámico destas entidades inmateriais.

Outro termo empregado pola UNESCO para referirse ao «patrimonio inmaterial» é o de «patrimonio vivo», incidindo na característica de que non se pon a mirada na materialidade senón nos procesos e nos suxeitos⁴¹. Os ámbitos da lei galega⁴² beben dos ámbitos propostos pola UNESCO na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Inmaterial do ano 2003 (artigo 2.2), adaptados ás características propias da cultura tradicional da nosa comunidade, dando máis importancia á lingua como manifestación que precisa do seu propio tratamento, ou engadindo un ámbito novo dedicado á riqueza da nosa toponimia:

- A lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica.
- As tradicións e expresións orais.
- A toponimia.
- As artes do espectáculo, en especial a danza e a música, representacións, xogos e deportes.
- Os usos sociais, rituais, cerimoniais e actos festivos.
- Os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo.
- As técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos.

⁴¹ <https://ich.unesco.org/es/explora&display=constellation>

⁴² <https://www.cultura.gal/gl/natureza-categorias-proteccion>



Isto vén así recollido pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no título V, relativo ao patrimonio cultural inmaterial⁴³.

7.4.1. As prácticas sociais do monte

O patrimonio inmaterial e o material non son compartimentos estancos. A cultura material leva necesariamente adherido o inmaterial, e na cultura inmaterial sempre hai obxectos ou espazos que son inseparables da manifestación.

Nos montes galegos son frecuentes os enterramentos megalíticos, as estacións de arte rupestre e gravados históricos, entidades etnográficas e históricas diversas, pero o patrimonio tamén está nos ríos, nas pedras, nos montes dotados dun imaxinario colectivo de sentidos e prácticas sociais, místicas, espazos cargados de emotividade, de afectividade, que se converteron en categorías orientadoras e orientativas dunha comunidade. Que sucede se borramos as pegadas culturais dos nosos montes, os valos, os camiños, os marcos, os afloramentos rochosos, as cabanas, as prácticas sociais, por poñer exemplos? Que sucede se indiscriminadamente o alteramos? Borraremos igualmente o relato inmaterial que o envolve, o como se fai, o seu uso, a súa lenda, o seu nome⁴⁴. Todo o que implique un saber facer representativo dun colectivo social e que se manifeste en sentidos prácticos ou simbólicos como coñecementos, técnicas ou actividades económicas de produción e transformación, de simbolismos, usos e procesos relacionados con actividades grupais de adaptación ao medio (agrarias, gandeiras, forestais, de pesca, extractivas), así como as actividades relacionadas coa produción, transformación, elaboración de produtos e os sistemas de intercambio⁴⁵ (Carrera / Dietz 2005), forma parte do patrimonio inmaterial susceptible de facer unha etnografía sistemática para proceder á súa documentación, rexistro e salvagarda.

Por outra banda, a salvagarda do Patrimonio Inmaterial (Quintero Morón 2005) ten un efecto rexenerador da orde social. Contribúe a

⁴³ <https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942-consolidado.pdf>

⁴⁴ Galicia agora mesmo só conta cunha manifestación na Lista Representativa del Patrimonio Cultural Inmaterial de la Humanidad da UNESCO: a técnica construtiva da pedra seca. Candidatura internacional na que participou de xeito colectivo xunto con outras Comunidades Autónomas e outros países. A Xunta de Galicia pronunciouse sobre a súa importancia mediante a Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúe no Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial. O que ocorre neste caso é que se protexe a técnica pero os muros, os valos non teñen ningún tipo de protección.

⁴⁵ Genma Carrera.
<https://repositorio.iaph.es/bitstream/11532/321387/1/El%20patrimonio%20cultural%20inmaterial.pdf>



reafirmar as maneiras de ser e de facer nas que a comunidade se sente representada, agrupan aos seus membros reforzando os seus lazos identitarios ameazados polos procesos de globalización.

7.4.2. A toponimia, as voces que sosteñen a paisaxe

«A paisaxe é unha polifonía de voces, unhas físicas, outras discursivas, á que nós contribuímos». Así dá comezo uns dos parágrafos do discurso de Marilar Aleixandre «Voces termando da paisaxe» (2017: 15).

Segundo a Real Academia Galega, a toponimia defínese como o conxunto dos nomes de lugar dun país. Tamén é a parte da onomástica que estuda a orixe, a historia e significación dos nomes de lugar⁴⁶.

O seu estudo, rexistro e pervivencia é de enorme interese xa que nos achegan numerosos datos históricos, etnográficos, arqueolóxicos, falan da lingua, da fonética e das múltiples maneiras de nomear cada entidade, fan referencia aos saberes, dálles contido social, e denotan a observación atenta do contorno ao longo do devir do tempo histórico. Son, polo tanto, parte fundamental e indisociable do espesor cultural da paisaxe, e en concreto desta paisaxe de monte. A maioría deses nomes unicamente se atopan na memoria da xente porque nin sequera están recollidos nos mapas.

Entendemos que na paisaxe hai varias dimensións: a material ou física (o que vemos) e a simbólica. López Silvestre (2011) fala da materia prima como a paisaxe física. E a transformación material do territorio maniféstase nunha dimensión intanxible que permite nomear os sitios. Ou, dito doutro xeito, a conexión entre a materialidade e o imaxinario tradúcese nun nome, nun topónimo. Son os nomes da paisaxe, os topónimos, en palabras de Marilar Aleixandre (2017), as voces que sosteñen a paisaxe.

Galicia é unha das zonas máis ricas en topónimos tanto pola súa variedade como pola súa antigüidade, idiosincrasia fundada na súa peculiar orografía, accidentada e irregular, cun grande abano de espazos ecolóxicos, e sobre todo na forte humanización e explotación do territorio acentuada por episodios de gran presión demográfica. Igualmente, a dispersión da poboación e as fragmentacións sucesivas do patrimonio familiar motivaron que, desde o principio, o acervo dos nomes de lugar fose aumentando: cada leira, fonte, recuncho ou promontorio ten o seu nome particular (Boullón 2010: 31). No monte, a semantización continua e exacerbada debido á multiplicidade de usos e de referencias é o destino

⁴⁶ <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/toponimia>



das plantacións de cultivos forestais como os eucaliptos, que tamén invaden, sen planificación e xestión ningunha, as zonas do val próximas ás aldeas, lugares que ata non hai moito eran zonas de labradío.

Para darnos conta da enorme dimensión que supón a gran cantidade de nomes asociados á paisaxe, contamos, por exemplo, co Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), auspiciado pola Xunta de Galicia, que comezou no ano 2000 co fin de recompilar a toponimia menor do país⁴⁷. Ata o ano 2017 realizouse algún tipo de actuación (traballo de campo, de gabinete, dixitalización etc.) en 146 concellos e, ata o momento que estivo activo ese proxecto, traballouse no 30 % do territorio galego, con máis de 400 000 topónimos recollidos. Calcúlase que existen arredor de dous millóns. Na actualidade contamos coa plataforma colaborativa Galicia Nomeada⁴⁸ para a recolleita, xeoreferenciación e difusión da microtoponimia galega e de toda a tradición oral asociada a ela; ou tamén coa colección Terra Nomeada⁴⁹, onde a Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica recompilan e estudan os nomes de lugar, ademais doutros colectivos, asociacións veciñais e culturais ou iniciativas diversas grazas ás cales os nomes onde vivimos quedan xa rexistrados.

Para entender esta diversidade da microtoponimia nas terras de monte daremos uns exemplos focalizados na Serra do Suído. Nestes espazos, polo seu uso secular, adoitan abundar os topónimos relacionados cos seus recursos gandeiros⁵⁰ (*Munxidoiro, Cabanelas, Sesteiro da Laxe, Curral de Forzáns, Foxo Vello, Bouza Vella* etc.). Agrícolas, que fan referencia ao uso do solo, ás formas de parcelación, ao tipo de propiedade e de cultivo que hai en cada parcela, ás formas de xestión ou ás técnicas tradicionais utilizadas para aumentar a súa fertilización (*A Cavada do Lago, A Cacharela da Viña, O Coto das Airas, Coto Queimado...*). Usos forestais ou de aprovisionamento de materias primas como barro, leña, lugares de uso comunal (*Barrais, A Brea, Bouza Vella, Neveira, Alto do Barazal* etc.). Os hidrónimos, topónimos que aluden á hidrografía da zona, á abundancia de augas (*Lama Vella, Rega grande, Coto das Lamas, Fonteira, Lama Cega, Augaceiras...*). Fitotopónimos, que aluden á flora silvestre ou cultivada e nos achegan á diversidade de plantas, de árbores e aos seus froitos (*As Landras, Nabal de Prata, Carballos Miúdos, Coto da Uceira, O Centeal...*). Á fauna, aos animais domésticos ou á fauna brava, máis abundante nas

⁴⁷ A toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia. Xunta de Galicia, 2005. <ile:///D:/Usuario/Downloads/ PUB_Toponimia_Galicia.pdf>

⁴⁸ <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>

⁴⁹ <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/series/terra>

⁵⁰ A toponimia que mostramos a continuación forma parte dunha recollida feita na Serra do Suído. Aparece en Paula Ballesteros Arias 2004b.



zonas de monte (*Outeiro dos Bois, A Raposeira, Teixugueiros, Fonte das Lebres ou A Galiñeira*). Os topónimos xeográficos, que fan referencia ás formas do terreo, a topografía, nomes que definen e dotan de connotacións alusivas as formas do relevo, a configuración e os tipos de solo e as súas rochas (*Chan do Seixo, Coto Gudo, Chan da Pena, O Lombo, Chanciña Falsa, Portiño Escuro...*). Topónimos asociados a camiños e a lindes e á orientación dos astros (*Portela das Travesas, O Portiño, Brea do Carro, Marco da Corcheta, Moradiña, Os Marcos, A Porta do Sol...*). Ou ás lendas e cultos, nomes asociados ás pegadas do rexistro arqueolóxico que nos levan a etapas prehistóricas onde se funden as formas e o maxín do pobo (*Pé do Rei, Outeiro da Chave, Gravadoiro, Chan dos Mouros, Suarquiña, O Calco, A Laxe dos Númaros, A Fonte do Bico...*). A vixilancia (*Coto Vixía...*). Nomes que aluden á sonoridade do lugar —como por exemplo *A Pedra que Fala* en San Xoán de Fecha, Santiago de Compostela—, ou á memoria recente de acontecementos como a Guerra Civil española, entre outros. Palabras que quedaron fixadas nos lugares.

Son as múltiples formas de nomear a paisaxe que habitamos, nomes que a dotan de significado. A conexión íntima do que vemos, do que tocamos, do que facemos, dos elementos e das formas da paisaxe que construímos ou elaboramos e transformamos, todas teñen un nome, son o patrimonio da nosa memoria.

Estes nomes que falan da paisaxe agora tórnanse en ameazados porque os topónimos tamén son fráxiles. Se a paisaxe desaparece, se desmantela ou se transforma, se desaparecen os nosos montes e se homoxeneiza a paisaxe co monocultivo de eucaliptos, con eles desaparecen os fitos, as pedras, os valados, as parcelas, as fontes, as árboles e os camiños. E se desaparece a referencia, o nome pérdese. Pode quedar na memoria de quen coñece ese nome. Pero se morren os homes e mulleres que os lembran, os nomes vanse con eles. Porque estes nomes pequenos non están nos mapas; trátase dunha realidade que non está escrita. A representación mental desta paisaxe é unha pegada humana de gran relevancia, un patrimonio cultural que atender e que coidar pola especial vulnerabilidade que caracteriza esta cartografía imaxinaria.

7.4.3. Riscos / vulnerabilidade do patrimonio inmaterial

Estamos, pois, ante unha paisaxe e un modo de vida vulnerables que deberían ser obxecto doutras miradas e doutras voces para reformularmos o seu futuro.



A continuación móstrase a listaxe de perigos, segundo a UNESCO⁵¹, que perfectamente podemos aplicar á deterioración dos nosos montes:

- Deterioración medioambiental: gandaría intensiva, explotacións mineiras, deterioración do ecosistema, desastre natural, deforestación, contaminación da auga e cambio climático.
- Prácticas e transmisión debilitada: idade avanzada dos practicantes, diminución de interese da mocidade, diminución da participación, poucos practicantes, perda de significado, redución da práctica, redución do repertorio, transmisión insuficiente, transmisión interrompida.
- Novos produtos e técnicas: introdución de novas tecnoloxías, produción industrial, utilización de materiais modernos.
- Obxectos ou sistemas en perigo: perda de coñecementos, perda de elementos materiais, perda de espazos culturais, perda de lingua ancestral.

Riscos que aparecen no Plan Nacional⁵²:

- Homoxeneización da cultura.
- Transformación de valores simbólicos en valores económicos.
- Fraxilidade aos cambios.

8. A PROTECCIÓN DOS BENS PATRIMONIAIS ANTE A XESTIÓN FORESTAL

Lonxe da consideración do monte como un espazo que constitúe unha paisaxe cultural de fondas raíces históricas que integra valores materiais e inmateriais, hai outra perspectiva redutora dos seus valores culturais: a dun espazo que alberga ou contén elementos de valor patrimonial que, nesta visión, se limitan aínda aos bens inmoables, ao patrimonio material. Neste sentido é no que se considerou o patrimonio cultural na avaliación ambiental do Plan Forestal, como evidencia o contido dos informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na fase de Consultas da Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Forestal e o que recolle a Declaración Ambiental dese mesmo Plan:

Consultas da AAE para o Plan Forestal⁵³

⁵¹ <https://ich.unesco.org/es/explora&display=constellation>

⁵² <https://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/salvaguardia-patrimonio-cultural-inmaterial.html>

⁵³ Resolución do 31 de outubro de 2016, pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia promovida pola Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal da Consellería de Medio Rural.



Sinala que deberá terse en conta o patrimonio cultural para minimizar, no posible, calquera efecto negativo das actuacións do PFG sobre os elementos culturais a protexer. O Plan deberá facer referencia ao patrimonio cultural existente nos montes e consultarase o Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e os Catálogos dos instrumentos de planeamento vixentes en cada Concello. Teranse en conta as determinacións que establece a lei de patrimonio cultural en canto ao réxime de intervencións no contorno de protección de bens de interese cultural e catalogados e no Camiño de Santiago.

Declaración Ambiental Estratéxica do Plan Forestal⁵⁴:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incidiu na importancia de considerar o patrimonio cultural nos instrumentos de ordenación e xestión forestal sustentable, protexer as masas consolidadas de frondosas autóctonas e controlar as especies pirofitas na contorna do Camiño de Santiago; sinalou tamén que os plans de formación deberían promover boas prácticas forestais en relación co patrimonio cultural existente.

INFORMES
CCG

Nesta visión limitada ao impacto sobre os bens catalogados ou protexidos, cunha única referencia á paisaxe —non ás paisaxes culturais, senón á paisaxe percibida desde os Camiños—, a eficacia desa tutela patrimonial é no presente moi restrinxida. Os límites están na identificación, nos recursos e nos procedementos, así como tamén —e hai que sinalalo— no concepto de patrimonio cultural que se manexa e nos criterios que se aplican para a súa protección.

A toma en consideración deste patrimonio cultural vese dificultada pola falta dunha correcta identificación e catalogación do patrimonio cultural debida a diversos factores.

En primeiro lugar, o estado de coñecemento do patrimonio cultural é dispar e insuficiente. Malia que se poida considerar avanzado na arqueoloxía, non é completo (imposible pola propia natureza de moitos xacementos arqueolóxicos: sitios de habitación prehistórica sen estruturas monumentais; gravados rupestres, moi difíciles de visualizar sen as condicións axeitadas de luz, ou mesmo asentamentos romanos e

⁵⁴ Resolución do 2 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula a declaración ambiental estratéxica da «Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 20de 21-2040».



medievais non monumentais). Menos frecuente é a presenza de patrimonio arquitectónico en zonas de monte (si hai, por exemplo, capelas e ermidas, moitas veces en ruínas ou xa convertidas en xacementos arqueolóxicos). Practicamente pendentes de identificación están o patrimonio etnográfico, con bens (sen protección legal) que poden verse afectados polas plantacións (por exemplo, foxos de lobo, muíños, cruceiros ou valados e camiños tradicionais), e o patrimonio inmaterial.

Esta situación agrávase polo estado de abandono do monte, no que, por mor da densa vexetación que cobre moita da súa superficie, resulta imposible entrar para identificar ese patrimonio, así como polo despoboamento e a perda da tradición oral debido á morte das persoas maiores, que son as que puideron chegar a coñecer e empregar ese patrimonio (material e inmaterial) hoxe abandonado.

A identificación vese na actualidade facilitada polo desenvolvemento da tecnoloxía LiDAR e a accesibilidade da fotografía aérea histórica, que permitiron nos últimos anos identificar case un milleiro de posibles sitios, mais que cómpre revisar e constatar *in situ*. Porén, eses recursos só son útiles principalmente para sitios monumentais (castros, mámoas, foxos de lobo) e, aínda así, non todos son sempre perceptibles. Unha problemática diferente presentan aqueles xacementos non monumentais, que son dificilmente perceptibles a simple vista, como os hábitats prehistóricos ou mesmo romanos, ou as necrópoles posteriores ao megalitismo.

A protección dos bens que se identifican require de catalogación, unha catalogación limitada e encomendada hoxe basicamente ao planeamento urbanístico, que incide principalmente sobre as áreas urbanas, o patrimonio arquitectónico e o patrimonio material, sen que a Xunta de Galicia fixese un esforzo para protexer os bens que quedan fóra desas catalogacións urbanísticas. Mentres tanto, existen concellos con planeamentos aprobados a comezos dos anos noventa do século XX, ou mesmo posteriores, que teñen rexistrados numerosos bens patrimoniais (fundamentalmente arqueolóxicos) nos máis de trinta anos transcorridos desde aquela, mais que agardan por unha protección axeitada. Porén, parece que esta non chegará ata que se actualice o planeamento urbanístico, algo que, en concellos pequenos e con orzamento limitado como son moitos dos galegos, non parece que se vaia dar aínda a curto prazo. En realidade, poucos son os concellos que, desde a entrada en vigor da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, aprobaron máis dun plan xeral de ordenación municipal.

As actuais plantacións forestais masivas realízanse con maquinaria pesada que ara enormes sucros, remove o terreo a gran profundidade e se



abre camiño trazando *ex professo* pistas forestais capaces de destruír as fortificacións defensivas características dos castros, conformadas por varios parapetos. Os eucaliptos novos prosperan aquí e alá sobre escenarios teoricamente protexidos pola lei. Pola súa banda, as mámoas son os xacementos aínda máis vulnerables, pequenos, ocultos pola vexetación e moi fáciles de destruír.

A maquinaria pesada entra ao corazón das parcelas, tanto durante a plantación como na talla e retirada da madeira, e en numerosas ocasións produce danos irreversibles para o patrimonio cultural. As afeccións que se producen sobre os bens do patrimonio material nos montes débense principalmente aos sistemas de traballo mecanizados que se están a empregar na actualidade. Podemos distinguir dous tipos de afeccións: directas e indirectas.

- **Afeccións directas:** son as que están provocadas polo propio método de explotación intensivo empregado na actualidade nas repoboacións forestais e, na práctica, son indiferentes ás especies arbóreas que se empreguen, sexan estas de crecemento rápido ou non:

- Decepas mecánicas do terreo, que alteran ou destrúen os bens patrimoniais.

- Afección por subsolaxe, pois coa apertura indiscriminada de sucros para a plantación atrávesanse e destrúense parcialmente os bens patrimoniais.

- Traballos con rozadoiras de cadeas nos labores de limpeza previos ou de mantemento, que poden afectar aos bens (provocando, por exemplo, marcas en lousas de dolmens ou en rochas con gravados rupestres).

- Apertura incontrolada de pistas ou vías de saca.

- Cortas incontroladas que, coa caída dos troncos ou a trituración dos restos, poden alterar os bens patrimoniais.

- **Afeccións indirectas:**

- Raíces: as árbores a medraren sobre o ben patrimonial están a danalo coas súas raíces (desprazan pedras, destrúen estruturas enterradas etc.). Mesmo aínda que a planta se sitúe fóra do elemento, as raíces poden chegar a afectalo se este se encontra relativamente próximo, algo que sucede con moita frecuencia por non se respectar as distancias mínimas de seguridade.



○ O crecemento incontrolado de brotes novos sobre os bens patrimoniais, unha vez realizadas as cortas, acaba dando lugar ao crecemento de árbores sobre os bens patrimoniais, algo que é moi frecuente en zonas en que se explotan especies de crecemento rápido como o eucalipto.

○ Incendios: neste caso si que se incrementa o risco en presenza de especies de crecemento rápido, xa que, se ben non son de seu máis propensas á xeración de incendios, son especies pirofitas e cando aqueles se producen nun monocultivo delas esténdense con moita rapidez e virulencia. As afeccións da calor dun lume sobre o patrimonio cultural son elevadas e moi variadas, desde a combustión da cuberta vexetal e a calcinación dos restos pétreos nun castro ou nunha capela, por exemplo, ata a aparición de descascados nas pedras que, no caso dos gravados rupestres, poden chegar a destruír os motivos.

A estas afeccións súmanse problemas de xestión dos bens protexidos dentro dos ámbitos forestais:

- As zonas con xacementos arqueolóxicos que se exclúen das plantacións quedan como illas que non se limpan de vexetación e acaban sendo ocupadas por toxos, unha biomasa moi densa e impenetrable que, de novo, se volve moi perigosa en caso de incendio.

- Houbo anos en que se chegou a excluír das liñas de subvencións para actuacións nos montes aqueles que tivesen patrimonio cultural, o que se percibe como unha dobre penalización aos propietarios.

- O incremento das solicitudes levou a unha simplificación e estandarización dos procedementos de autorización relacionados coas actividades forestais por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ata o punto de que neles, en moitas ocasións, non se especifican os bens que están afectados e que medidas concretas cómpre adoptar ante unha repoboación, corta ou poda, senón que se ofrecen unha serie de opcións xenéricas entre as cales o particular ten que interpretar como afecta a súa actuación ao patrimonio cultural.

Na liña do último apartado, nos últimos anos leváronse a cabo unha serie de cambios lexislativos «liberalizadores» que, coa finalidade de facilitar a xestión forestal, dificultan ou limitan a protección patrimonial.

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificou nese sentido a Lei de



montes de Galicia. Por un lado, permite que as actuacións previstas nun instrumento de ordenación ou de xestión só requiran a declaración responsable ao órgano competente en materia forestal e recolle a paralización das actuacións cando aparezan achados arqueolóxicos ou bens de interese cultural, ou cando se incumpran as condicións e previsións en materia de protección do patrimonio cultural, de forma que substitúe a actuación preventiva por unha actuación sancionadora *a posteriori*.

Esa substitución da autorización pola obriga de presentar unha declaración responsable ao órgano forestal estendeuse aos aproveitamentos para uso doméstico e aos aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, así como ás cortas de arboredos que sexan de obrigada execución de acordo coa lexislación de prevención e defensa contra os incendios forestais, ás que se realicen para a obrigada adaptación ás distancias mínimas que esas normas establecen e que sexan obrigadas pola declaración da existencia dunha praga ou enfermidade forestal por parte da consellaría competente en materia de montes.

En todos os supostos en que se establece a declaración responsable, non se require a solicitude de informes previos sectoriais nin tampouco o de patrimonio cultural.

Para os aproveitamentos forestais en montes non ordenados, que requiren autorización cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, establécese un procedemento de autorización única por parte do órgano forestal, que velará tamén polos aspectos sectoriais, entre eles o patrimonio cultural. Para esa autorización o órgano forestal solicitará un informe ao competente en materia de patrimonio cultural; o prazo de emisión deste informe redúcese de tres a un mes e modifícase o sentido do silencio, que pasa de desfavorable a favorable. Aínda así, previuse a posibilidade de establecer, tamén nestes casos, a declaración responsable en substitución da autorización de aproveitamento, sen que sexa necesario recadar o informe sectorial de patrimonio, coa elaboración de pregos coas condicións sectoriais ás que deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros por orde das consellarías competentes nas proteccións que afecten.

Neste mesmo sentido modificouse a LPC para eximir de autorización ese tipo de actuacións e incluír a autorización forestal única, a declaración responsable, aínda que excluindo da prohibición de corta xeneralizada de



frondosas autóctonas na zona de tres metros da beira dos Camiños de Santiago nos supostos citados no parágrafo anterior das sometidas a declaración responsable.

Outro aspecto importante incluído na Lei 5/2017 e incorporado á Lei de montes e á LPC é a colaboración da administración forestal co departamento con competencias en materia de patrimonio cultural para a identificación xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos, concretada na elaboración dunha ferramenta xeográfica corporativa que recolla a información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos que debía permitir ás administracións públicas e aos operadores económicos unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia.

Con esa finalidade a Consellería de Cultura adxudicou no ano 2018 o contrato de servizos, suxeito a regulación harmonizada, de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos que se coñecen na Comunidade Autónoma de Galicia (25 lotes) por un importe total de 1 100 000,00 euros, IVE incluído. A información obtida a partir dos traballos contratados incorporouse ao visor de aproveitamentos da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal⁵⁵. Neste visor advírtese do carácter oficial da información que contén no momento da solicitude de autorización ou declaración responsable á hora de determinar a responsabilidade dos actos derivados dos aproveitamentos forestais realizados polas persoas titulares dos terreos.

Malia o esforzo realizado, a identificación realizada non tería a fiabilidade e o rigor que require a identificación dos bens arqueolóxicos e presenta problemas metodolóxicos e deontolóxicos, ademais de que non se articulou ningún mecanismo xurídico para protexer os bens, nin aqueles que se identificaron nese traballo, nin a nova situación dos bens naqueles que se localizaron noutro lugar distinto do protexido (Barbeito / Bustelo 2021).

A Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, modificou unha vez máis a LPC coa introdución dunha nova regulación de singular importancia para os efectos que nos ocupan. Elimina a obrigatoriedade do informe que a LPC recolle para os plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan afectar ao patrimonio cultural, cando eses proxectos non afecten ao solo de protección patrimonial nin a ningún ben declarado de interese

⁵⁵ <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>



cultural ou catalogado, o seu contorno de protección ou, de ser o caso, a súa zona de amortecemento.

Esta disposición pon en risco todos aqueles bens do patrimonio cultural non catalogados, que, tal e como sinalamos neste informe, son unha parte importante dos bens arqueolóxicos e do patrimonio etnolóxico e inmaterial que preventivamente se viñan protexendo a través dese informe no que se requiría, dentro das medidas protectoras e correctoras, a identificación e protección dos elementos do patrimonio cultural existentes no ámbito afectado polo plan ou proxecto.

9. O PATRIMONIO COMO RECURSO SOCIAL E ECONÓMICO

Se consideramos o patrimonio a memoria dun pobo, as súas funcións son varias. Entre elas, e sen seren excluíntes, podemos destacar o seu papel no reforzo das identidades ou tamén a súa contribución nos procesos de aprendizaxe e formación no seu sentido máis amplo. En calquera dos casos, resulta fundamental non só a súa conservación, senón tamén a súa presentación formal e a súa interpretación manifestada a través das mensaxes que ese patrimonio transmite. Esas mensaxes poden ter múltiples formas: texto, imaxe, son..., mais tamén visual, é dicir, a propia presentación dese elemento patrimonial e a súa relación coa contorna.

Para que o patrimonio cumpra as súas funcións é necesario dalo a coñecer. A difusión tamén pode facerse de diferentes formas, como por exemplo a través dos medios de comunicación. Con todo, a visita *in situ* engade máis valor. Hai diferentes niveis de visita, desde as comunidades locais ata persoas chegadas de calquera punto do mundo. A capacidade de atracción está ligada, en parte, ao valor máis ou menos universal dese patrimonio, é dicir, á idea de formar parte dun legado compartido alén das divisións administrativas, mais tamén á capacidade que teñamos para transmitir o seu significado e presentalo a quen o queira visitar.

Con respecto ao patrimonio, hai polo menos dous aspectos importantes. O primeiro é que a visita non sempre vai ligada ao turismo, por exemplo, poden facela as comunidades locais. O segundo fai referencia ás conexións contraditorias que se poden establecer entre turismo e patrimonio.

Recoñécese o significado cambiante do concepto patrimonio, mais, en todo caso, destácase a súa importancia na medida en que «é un produto e un proceso que subministra ás sociedades un caudal de recursos que se



herdan do pasado [...] e transmítense ás xeracións futuras para seu beneficio [...] (aliás) está intrinsecamente ligado aos desafíos máis urxentes aos que se enfronta toda a humanidade»⁵⁶.

A propia UNESCO, no seu manual *Indicadores de cultura para o desenvolvemento*⁵⁷, sinala que o patrimonio representa o capital cultural das sociedades contemporáneas, «[c]ontribúe á revalorización continua das culturas e das identidades» (p. 110) e é un transmisor de experiencia e coñecementos entre xeracións. Continua o manual afirmando que «[p]ode tamén enriquecer o capital social conformando un sentido de pertenza, individual e colectivo, que axuda a manter a cohesión social e territorial» (p. 110).

Moitas veces non se trata de grandes monumentos, de amplas extensións de bosques ou de tradicións especialmente singulares, mais teñen un significado e un valor para as comunidades que habitan ese territorio. Alén de máis, non poden ser vistas desde unha perspectiva isolacionista porque tamén reflicten vínculos e relacións. Isto é máis evidente no caso dos elementos naturais nos que non se poden individualizar as diferentes partes constituíntes como se non formasen parte dun mesmo sistema natural.

É precisamente neste patrimonio de carácter *menos universal* no que podemos encontrar unha maior indefinición na súa identificación. O recoñecemento do patrimonio faise a partir dun proceso social e cultural que atribúe valores e significados a elementos tanxibles ou intanxibles que pasan a formar parte do ben común. Pero tamén ese recoñecemento ten unha importante compoñente política.

Esta selección é importante porque ten consecuencias directas sobre a presentación e representación do patrimonio. Por exemplo, o valor social e cultural que nas últimas décadas se está a proxectar sobre a Ribeira Sacra contribúe a transmitir unhas ideas específicas sobre a paisaxe galega, sobre o labor de seus habitantes e sobre a capacidade de creación artística, entre outras. Porén, o desleixo en que están sumidas outras comarcas, con paisaxes humanas e naturais semellantes (por exemplo, os socalcos en gran parte abandonados do Bibei), evidencia a parcialidade e selectividade na decisión do que é ou non é patrimonio.

Todo o comentado implica, en primeiro lugar, a necesidade de recoñecer a importancia do patrimonio como un valor fundamental para a comprensión dos pobos. En segundo lugar, debería de figurar a súa

⁵⁶ https://es.unesco.org/creativity/sites/creativity/files/iucd_manual_metodologico_1.pdf

⁵⁷ https://es.unesco.org/creativity/sites/creativity/files/iucd_manual_metodologico_1.pdf



presentación e interpretación para que as comunidades locais e quen o visite sexan conscientes da súa relevancia non só histórica e artística, senón tamén presente e futura. Se a interpretación ten que ser deseñada para as distintas escalas espazotemporais, a presentación debería manter unha harmonía co contexto social e territorial no que se inscribe.

Un dos documentos máis importantes que elaborou a UNESCO en relación co patrimonio é a *Convención sobre a protección e a promoción da diversidade das expresións culturais*⁵⁸. Aínda que é certo que no devandito documento se fala máis ben de expresións culturais, sen dúbida o patrimonio, no seu sentido máis amplo, ten unha ampla cabida nese concepto. Algunhas das ideas que nos parecen máis interesantes para o obxectivo deste informe son as seguintes:

- A diversidade cultural como patrimonio común da humanidade que debe valorarse e preservarse en beneficio de todos.
- A necesidade de incorporar a cultura como elemento estratéxico nas políticas de desenvolvemento.
- A importancia dos coñecementos tradicionais como fonte de riqueza.
- O diálogo intercultural como ferramenta para a paz e a comprensión entre os pobos.
- A complementariedade entre os aspectos económicos e culturais.
- A riqueza da diversidade cultural para as persoas e os pobos.
- Protección, educación e participación da sociedade civil.

En relación coa convención de 2005 foron xurdindo novos textos a xeito de regulamentos e de orientacións prácticas⁵⁹. Nestes novos documentos fanse recomendacións e reflexións como a seguinte: procurárase crear no territorio un ambiente que favoreza ás persoas e aos grupos ter acceso ás diversas expresións culturais do seu territorio e ás dos demais países do mundo.

Aínda no mesmo texto, a UNESCO fai referencia ás medidas para protexer as expresións culturais no caso de ameazas, sexan estas de índole cultural, física ou económica.

⁵⁸ <https://www.unesco.org/es/legal-affairs/convention-protection-and-promotion-diversity-cultural-expressions>

⁵⁹ https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000225383_spa



Así, por exemplo, nas referencias que se fan ás medidas de protección e á redacción dos informes, moitos dos puntos que se sinalan son perfectamente compatibles e coherentes coas accións que tomar en escalas moito máis locais. Algunhas das que se citan son:

- Individualizar a ameaza ou o perigo, ou a salvagarda urxente que se precise, para lograr a participación dos expertos e da sociedade civil, comprendidas as comunidades locais.
- Demostrar as fontes da ameaza utilizando, entre outras cousas, os datos fácticos.
- Determinar a vulnerabilidade e a importancia da expresión cultural ameazada.
- Determinar a natureza das consecuencias da ameaza ou perigo.
- Expoñer as intervencións efectuadas ou as que se propoñan para paliar a situación, incluídas as medidas a curto prazo, as urxentes e as estratexias a longo prazo.

A Organización Mundial do Turismo (OMT) presentou no ano 2020 un documento titulado *Recomendacións da OMT sobre turismo e desenvolvemento rural*⁶⁰. Trátase dunha guía que pretende converter o turismo nunha ferramenta eficaz para o desenvolvemento rural.

As recomendacións da guía da OMT son particularmente relevantes para Galicia, dado que unha parte moi importante do patrimonio cultural e, por suposto, natural se encontra no ámbito rural. Ademais, trátase moitas veces dun patrimonio que, sen ánimo pexorativo, podemos chamar «menor», xa que non se trata de catedrais, murallas ou faros milenarios de recoñecemento universal, senón que estamos a falar dun patrimonio, no caso do material, composto de elementos populares ou vestixios arqueolóxicos amplamente distribuídos polo territorio, entre outros moitos.

A guía da OMT fala da importancia do turismo como unha ferramenta para o desenvolvemento e recoñece que moitos dos beneficios xerados se concentraron no mundo urbano ou nos espazos litorais. Porén, refírese ao gran potencial que ten como panca para impulsar o avance do rural e así enfrontar problemas como o abandono, o envellecemento ou a falta de dinámica económica e social.

⁶⁰ <https://www.e-unwto.org/doi/pdf/10.18111/9789284422210>



Ata o momento, en Galicia o turismo rural limitouse, fundamentalmente, á creación de aloxamento e de empresas de turismo activo. Porén, falta aínda por incorporar de xeito dinámico as comunidades locais e o patrimonio natural e cultural cunha visión estratéxica orientada a xerar desenvolvemento. Isto implica, entre outras moitas cousas, considerar o patrimonio como un elemento impulsor dese desenvolvemento, non só a través da súa conservación (moitas veces só no papel), senón tamén mediante o seu recoñecemento, a súa presentación e a súa interpretación.

Isto lévanos directamente a outro documento importante que foi aprobado polo Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) no ano 2005 na súa XV Asemblea Xeral, que tivo lugar na cidade chinesa de Xi'an. Trátase da *Declaración sobre a conservación da contorna das estruturas, sitios e áreas patrimoniais*⁶¹.

Como se pode observar, a contorna é entendida como unha parte fundamental para a comprensión global do patrimonio. Iso implica prestarlle a necesaria atención e non limitar a conservación a elementos illados como se o ambiente natural, cultural ou social que arrodea ese lugar, peza ou experiencia patrimonial non tivese relevancia ningunha.

Ata o momento parece que nos estamos centrando máis no patrimonio cultural e deixando de lado o natural. Porén, desde unha ollada ampla, deberíamos entender este último tamén desde unha perspectiva cultural, posto que, nas súas características actuais, estamos ante espazos claramente culturais nos que o ser humano modifica, interactúa ou redeseña eses espazos en función das súas necesidades ou aspiracións.

A Carta Europea do Turismo Sustentable nos Espazos Protexidos sinala na súa páxina 8 que «[a] educación medioambiental e a interpretación do patrimonio constituirán unha prioridade na política turística do espazo» protexido; e, no apartado de sensibilización dos visitantes, de novo fai fincapé na educación como medio para mellorar o respecto cara á natureza.

Como parte da educación ambiental (EA) queremos volver sobre o concepto de interpretación, neste caso ambiental (IA), porque é unha ferramenta moi útil para a comprensión de fenómenos e procesos que ocorren na natureza. Polo tanto, vai alén da contemplación e tenta transmitir coñecementos e valores. A IA é especialmente válida para o turismo.

⁶¹ <https://www.icomos.org/charters/xian-declaration.pdf>



A IA non é unha simple transmisión de coñecementos, senón que ten que servir para promover a reflexión sobre o papel dos espazos naturais en relación coa sociedade e co equilibrio ambiental, evidenciando os seus problemas e concienciando os visitantes sobre a súa importancia tanto para as poboacións locais como para o conxunto do planeta.

Chegados a este punto parécenos interesante incorporar tamén a idea da educación social. En certo modo esa conexión xa se foi producindo neste texto na medida en que a EA quere incidir no cambio social. Con todo, hai polo menos dous aspectos que habería que abordar aínda que fose só a modo introdutorio. Por unha banda, estaría o tema da exclusión social que moitas veces acompaña á mercantilización da natureza para uso turístico ou económico en xeral. Por outra banda, cremos que non é esaxerado dicir que existe un conflito aberto entre o ser humano e a natureza, conflito que é claramente social polas implicacións que ten. De feito, Calvo (1997) di que os problemas ambientais son de carácter social, e é aquí onde se necesita un labor mediador. Ademais, a mediación ambiental aparece como un campo de intervención cada vez máis relevante para a resolución de conflitos.

O conflito é un elemento constitutivo das relacións sociais. É certo que no noso caso estamos a falar basicamente dun conflito entre a sociedade e a natureza. Con todo cremos que se podería definir tamén como conflito social na medida na que a degradación do medio ambiente impacta directamente sobre a vida das persoas, en primeiro lugar sobre os habitantes locais, pero tamén sobre o conxunto da humanidade.

Quebrar o falso binomio entre natureza e ser humano implica aceptar a súa íntima interdependencia. En definitiva, é necesaria unha perspectiva que incorpore a educación social como disciplina que aborde esas conexións desde o ámbito do conflito, entendendo a este último como oportunidade de cambio (Céspedes 2007). Neste contexto, a mediación como acción busca establecer unha nova relación, neste caso entre o turista e o medio ambiente, tratando así de minimizar o conflito existente entre as partes e cuxo carácter social cremos que é bastante obvio. Para Gutiérrez *et al.* (2006), a capacitación de técnicos especialistas é moi importante: de feito, falan de plans de ambientalización curricular que se incorporen a carreiras nas que a pesar de que os temas ambientais non sexan principais, poidan achegar habilidades e coñecementos no camiño do respecto ambiental. É importante o desenvolvemento innovador de políticas sociais (Céspedes 2007) onde a educación desempeñe un rol transformador central.

10. CONCLUSIONES

Cómpre, como foi dito, termar da paisaxe, tanto co significado físico de manter, aguantar, soste algo no seu lugar, como co significado emocional de coidar dunha cousa para evitar que se altere, ter conta dela... Neste momento, ambas as dúas, presenza material e presenza inmaterial, construídas discursivamente no noso imaxinario, están ameazadas. Salientamos varios puntos que consideramos importantes a raíz do informe elaborado.

Por unha parte, é esta a principal conclusión deste informe, a perda desa presenza material e inmaterial dos elementos que constitúen a paisaxe galega que supón unha transformación desa paisaxe na que as plantacións forestais tomaron un protagonismo determinante sobre o monte, os pastos e as terras de cultivo do sistema agrario, particularmente as realizadas con especies forestais de crecemento rápido, entre as que o eucalipto está a ter unha expansión sen apenas restricións e que non parece reducir o seu ritmo. Unha transformación que responde a procesos de substitución de usos e actividades no territorio caracterizados por unha ausencia de planificación, de ordenación, de avaliación, de diagnose e de corrección e recondución, na que os valores naturais, culturais e sociais do territorio son marxinados fronte a intereses económicos aos que se lles recoñece un papel no desenvolvemento territorial, na fixación de poboación no rural e na súa dinamización económica, que non están demostrados e terían un alcance dubidoso.

Sobre o papel pátrese dun esquema xeral de división entre espazos protexidos e áreas produtivas, nas que teoricamente o uso sería aquel para o que os terreos teñan maior capacidade. Así, a protección da biodiversidade limitárase ás áreas de preservación, aos espazos naturais, considerando que nas áreas produtivas non son necesarias medidas de protección, ignorando os seus valores naturais e a incidencia do que ocorre nelas sobre as áreas protexidas.

Por outra parte, aínda así, no desenvolvemento desa estratexia está paralizado o recoñecemento de espazos naturais coa propia paralización desde 2011 da ampliación da Rede Natura, mentres que a protección das recoñecidas, na práctica, dista moito de ser eficaz. Esta falta de eficacia maniféstase na ausencia dunha rigorosa aplicación da normativa, que se reflicte na expansión de especies alóctonas nas áreas e nos parques naturais e na ausencia de medidas de recuperación destes espazos, permitindo manter as masas existentes de eucaliptos. Esta situación



produce áreas de carácter híbrido que non atenden nin a obxectivos de conservación, nin a obxectivos de produción.

Tamén, ao longo proceso de elaboración das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, entre 1995 e a súa aprobación no ano 2011, súmase unha década máis tarde a ausencia de desenvolvemento dos instrumentos que estableceron para a ordenación do territorio rural. A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia do ano 2021 retoma dez anos despois a obriga de cartografar e catalogar os solos agropecuarios e forestais, sen establecer prazos, e o Plan Forestal de Galicia establece o ano 2030 para contar cos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais. Neses espazos temporais as medidas transitorias ata o desenvolvemento deses instrumentos manifestáronse como claramente insuficientes para garantir a preservación dos valores naturais, da biodiversidade e da riqueza agraria de Galicia.

Ademais desta falta de desenvolvemento dos instrumentos, estase a producir tamén unha reiterada posta a cero do contador a través da lexislación, que parece asumir unha e outra vez como punto de partida e referencia a situación ambiental de cada momento concreto, sen avaliar a idoneidade dese estado, nin as posibilidades de reversión de procesos, asumindo posicións reactivas, dunha certa pasividade. Exemplo desta actitude atopámolo cando a Declaración Ambiental do Plan Forestal reclama á Administración dar prioridade á recuperación de terreos en que as plantacións se realizasen sobre hábitats naturais de interese comunitario prioritarios, como os bosques aluviais, os brezais húmidos e as turbeiras, ou actuacións de restauración ambiental nos bosques de ribeira, medidas de eliminación da vexetación exótica, recuperación da vexetación autóctona e de rexeneración de hábitats naturais ou limitacións máis ambiciosas cara á redución da superficie con presenza de eucalipto.

Así, é urxente fomentar as medidas de restauración ambiental e restitución de hábitats, e o incremento da conectividade ecolóxica e dos reservorios de carbono. Para estes efectos é fundamental que os espazos que forman parte da rede de espazos naturais protexidos de Galicia contén con recursos humanos e materiais suficientes para a xestión diaria. Non podemos ter como obxectivo manter ou recuperar o verde e deixar que a vida biodiversa dos montes se perda.

A paisaxe como recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais é considerada na Lei de protección da paisaxe como marco idóneo na súa concepción holística para abordar a comprensión e a análise do territorio e das políticas de desenvolvemento sostible necesarias para a súa posta en



valor e dos procesos ecolóxicos que nel teñen lugar⁶². Porén, a protección da paisaxe que se está a desenvolver en Galicia non atende esa responsabilidade e sitúase lonxe de asumir o papel de ferramenta para a ordenación do territorio con criterios de sostibilidade ecolóxica.

As medidas ou directrices establecidas non consideran problemáticas e de especial atención as repoboacións forestais fóra das áreas de especial interese paisaxístico. Porén, as Directrices da Paisaxe asumen como insuficientes estas medidas cando encomendan ao planeamento urbanístico ampliar esa protección⁶³, pois limítanse a determinacións de carácter xeral, mais son expresión de vontade e medidas con pouca ou nula eficacia. No resto do territorio, a protección da paisaxe déixase en mans dos plans de ordenación forestal, no horizonte do 2030 segundo o Plan Forestal, e na medida en que as declaracións de intencións que recollen as determinacións se incorporen neses instrumentos. Tamén na paisaxe o punto de partida e referencia será o do tempo en que eses instrumentos se elaboren, coa perda de valores que o transcurso dunha década máis sen ordenación presaxia.

Hai que engadir tamén que a paisaxe é cultura, construída pola imbricación dos sistemas socioeconómico e ecolóxico, pola sociedade. No mosaico agroforestal, na súa complexidade e diversidade recoñécense os seus valores. O despoboamento, o abandono da actividade agraria, a agricultura intensiva e o monocultivo forestal son procesos que conducen á perda deses valores. A xestión forestal baseada na produtividade, no crecemento e na cantidade sen calidade está a destruír esa diversidade e complexidade que caracterizan as paisaxes de Galicia.

Por todo o dito, é preciso entender o proceso de construción desta paisaxe e as súas transformacións ao longo do tempo a través dun estudo detallado das formas e elementos que a compoñen e valorizar o patrimonio cultural produto da acción campesiña. Tamén, estudar a antigüidade da paisaxe de monte en Galicia a través das estruturas e outros vestixios ligados aos diferentes usos do solo e á ordenación da terra, utilizando metodoloxías arqueolóxicas e etnográficas. É necesario prestar especial atención aos elementos feitos en terra como os valados, que funcionan como rexistros temporais da acción social sobre a paisaxe de monte. Entender que estamos diante dun patrimonio sensible, extremadamente vulnerable e en risco de desaparición pola súa escasa ou nula monumentalidade. Non son estes os únicos elementos patrimoniais sensibles presentes no monte galego.

⁶² Exposición de motivos da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

⁶³ DX.02. (N).



O traballo de campo etnográfico permitíranos coñecer as prácticas sociais das comunidades locais, coñecer a percepción que teñen do seu contorno e do seu imaxinario colectivo e comprender mellor os procesos de cambio recentes vinculados a procesos económicos e sociais contemporáneos, coñecer as súas necesidades e tamén as súas demandas. Tamén debemos salvagardar os procesos de transmisión e de coñecemento das prácticas sociais do monte a través de sistemas de rexistro e inventario e resaltar o valor do patrimonio inmaterial, dos oficios, saberes, coñecementos e técnicas produtivas tradicionais atendendo á súa dobre vertente: económica e simbólica. Nestes procesos, as comunidades portadoras deben ter o papel protagonista na salvagarda. Atender ao coñecemento, na busca e no rexistro dos nomes da terra, dos seus topónimos, combinando as fontes gráficas e escritas coas orais. Ademais esta é unha tarefa urxente de recolla, non só pola transformación e cambios dos usos do territorio, senón tamén pola desaparición das persoas que coñecen estes nomes nunca escritos.

Esta consideración do monte como paisaxe cultural ten que estar presente á hora de avaliar e corrixir os impactos patrimoniais, paisaxísticos e sociais que os monocultivos forestais están a producir no territorio.

En Galicia a abundancia de elementos patrimoniais fai necesario un esforzo considerable de inventario e catalogación, que presentan un estado moi inferior ao desexable, tanto en cantidade como en calidade, e que carecen dun fluxo de recursos suficiente e estable que se traduce nunha insuficiente protección. A ausencia de instrumentos de planificación territorial que identifiquen os valores e elementos patrimoniais do territorio, como sucede no ámbito forestal, e que establezan as medidas protectoras e correctoras para a protección deses elementos e valores fai que a protección do patrimonio se confíe a un proceso que depende, no fundamental, do estudo e emisión de informes particularizados para cada suposto de afección. As medidas e modificacións normativas non van na liña de corrixir estas carencias senón que, considerando eses procedementos particularizados trámites burocráticos, se centran no obxectivo de conseguir un escenario normativo simplificado, favorable e áxil para a actividade forestal, como recollen os obxectivos da revisión do Plan Forestal.

A importancia para a humanidade do patrimonio considerado nas súas dimensións natural, cultural, material e inmaterial é subliñada por multitude de documentos de axencias e organismos internacionais, que insisten na necesidade da súa conservación. A presentación e interpretación do patrimonio son fundamentais para achegarnos ao seu



significado, mais esas accións non deben illar o patrimonio, senón integralo na súa contorna tanxible e intanxible, xa que non se pode entender o patrimonio sen esa contorna que axuda a darlle significado. Tampouco se debe esquecer que a conservación do patrimonio ten beneficios económicos, sociais, culturais e ambientais.

O principio de multifuncionalidade ambiental, económica, social, cultural e patrimonial dos montes converteuse nun recurso retórico no Plan Forestal, que recolle como obxectivo da política forestal *o de favorecer a multifuncionalidade e a diversificación de usos, bens e servizos do monte galego mellorando a diversidade e alternancia da paisaxe agrogandeira e forestal*. O monte galego está moi lonxe dese obxectivo que require un desenvolvemento respectuoso co medio natural, coa paisaxe e co patrimonio cultural, e que implicaría atender tamén ás funcións ecolóxicas, conservación da biodiversidade, protección do ciclo hidrolóxico, prevención dos incendios e loita contra o cambio climático, e ás funcións sociais ligadas á calidade de vida, ademais das produtivas. O Plan Forestal continúa cun criterio produtivista do monte galego que prima sobre o resto das súas funcións e non se deseñan políticas co obxectivo de recuperar o monte nas súas múltiples vertentes, na súa diversidade de espazos ecolóxicos, usos do solo e formas de produción agraria.

É dicir, tendo en conta o comentado tanto para o patrimonio natural como cultural que conforma a nosa paisaxe, debe incrementarse substancialmente o esforzo de identificación e catalogación dos elementos que os constitúen. En particular, promover a cartografía de hábitats naturais de interese comunitario fóra da rede actual de espazos naturais protexidos, así como promover e mellorar a cartografía de elementos do patrimonio cultural.

Recollemos, asemade, unha serie de recomendacións específicas que, nalgúns aspectos, redundan no xa comentado, e que reforzan as conclusións relacionadas coa necesidade de protección e coa importancia patrimonial da paisaxe galega:

● **De tipo normativo:**

○ Implementar definitivamente, como establece a Lei 7/2012 de montes de Galicia (art. 77.4), a obriga de que os montes contén con documentos de ordenación. Na práctica, foron precisamente as propiedades de maior dimensión as que recibiron unha moratoria ata o ano 2028 (modificación da disposición transitoria sexta realizada na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, DOG



núm. 247, do 28/12/2018). Os documentos de ordenación deben constituír a base sobre a que se realiza a identificación dos elementos do patrimonio natural e cultural presentes no monte, así como o documento en que se propoñan medidas encamiñadas á conservación e preservación destes elementos no seu contexto.

○ Revisar as superficies mínimas de actuación que requiren avaliación de impacto ambiental, facéndolas de menor tamaño, para adecualas á realidade do sistema de propiedade de Galicia.

○ Dotar de recursos e garantir a independencia dos órganos encargados da avaliación ambiental.

○ Mellorar a publicación periódica e en formato accesible da información básica sobre o desempeño dos órganos ambientais, forestais ou do patrimonio cultural de Galicia. Por exemplo, o número de denuncias tramitadas ante estes órganos e a superficie afectada, así como información sobre cantas destas denuncias foron rexeitadas, cantas terminaron nunha sanción administrativa e cantas nunha sanción penal. Finalmente, sería oportuno coñecer o número de casos en que se obrigou aos infractores a reverter a situación orixinal.

● **De xestión patrimonial:**

● Que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) adopte un papel máis activo na catalogación dos bens patrimoniais, adiantándose á aprobación do planeamento urbanístico.

● Que os informes da DXPC sobre as cortas sexan específicos sobre a parcela en que se pretende intervir e o ben patrimonial que está afectado. A emisión de informes xenéricos nos que se establecen varios posibles escenarios entre os que o particular debe escoller como afecta a súa corta sobre o ben patrimonial produce unha enorme inseguridade xurídica e fomenta que se produzan afeccións non desexables sobre os bens patrimoniais.

● Cómpre traballar no establecemento de canles de colaboración cos propietarios e comunidades de montes, tal e como reivindicou algún colectivo⁶⁴. A protección activa dos bens patrimoniais debe iniciarse xa no momento da plantación do arborado, co establecemento de áreas arredor

⁶⁴ <https://colectivoarula.com/2016/11/13/petroglifos-e-lumes-forestais/>



libres de árbores, nun radio de 5-10 m, para evitar tanto a afección das raíces como os efectos incontrolados dos lunes; ou mesmo co establecemento de bandas protectoras ante o lume, coa plantación dunha banda de árbores non pirofitas ao seu redor.

Relacionadas coa paisaxe como recurso socioeconómico:

● A conservación do patrimonio ten beneficios económicos, sociais, culturais e ambientais. Presentación e interpretación son fundamentais para darlle significado, mais esas accións non deben illar o patrimonio senón integralo na súa contorna tanxible e intanxible.

● Existen multitude de documentos de axencias e organismos internacionais que subliñan a importancia do patrimonio (incluído o natural e o inmaterial) para a humanidade e, polo tanto, a necesidade da súa conservación.

11. BIBLIOGRAFÍA

ALEIXANDRE, Marilar (2017): *Voces termando da paisaxe galega*, Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Xunta de Galicia.

BALBOA LÓPEZ, X. (1990): *O monte en Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

BALLESTEROS-ARIAS, P. (2004a): «A arquitectura tradicional gandeira da Serra do Suido: a resposta dunha tradición», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 117, 9-48.

BALLESTEROS-ARIAS, P. (2004b): *Prospección Arqueolóxica Superficial e Entrevistas Etnográficas na Serra do Suído. Memoria Técnica* (Memoria inédita).

BALLESTEROS-ARIAS, P. (2008). «A paisaxe gandeira na Serra do Suído. A construción social do espazo a través da memoria», *Revista do Museo de Pontevedra*, 62, 109-143.

BALLESTEROS-ARIAS, P. (2010): «La Arqueología Rural y la construcción de un paisaje agrario medieval: el caso de Galicia», en H. Kirchner (ed.), *Por una arqueología agraria. Perspectivas de investigación sobre espacios de cultivo en las sociedades medievales hispánicas*, Oxford: BAR (British Archeological Reports) International Series, 25-40.

BALLESTEROS-ARIAS, P. (2019): *El paisaje rural gallego. La arqueología y la etnografía como métodos de estudio sobre su génesis y transformación en el tiempo*. Tese de doutoramento. Universidade do



País Vasco / CSIC - Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit).
<http://dx.doi.org/10.20350/digitalCSIC/13685>.

BALLESTEROS-ARIAS, P. / F. CRIADO-BOADO / J. M. ANDRADE CERNADAS (2006):
 «Formas y fechas de un paisaje agrario de época medieval: A Cidade
 da Cultura en Santiago de Compostela», *Revista de Arqueología
 Espacial*, 26, 193-225.

BALLESTEROS-ARIAS, P. / F. CRIADO-BOADO / E. LIMA OLIVEIRA (2011):
 «Mediaeval agricultural space in Galicia: use and división of land in
 Marco de Portovello (Lugo, NW Iberia)», *Archeologia Medievale*,
 XXXVIII, 83-99.

BARBEITO POSE, V. J. / J. BUSTELO ABUÍN (2021): «As deficiencias das
 ferramentas de xeolocalización dos xacementos arqueolóxicos e as
 súas consecuencias sobre a protección do patrimonio cultural de
 Galicia», *Revista Galega de Administración Pública (EGAP)*, 61, 163-173.

BARBEITO POSE, V. J. / R. FÁBREGAS VALCARCE / C. RODRÍGUEZ RELLÁN / R.
 BLANCO CHAO / M. COSTA-CASIAS / M. MARTÍN SEIJO / A. PAZ CAAMAÑO / A.
 FARIÑA COSTA / L. GORGOSO LÓPEZ (2015): «Ocupacións domésticas na
 Serra do Barbanza: Resultados preliminares», *Gallaecia*, 34, 125-158.

BARBEITO POSE, V. J. / R. FÁBREGAS VALCARCE / C. RODRÍGUEZ RELLÁN / A.
 FARIÑA COSTA / A. PAZ CAAMAÑO / M. A. LÓPEZ TABOADA / A. M. SUÁREZ
 PIÑEIRO / J. M. ABASCAL PALAZÓN / G. F. FERNÁNDEZ SUÁREZ / G. CASADO
 GONZÁLEZ / A. VÁZQUEZ MARTÍNEZ / M. MARINHO CALVO (2018): «Do planalto
 ás terras baixas: novas achegas á ocupación da península do Barbanza
 dende a Prehistoria ata o Medioevo», *Gallaecia*, 37, 1-38.

BAS LÓPEZ, S. / J. GUITIÁN RIVERA / M. SOBRAL (2018): «Biodiversidad en
 plantaciones de eucalipto y en robledales del sur de Galicia: plantas y
 aves», *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 25, 71-81.

BLANCO-ROTEA, R. / T. NIETO FREIRE / C. SÁNCHEZ-CARRETERO (2021): *Foro
 Patrimonio e Sociedade. Guía práctica para a análise dun sector clave na
 gobernanza do futuro 2019-2021*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura
 Galega.

BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et
 d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, 2 vols., La Roche-sur-
 Yon: Imprimerie Yonnaise.

BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2017): *Estudar toponimia. Aproximacións
 metodolóxicas e interpretativas. Verba, anexo 75*. Santiago de
 Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de
 Compostela.

CARDESÍN DÍAZ, J.M. (1992): *Tierra, trabajo y reproducción social en una
 aldea gallega (S. XVIII-XX): muerte de unos, vida de otros*, Madrid:



Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica, D.L.

CARRERA DÍAZ, G. (2017): *El patrimonio cultural inmaterial: usos sustentables del patrimonio*.

CARRERA DÍAZ, G. / G. DIETZ (2005): *Patrimonio inmaterial y gestión de la diversidad. PH Cuadernos*, 17. Sevilla: Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico.

CIDRÁS, D. (2018): «Reimagining (un)protected areas. An analysis of eucalyptus consolidation in Fragas do Eume natural park (Galicia, NW Iberian Peninsula)», en V. Paül / R. Lois / J. M. Trillo / F. Haslam-McKenzie (eds.), *Infinite Rural Systems in a Finite Planet: Bridging Gaps Towards Sustainability*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 187-194.

COMISIÓN EUROPEA (2020): Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones: Estrategia de la UE sobre la biodiversidad de aquí a 2030. Reintegrar la naturaleza en nuestras vidas. COM/2020/380 final. Bruselas: Comisión Europea.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2021): *Informe da Comisión Técnica Temporal sobre enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

CORBELLE-RICO, E. / R. CRECENTE-MASEDA (2014): «Urbanización, forestación e abandono. Cambios recentes na paisaxe de Galicia, 1985-2005», *Rev. Galega Econ.*, 23, 1, 35-52.

CORBELLE RICO, E. / P. SÁNCHEZ FERNÁNDEZ / E. LÓPEZ IGLESIAS / S. LAGO PEÑAS / J. M. DA-ROCHA (2022): «Putting land to work: An evaluation of the economic effects of recultivating abandoned farmland», *Land Use Policy*, 112, 105808.

CORBELLE RICO, Eduardo / José María TUBÍO SÁNCHEZ (2018): «Productivismo Y Abandono: Dos Caras de La Transición Forestal En Galicia (España), 1966-2009», *Bosque*, 39, 3, 457-467. Accesible en: <https://doi.org/10.4067/S0717-92002018000300457>

CORBELLE RICO, E. / D. VILA GARCÍA / R. CRECENTE MASEDA / F. DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA (2014): «Dixitalización do Mapa de Capacidade Produtiva Dos Solos de Galicia», *Recursos Rurais*, 10, 35-43. Accesible en: http://www.ibader.org/archivos/docs/recursos_rurais_10_04.pdf

CRiado-BOADO, F. / P. BALLESTEROS-ARIAS (2016): «A paisaxe tradicional», en F. Criado-Boado / C. Parcero-Oubiña / C. Otero / E. Cabrejas / A. Rodríguez-Paz (eds.), *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 55-96.



- CRIADO-BOADO, F. / Gianotti C. MAÑANA-BORRAZÁS (2016): «A paisaxe monumental (4500-2500 a. C.)», en F. Criado-Boado / C. Parcero-Oubiña / C. Otero / E. Cabrejas / A. Rodríguez-Paz (eds.), *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 99-144.
- CRIADO-BOADO, F. / M. SANTOS-ESTÉVEZ / C. PARCERO-OUBIÑA / E. LIMA / A. C. GONZÁLEZ-GARCÍA (2016): «A paisaxe dividida (2500-800 a. C.)», en F. Criado-Boado / C. Parcero-Oubiña / C. Otero / E. Cabrejas / A. Rodríguez-Paz (eds.), *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 145-188.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. / F. GIL SOTRES (1984): *Capacidad productiva de los suelos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- ELOSEGI, A. / J. ARIZAGA / C. CABIDO / A. LARRAÑAGA (2020): «Efectos ambientales de las plantaciones de eucalipto en Euskadi y la Península Ibérica», *Munibe, Cienc. Nat.*, 68, 111-136.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1990): *Economía (política) do monte galego*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Compostela.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000): *Terra e progreso: historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FREIRE CEDEIRA, A. (2014): *Conflictividad social en el medio rural gallego (1939-1975): el caso de los montes vecinales en mano común*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España atlántica*, Madrid: Siglo XXI.
- GODED, S. / J. EKROOS / J. DOMÍNGUEZ / J. G. AZCÁRATE / J. A. GUITIÁN / H. G. SMITH (2019): «Effects of eucalyptus plantations on avian and herb species richness and composition in North-West Spain», *Global Ecology and Conservation*, 19, e00690.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Accesible en: <https://academia.gal/diccionario> [Consultado: 09/05/2022]
- LAMAS, S. (2004): *Galicia borrosa*, A Coruña: Ediciós do Castro.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 92, 16 de maio de 2016. Accesible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.pdf



- LOMBA, A. / J. VICENTE / F. MOREIRA / J. HONRADO (2011): «Effects of multiple factors on plant diversity of forest fragments in intensive farmland of Northern Portugal», *Forest Ecology and Management*, 262, 2219-2228.
- LÓPEZ SILVESTRE, F. (2011): «¿Es el paisaje simple reconocimiento? Sobre mis problemas de atención en Barbizon», en Toni Luna / Isabel Valverde (eds.), *Teoría y paisaje: reflexiones desde miradas interdisciplinarias*, Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 89-102.
- MAREY, M. F. / R. CRECENTE / V. RODRÍGUEZ (2004): «Claves para comprender los usos del monte en Galicia (España) en el siglo XX», en *Actas del II Simposio Iberoamericano de Gestión y Economía Forestal*, Barcelona, 18-20.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE (2016): Plan Nacional de Salvaguarda del Patrimonio Cultural Inmaterial. Accesible en: <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/d/20710C/19/0>
- MUÑOZ SOBRINO, C. / P. RAMIL REGO / L. GÓMEZ-ORELLANA / M. RODRÍGUEZ GUITIÁN (1996): «Modificaciones del paisaje vegetal durante el cuaternario en el NW de la Península Ibérica. Contextualización con las secuencias del SW de Europa», *Férvedes*, 3, 117-150.
- PARCERO-OUBIÑA, C. / X. AYÁN VILA (2016): «A paisaxe fortificada (800 a. C.-0)», en F. Criado-Boado / C. Parcero-Oubiña / C. Otero / E. Cabrejas / A. Rodríguez-Paz (eds.), *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 189-224.
- PEREZ-ALBERTI, A. / M. BOROBIO-SANCHIZ / F. CASTILLO-RODRIGUEZ / M. PAYÁN-PÉREZ (2014): «Metodología y clasificación de tipos de paisajes en Galicia», *Got*, 6: 259-282.
- PROENÇA, V. M. / H. M. PEREIRA / J. GUILHERME / L. VICENTE (2010): «Plant and bird diversity in natural forests and in native and exotic plantations in NW Portugal», *Acta Oecologica*, 36, 219-226.
- QUINTERO MORÓN, V. (2005): «El patrimonio intangible como instrumento para la diversidad cultural ¿una alternativa posible?», en Gemma Carrera Díaz / Gunther Dietz, *Patrimonio Inmaterial y Gestión de la Diversidad*, Sevilla: Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, 68-83.
- RAMIL REGO, E. / J. RAMIL SONEIRA (1996): «El fin de los tiempos glaciares en Galicia, Magdalenense y Epipaleolítico», en R. Fábregas Valcarce (ed.), *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*, Sada: Edicións do Castro, 117-146.
- RAMIL-REGO, P. / J. FERREIRO DA COSTA / L. GÓMEZ-ORELLANA / H. LÓPEZ CASTRO / C. OREIRO REY / M. A. RODRÍGUEZ GUITIÁN (2021): *Áreas Naturales Protegidas, de las propuestas pioneras a los nuevos*



paradigmas en pro de la salvaguarda de la Naturaleza. Monografías do Ibader, Serie Biodiversidade. Santiago de Compostela / Lugo: Ibader.

REY CASTELAO, O. (1995): *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

RICO BOQUETE, E. (2014): «La industria del aserrío mecánico en Galicia, 1856-1935», *Historia Agraria*, 62: 83-116.

RODRÍGUEZ RELLÁN, C. (2019): «Escavando entre cabalos. Actuacións arqueolóxicas na Serra do Barbanza nos anos 2017 e 2018». *XIII Encontro Arqueolóxico do Barbanza*, Boiro, 24 e 25 de febreiro. Conferencia oral.

TEIXIDO, A. L. / L. G. QUINTANILLA / F. CARREÑO / D. GUTIÉRREZ (2010): «Impacts of changes in land use and fragmentation patterns on Atlantic coastal forests in northern Spain», *Journal of Environmental Management*, 91, 879-886.

TOMÉ *et al.* (2021): «Opportunities and challenges of Eucalyptus plantations in Europe: the Iberian Peninsula experience», *European Journal of Forest Research*, 140, 489-510. Accesible en: <https://doi.org/10.1007/s10342-021-01358-z>

VARELA DÍAZ, R. (2017): *Resumo e Conclusións do Informe Eucaliptos e o Forestal arborado*. http://adega.gal/media/documentos/Resumo_e_conclusiones_Informe_Forestal_2017.pdf (Consultado: marzo de 2022).

VV.AA. (2013): *Como mellorar a capacidade forestal en Galicia?*, *Diálogos 03, Grial, Revista Galega de Cultura*, 199.

XUNTA DE GALICIA (2005): A toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia. <ile:///D:/Usuario/Downloads/ PUB_Toponimia_Galicia.pdf>

12. WEBGRAFÍA

<https://ich.unesco.org/es/explora&display=constellation> (acceso 04/05/2022)

<https://www.cultura.gal/gl/natureza-categorias-proteccion> (acceso 04/05/2022)

<https://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/salvaguardia-patrimonio-cultural-inmaterial.html> (acceso 04/05/2022)

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942->



consolidado.pdf (acceso 04/05/2022)

<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/series/terra>
(acceso 04/06/2022)

<https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio> (acceso 04/06/2022)

13. ANEXO

Patrimonio e Turismo

Xosé M. Santos

Introdución

Sendo o patrimonio a memoria dun pobo, as súas funcións son varias. Entre elas, e sen seren excluíntes, podemos destacar o seu papel no reforzo das identidades ou tamén o seu contributo nos procesos de aprendizaxe e formación no seu sentido máis amplo. En calquera dos casos, resulta fundamental non apenas a conservación do mesmo, se non tamén a súa presentación formal e a súa interpretación manifestada a través das mensaxes que ese patrimonio transmita. Esas mensaxes poden representarse baixo múltiples formas: textos, imaxes, sons, mais tamén visuais, é dicir, a propia presentación dese elemento patrimonial e a súa relación coa contorna.

Para que o patrimonio cumpra as súas funcións cómpre dalo a coñecer. A difusión tamén pode ser feita de diferentes formas, por exemplo a través dos medios de comunicación. Porén a visita *in situ* engade máis valor. Asemade, existen diferentes niveis de visita, desde as comunidades locais ata persoas chegadas de calquera punto do mundo. A capacidade de atracción está ligada en parte ao valor máis ou menos universal dese patrimonio, é dicir á idea de formar parte dun legado compartillado alén das divisións administrativas, mais tamén á capacidade que teñamos para transmitir o seu significado e presentalo a quen o queira visitar.

En definitiva, temos de ser conscientes que a difusión dos valores do patrimonio forma parte do seu propio significado. A idea de ser visitado lévanos directamente ao concepto de turismo. Un turista, segundo define a OMT, é unha persoa que se move para fora da súa contorna habitual por motivos que non son laborais e por un período que vai desde as 24 h ata o ano; para lapsos temporais menores ás 24 horas, de feito para estadias sen pernoita, denomínanse excursionistas ou visitantes de día.

Relativamente ao patrimonio hai polo menos dous aspectos importantes. O primeiro é que a visita non sempre vai ligada ao turismo, por exemplo en relación coas comunidades locais. O segundo fai referencia ás conexións contraditorias que se poden establecer entre



turismo e patrimonio. Referímonos a que, sendo certo que o turismo pode ter un papel moi relevante na conservación e transmisión de valores, tamén proxecta unha serie de ameazas que cómpre coñecer e evitar.

O obxectivo deste proxecto está relacionado coa presenza dos eucaliptos como elementos disruptores do patrimonio (material), xa sexa este cultural ou natural. Sen entrarmos, no que ao meu contributo se refire, a valorar cuestións puramente estéticas ou de degradación física do patrimonio, centrarei o meu foco nas seguintes cuestións:

a) O patrimonio como obxecto necesario de visita. Este último concepto abrangue tanto á poboación local e aquela outra que pode acollerse baixo o concepto de turista ou visitante de día. Aínda que en cada caso o significado do patrimonio pode ser moi diverso, o que nos interesa é a presión que se pode exercer sobre eses elementos físicos.

b) En segundo lugar interésanos desenvolver estratexias que contribúan a mellorar esa relación. É dicir, como debe ser presentado o patrimonio para que cumpra de xeito eficaz o seu labor e non sexa exclusivamente un decorado obxecto de consumo.

Tamén é importante destacar o papel que pode ter o patrimonio en relación co cambio climático. O documento European Cultural Heritage Green Paper elaborado por Europa Nostra, coa colaboración doutros organismos, como ICOMOS, é una proba de que o patrimonio non é algo illado, desconectado da realidade social e alleo ás problemáticas que afectan ao noso planeta. De feito, este informe, inscrito no contexto do Pacto Verde Europeo, sinala claramente esas conexións ofrecendo recomendacións pero tamén destacando os conflitos entre patrimonio e cambio climático.

O patrimonio: a súa importancia alén do puramente artístico

Previo ao desenvolvemento das reflexión que dan contido a este apartado, cómpre entender primeiro o significado do concepto patrimonio. Para iso o máis práctico é recorrer á Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural aprobada na conferencia da UNESCO realizada en París no ano 1972. No documento tirado daquela conferencia, identificábanse, de xeito xeral, monumentos, coleccións, lugares, formacións xeolóxicas ou conxuntos de construcións, entre outras, que teñen un valor universal excepcional desde diferentes puntos de vista, como o histórico, artístico, estético ou científico.

Máis adiante, a este conxunto tanxible de elementos, a UNESCO engádelle o denominado patrimonio inmaterial que inclúe «tradicións ou expresións vivas herdadas dos nosos antepasados e transmitidas aos



nosos descendentes... sendo un importante factor para o mantemento da diversidade cultural». Recoñécese, polo tanto, o significado cambiante do concepto patrimonio, mais, en todo caso, destácase a súa importancia na medida na que «é un produto e un proceso que subministra ás sociedades un caudal de recursos que se herdan do pasado [...] e transmítense ás xeracións futuras para seu beneficio [...] (aliás) está intrinsecamente ligado aos desafíos máis urxentes aos que se enfronta toda a humanidade».

A ocupación e a preocupación de UNESCO céntrase fundamentalmente naquel patrimonio que ten un valor universal. Este concepto é definido no parágrafo 49 das Directrices prácticas para a aplicación da Convención do patrimonio mundial: «Valor Universal Excepcional significa unha importancia cultural e/ou natural tan extraordinaria que transcende as fronteiras nacionais e adquire importancia para as xeracións presentes e vindeiras de toda a humanidade».

A propia UNESCO no seu manual de Indicadores de Cultura para o desenvolvemento, sinala que o patrimonio representa o capital cultural das sociedades contemporáneas e «contribúe para a revalorización continua das culturas e das identidades» (p. 110), sendo un transmisor de experiencia e coñecementos entre xeracións. Continúa o manual afirmando que «[p]ode tamén enriquecer o capital social conformando un sentido de pertenza, individual e colectivo, que axuda a manter a cohesión social e territorial» (p. 110).

Unha vez coñecido o significado de patrimonio para a axencia internacional que se ocupa do recoñecemento e protección daquel patrimonio de relevancia mundial, cómpre avanzar para comprendermos as diferentes escalas no entendemento desta problemática. Neste punto, parécenos importante destacar polo menos dúas cuestións. A primeira ten a ver con todo ese patrimonio que sen ter a declaración outorgada por UNESCO é fundamental para a identidade, as características ou a riqueza e equilibrio dos pobos no seu contexto territorial e na súa relación cos demais. Moitas veces non se trata de grandes monumentos, de amplas extensións de bosques ou de tradicións especialmente singulares. Porén, teñen un significado e un valor para as comunidades que habitan ese territorio. Alén de máis, non poden ser vistas desde unha perspectiva isolacionista porque tamén reflicten vínculos e relacións. Isto é máis evidente no caso dos elementos naturais onde non se poden individualizar as diferentes partes constituíntes como se non formasen parte dun mesmo sistema natural.

A segunda cuestión que nos parece relevante é a de quen decide o que é ou non é patrimonio. Probablemente non haxa dúbida da importancia histórica e cultural dos camiños de Santiago. Porén, fora de certos casos



que xeran consenso, hai outros moitos que están condicionados por outro tipo de decisións. Por exemplo, a declaración de parques nacionais, e polo tanto de valores naturais singulares e fráxiles, ata que punto depende de intereses económicos particulares. Canto pesou na creación do PN das Illas Atlánticas o seu uso turístico; ou a limitada protección do Courel como se relaciona coa explotación dos seus recursos naturais.

É precisamente neste patrimonio de carácter menos universal onde podemos encontrar unha maior indefinición na súa identificación. O recoñecemento do patrimonio faise a partir dun proceso social e cultural que atribúe valores e significados a elementos tanxibles ou intanxibles que pasan a formar parte do ben común. Pero tamén ese recoñecemento ten unha importante compoñente política. É dicir, non estamos ante decisións obxectivas e neutrais senón que tamén poden levar aparellada outro tipo de intencionalidades, que van desde as económicas ata outras orientadas, por exemplo, ao reforzamento de identidades. Como sinala Smith (2006), existe un discurso autorizado do patrimonio de tal maneira que todo o que fica fóra dese discurso é excluído e marxinado.

Partindo das afirmacións do anterior parágrafo, vamos centrar as seguintes reflexións, por un lado, na non neutralidade do denominado patrimonio. Por outro lado, abordaremos o papel do turismo na posta en valor e na transmisión de mensaxes a través do patrimonio. Turismo e posta en valor do patrimonio mestúranse, crúzanse para crear unha oferta cultural seleccionada, en tanto que deixa no esquecemento a outros moitos elementos da cultura material e inmaterial que non se consideran apropiadas, é dicir, que non forman parte dese discurso autorizado.

Pensamos que esta selección é importante porque ten consecuencias directas sobre a presentación e representación do patrimonio. Por exemplo, o valor social e cultural que nas últimas décadas se está a proxectar sobre a Ribeira Sacra contribúe a transmitir unhas ideas específicas sobre a paisaxe galega, sobre o labor de seus habitantes e sobre a capacidade de creación artística, entre outras. Porén, o desleixo no que están sumidas outras comarcas, con paisaxes humanas e naturais semellantes (por exemplo, os socalcos en gran parte abandonados do Bibei), evidencia a parcialidade e selectividade na selección do que é ou non é patrimonio.

A seguir vamos focalizar as nosas reflexións precisamente no significado que, frecuentemente, se lle atribúe ao patrimonio e o papel que ten o turismo neste proceso. A este respecto, tomamos como punto de partida que nin un nin outro son conceptos neutros. O turismo é unha ferramenta clásica para a transmisión de valores e como tal é un fenómeno con connotacións claramente políticas (Henderson, 2003).



Zhang *et al.* (2015: 169) van máis lonxe e afirman: «The discourse of tourism is quintessentially politically charged». A propaganda como acción indisolubelmente unida ao turismo serviu para que esta actividade sexa considerada moito máis que un fenómeno económico; de feito Kavoura (2007: 397) indica: «The promotion of national identity can be an ideological concern of tourism». Shaffer (2001) explica como o turismo, tanto desde o lado da produción como desde o da demanda, contribuíu de maneira moi importante na creación dunha cultura e dunha identidade nacional en Estados Unidos. Para esta autora, no período que vai de 1880 a 1940 o turismo doméstico converteuse nun ritual de cidadanía para as clases medias que consolidaron un canon de atraccións turísticas. Estas, mediatizadas polos intereses públicos e privados que inventaban e idealizaban historias, non só tiñan unha función simbólica senón tamén económica ao estar estreitamente vinculadas coa creación de infraestruturas de transporte: vías férreas e estradas que axudaban, ademais, á modernización do país. Moreno (2012) di que na Europa de entreguerras o turismo, alén do seu valor económico, era entendido tamén como un axente mobilizador de masas, divulgador das bondades dos réximes e creador de identidade polos gobernos.

INFORMES
CCG

Palmer (1999) tamén relaciona o turismo coa identidade. En conexión coa idea de Shaffer (2001), o turismo selecciona certos símbolos de identidade como representantes do patrimonio e polo tanto como herdanza compartillada, vinculándose directamente co concepto de nación. Para o turista internacional, alleo ao sentimento nacional do destino, representa con todo unha marca distintiva que permite identificar tamén a un pobo. Palmer recolle palabras de Smith (1991) para argumentar que o patrimonio se converte así nun lugar sacro que revela a singularidade da nación. A paisaxe e o patrimonio construído son elementos que serven para identificar un pasado máis harmonioso no que a xente pode recoñecerse (Palmer 1999). Para McCannell (1989) as atraccións turísticas teñen un significado, representan algo, por iso, e retomando o argumento de Shaffer (2001), hai unha exaltación só dalgúns elementos que se relacionan con aquilo que se quere transmitir, «it is this idea of nation which is so powerfully present in the language of heritage of tourism» (Palmer 1999: 316). Para esta autora o xogo coa identidade por parte do turismo vai moito máis alá do puramente comercial porque vai ao corazón da xente. É así que a promoción do patrimonio non é unha actividade neutral e é presentado e representado para inculcar sentimentos á poboación (Kavoura, 2007).

Pero se as relacións entre turismo e patrimonio axudan a crear imaxe e sentimento de pobo, o mesmo pódese dicir da paisaxe. A propia Palmer (1999) fai algunhas reflexións neste sentido. O binomio entre parques



nacionais e turismo foi posto en evidencia en obras editadas por autores como Frost e Hall (2009) ou Butler e Boyd (2000), entre outros. Aínda que máis relevante para nós son as conexións establecidas entre os parques nacionais e a identidade nacional ata o punto que Nash (1970) vincula a invención dos PN con algúns elementos chave da identidade americana, como o progreso ou a democracia. Outros investigadores, como Cosgrove (1984), falan da paisaxe como un concepto ideolóxico. Igualmente, Hall e Page (2002) evidenciaron que a visión naturalista para a creación dos PN foi secundaria, polo menos no contexto anglo-saxón. O mesmo poderíase dicir para o caso de España onde o primeiro PN, recoñecido oficialmente na segunda década do século XX, coincide co lugar no que empezou durante a Idade Media a reconquista cristiá da Península Ibérica que estaba baixo o dominio musulmán (Somoza 2009).

Ganglmair-Wooliscroft e Wooliscroft (2014) certifican cos seus resultados o éxito da devandita estratexia. Estes autores utilizan o concepto de *extended self* de Belk (1988): é dicir, a comprensión de nós mesmos dunha maneira ampla; destaca a importancia daquilo que consideramos o noso e que inclúe tamén experiencias e lugares; o valor destes elementos non se pode medir en termos económicos ou funcionais. Pois ben, aínda que no seu traballo con visitantes domésticos a un PN de Nova Zelandia a súa orientación era máis cara á xestión turística, os resultados mostran a estreita vinculación persoal que presentan estes espazos. De feito aspectos relacionados coa preservación da fauna e a flora aparecen como menos relevantes en relación coas cuestións de identidade. A intensidade coa que o PN forma parte dese *extended self* pode chegar a ser tan forte que o paso do tempo desde a última visita ou a duración da mesma teñen un efecto limitado; isto é unha demostración de que os obxectos que forman parte dese *extended self* están vinculados coa historia e as raíces das persoas (Belk, 1988).

Evidentemente non se lle pode atribuír aos PN nin ao patrimonio a exclusividade na creación dunha identidade territorial, sexa nacional ou non. Con todo, como sinala Palmer (1999), aínda que non actúan de maneira illada, o protagonismo que adquiriron imaxes asociadas ao patrimonio nas campañas de promoción, tanto a nivel internacional como nacional, convérteas en «the main definers of the nation» (p. 319). O patrimonio estivo unido ao turismo desde as súas orixes. Os primeiros viaxeiros románticos non só admiraban as grandes paisaxes alpinas senón tamén o legado dos romanos, gregos e exipcios.

Existen bastantes exemplos de como o turismo foi unha ferramenta moi útil para a creación e reforzo das identidades. Xa nos referimos ao estudo de Shaffer (2001) co turismo doméstico nos Estados Unidos.



Outros moitos autores analizaron casos concretos, como Bhandari (2014) en relación con Escocia ou Park (2010) en Corea do Sur. Silva e Leal (2015) céntranse en Portugal e como os esforzos por crear identidade a través do turismo rural non sempre atopan a aceptación da poboación residente.

É diferente a perspectiva que adoptan Lepp e Harris (2008) para o caso de Uganda. Na súa investigación céntranse nos esforzos para converter o turismo nunha ferramenta que redefina a súa identidade internacional. Estes autores citan o traballo de Fursich e Robins (2004), para quen o turismo pode ser un medio efectivo para modelar a identidade ante o mundo. Con todo, o principal problema ao que se teñen que enfrontar é aos conceptos de salvaxe e atraso co que os europeos foron identificando a África sub-sahariana desde o século XVIII e que se manteñen na actualidade, en parte alimentados polos propios intereses turísticos da rexión, orientados principalmente ao lucrativo negocio dos safaris. É, en definitiva, a mesma liña do orientalismo de Said (1977), que tamén é aplicable a países europeos, como sinala Light (2001) para o caso de Romenia. Finalmente Zhang *et al.* (2015) abordan a complexa situación do Hong Kong poscolonial e como o turismo actúa como forza para a creación de mitos que son fundamentais para o turismo e que axudan a construír ao mesmo tempo un sentimento de identidade que a singulariza do resto de China.

En toda esta abundante bibliografía aparecen case sempre conceptos relacionados coa nación como comunidade imaxinada e o patrimonio. A comunidade imaxinada que definiu Anderson (1991) configúrase mediante costumes e tradicións (Nairn 1977). Neste contexto, o patrimonio adquire unha gran relevancia na medida en que, como sinala Lowenthal (1998: 2), «Heritage [...] is the chief focus of patriotism» (citado por Pretes 2003: 126). Pretes (2003) conclúe o seu traballo afirmando que os lugares turísticos «may contain a discourse of nationalism allowing hegemonic cultural producers to project their values of national identity and national inclusivity» (p. 139). Aínda que, como xa se sinalou, o turismo é unha ferramenta máis para a creación e reforzo desta identidade, a súa relevancia é grande e a propaganda turística desempeña un papel importante.

A propaganda, segundo O'Shaughnessy (1996), ten un significado xeralmente pexorativo (Black, 2001), na medida en que contén unhas mensaxes ideolóxicas que buscan claramente influír sobre as persoas; existiría igualmente unha forma de propaganda social. Para este autor, isto non quere dicir que a mercadotecnia, e especialmente a mercadotecnia social, sexan neutros. Con todo, a diferenza fundamental estaría en que a mercadotecnia ten polo menos una certa base de



coñecemento sobre o que a audiencia quere, en tanto que a propaganda non. Polo tanto, os obxectivos de ambos non son exactamente os mesmos. Aínda que é certo que os dous recorren frecuentemente ás emocións, a propaganda pode adoptar formas moito máis eclécticas (O'Shaughnessy, 1996).

Seguindo a este mesmo autor a propaganda social por parte dos gobernos resulta ser unha actividade vergoñenta, polo que buscan subterfuxios e alternativas para evitar a súa visibilidade nestas accións. Estes argumentos sérvennos para xustificar o uso que faremos da palabra propaganda. Entendemos que o que habitualmente se chama mercadotecnia turística é, en moitos casos, unha forma de propaganda social mediante a que se pretende reforzar a idea de nación. De feito Light (2001), sinala que a mercadotecnia turística está fortemente influenciada pola política. Noutras palabras a comunicación dun país como destino turístico non se fai sempre en termos de mercado ao interferir frecuentemente a política.

Existen diferentes estudos que se fixaron en varios casos. Por exemplo, Hall (1999) analiza algúns países da Europa central e oriental, e especialmente céntrase en como «certain nationalist governments have been intent on exploiting the growth of cultural tourism as a means of projecting a culturally exclusive national identity» (p. 228). Isto ocorre sobre todo cos países recentemente independizados, como os da antiga Iugoslavia. Así, a Slovenia Tourist Board nace coa misión de «to promote Slovenia as a country with a clear and distinctive identity» (p. 233). Mesmo sinala este autor o papel da promoción turística (*i. e.*, propaganda) na transmisión de valores de exclusividade étnica, singularidade que caracterizou a algúns dos novos estados balcánicos.

Para os países da Europa central e oriental que durante moitos anos viviron baixo a influencia soviética, o turismo foi unha ferramenta eficaz para construír e proxectar unha nova identidade nacional, tal como sinalaba Hall (1999) e insiste Light (2001), cuxo estudo se centra en Romenia e as súas estratexias para re-imaxinar o país no período postsocialista. Para Light (2001) o uso do turismo para mostrar unha Romanía renacida e renovada do seu pasado comunista foi obvio. Este autor exemplifica as estratexias, as súas dificultades e contradicións no actual parlamento de Romanía estreitamente vinculado co seu pasado comunista.

Kavoura (2007) céntrase no caso de Grecia. Analiza o papel do turismo na promoción dunha identidade nacional. En concreto estuda o rol que exerce o organismo nacional de turismo na presentación do patrimonio mundial da humanidade. O argumento principal é que a neutralidade que



debe ter a burocracia do estado dilúese fronte ás representacións simbólicas do patrimonio. Fronte a unha realidade multicultural o turismo é unha ferramenta que reforza o sentido de comunidade imaxinada de Anderson (1991). Os exemplos de zonas sensibles do país, como Macedonia ou as illas do Exeo, así como o papel que se lle atribúe á relixión, serven para ilustrar a intencionalidade política da promoción turística. En definitiva, o estado a través do turismo usa a ideoloxía de nación para reforzar os elementos que constitúen o sentimento de ser de Grecia.

Pritchard e Morgan (1996) analizan os casos dos folletos turísticos de Irlanda, Gales e Escocia. Sinalan que estes modos de promoción axudan a construír as representacións das súas identidades cultural e nacional de forma que a imaxe que proxectan eses folletos teñen implicacións que non son unicamente turísticas. As conclusións destes autores están en coherencia co estudo de Chaney (2015) sobre os discursos turísticos dos partidos políticos en Gales, Escocia e Irlanda do Norte no período que vai entre 1998 e 2011. Este autor evidencia a crecente importancia do turismo para os partidos políticos así como a súa relación co discurso da identidade nacional, especialmente entre os partidos nacionalistas. O turismo deportivo sería un bo exemplo do interese e a vinculación entre turismo e identidade nacional.

Pola súa banda Vargas (2015) analiza o caso de Cataluña e como o turismo axudou a promocionar a súa identidade e carácter singular fronte ao resto de España. No seu artigo Vargas trata de demostrar as relacións complexas entre turismo e memoria colectiva do pobo catalán. Sinala por exemplo que o movemento independentista necesita dunha audiencia internacional e para iso o turismo convértese nunha poderosa ferramenta. Para este autor, a reinvencción do esplendor medieval catalán foi construída e planeada; mostra claras evocacións en Barcelona e no resto de Cataluña; e serviu non só aos intereses turísticos senón tamén aos políticos, vinculados coa idea da singularidade catalá e a crecente forza do nacionalismo.

Pero onde a propaganda adquire unhas dimensións pouco disimuladas é baixo os réximes políticos ditatoriais, aínda que é certo que non é exclusiva dos mesmos. De feito Black (2001) di que hai autores que suxiren que a propaganda é sistémica na actual sociedade democrática, postindustrial e informacional. En todo caso, hai moitos estudos que vinculan ditaduras con propaganda, como o de Brady (2008) en relación con China, o de Kenéz (1985) sobre a URSS, ou o de Welch (1983) sobre a Alemaña nazi; ademais do de Pack (2006) que se centra na propaganda turística da ditadura de Franco en España. Costa (2013) recolle parte da



bibliografía realizada fundamentalmente por historiadores para sinalar a manipulación que moitos ditadores europeos do século XX fixeron do turismo para promover as súas identidades nacionais: Hitler, Mussolini ou Franco son algúns deles. Autoras como Henderson (2003) apuntan o cambio de estratexia do goberno de Myanmar que acabou abrazando o turismo non só polos seus beneficios económicos senón tamén como unha forma de comunicar e lexitimar un réxime de orde e paz así como para reforzar a identidade nacional ao redor da maioría étnica dominante.

No caso de Costa (2013), céntrase na ditadura portuguesa indicando que o turismo foi moi importante no programa propagandístico do Estado Novo, tanto a nivel nacional como internacional: o turismo deixa de ser unha actividade frívola para converterse nunha cuestión ideolóxica, ademais de económica. A ditadura portuguesa, segundo Costa (2013), esforzouse por usar o turismo como un transmisor dunha nación na que o mundo rural e a historia definen a unha comunidade imaxinada que caracteriza a unha sociedade pacífica e próspera. Con todo, o éxito da devandita propaganda entre os turistas foi limitado.

Simone-Charteris e Boyd (2011) introducen un interesante debate sobre o turismo político, tipoloxía moi pouco abordada. Din que, ademais dos turistas politicamente comprometidos que visitan un destino determinado, hai outros que o fan por multitude de motivos, como educativos, ideolóxicos ou por simple curiosidade. Na súa análise sobre Irlanda do Norte, advirten unha serie de motivacións en común entre o turismo relixioso e o político, como son os intereses históricos, os patrióticos ou a procura de experiencias auténticas. Con todo a pesar destes puntos de encontro ambos ocupan diferentes lugares na axenda das administracións. No seu traballo de campo estes autores destacan o rexeitamento que mostran as persoas entrevistadas cara o uso do concepto político que é substituído polo de cultural. Advirten sobre unha falta de consenso á hora de unir o turismo relixioso co político (ou cultural), incluso recoñecendo que o conflito vivido nese territorio non foi relixioso senón político.

En definitiva, ao introducir o concepto de turismo político Simone-Charteris e Boyd (2011) están a recoñecer o carácter ideolóxico de moitas das viaxes que se realizan e o papel que desempeñan as administracións públicas. De feito, no seu estudo evidencian as discrepancias destas últimas co sector privado, moito menos reluctantante á confluencia de ambas as tipoloxías debido a que o seu foco de atención céntrase máis no ámbito do negocio e non nas consecuencias políticas que tal colaboración puidese carrexar.



Todo isto que estamos a falar implica a necesidade, primeiro, de recoñecer a importancia do patrimonio como un valor fundamental para a comprensión dos pobos. En segundo lugar, debería de figurar a súa presentación e interpretación para que as comunidades locais e quen o visite sexa consciente da súa relevancia non só histórica e artística senón tamén no presente e no futuro. Se a interpretación ten que ser deseñada para as distintas escalas espazo-temporais, a presentación debería manter unha harmonía co contexto social e territorial no que se inscribe.

Ora ben, sendo certo o recoñecemento que os organismos internacionais fan das relacións entre patrimonio e turismo, as que afectan ás comunidades locais teñen moitas máis eivas. Centrarémonos, en primeiro lugar, na relevancia que ten o patrimonio para o turismo. Habitualmente sitúase o patrimonio, cultural ou natural, material ou inmaterial, como a materia prima que nutre á maior parte dos destinos turísticos. Mesmo en contextos de tipoloxías de sol e praia ou de deportes de neve, os escenarios naturais e a oferta cultural adquiren cada día máis importancia ante as mudanzas que experimenta o comportamento dos visitantes. Mais tamén o patrimonio no seu sentido máis amplo precisa do turismo como actividade que contribúe a darlle, frecuentemente, unha nova vida, alén das achegas económicas que proporciona e que tamén son importantes para a conservación, mantemento e dinamización dese patrimonio.

Nesas relacións entre turismo e patrimonio, a UNESCO no seu manual de indicadores de cultura para o desenvolvemento, sinala textualmente «o patrimonio cultural ten adquirido unha grande importancia económica para o sector do turismo en moitos países, ao mesmo tempo que se xeran novos desafíos para a súa conservación» (p. 132), indicando un pouco máis na fronte que «[o] patrimonio [...] pode contribuír á economía nacional a través do turismo» (p. 140).

Porén o significativo deste manual que elaborou UNESCO, coa participación do goberno da España, é o establecemento de indicadores que permitan avaliar o papel da cultura para o desenvolvemento. Con este obxectivo, analizáronse sete dimensións, unha das que é precisamente o patrimonio no seu sentido amplo (cultural, natural e inmaterial), indicando que se trata dunha riqueza fráxil que demanda políticas e modelos de desenvolvemento que preserven e respecten a súa diversidade e singularidade.

Os indicadores de patrimonio do citado manual divídense en diferentes seccións, a saber:

- **Rexistros e inscricións**
 - Internacional



- Nacional (habería que engadir outras escalas territoriais)
- **Protección, salvagarda e xestión**
- Conservación, valorización e xestión
- Creación de capacidades e coñecementos
- Participación da comunidade
- **Transmisión e mobilización de apoios**
- Sensibilización e educación
- Estimular o apoio

Segundo nos indicadores patrimoniais que utiliza o manual, na parte da interpretación de resultados destaca algúns elementos aos que conviría prestar especial atención:

- A prioridade que o Estado (neste caso a Comunidade Autónoma) lle dá ao patrimonio.
- A calidade dos inventarios e a inclusión de todos os tipos de patrimonio.
- A diversidade de políticas, medidas, programas de comunicación e educación e estratexias adoptadas e aplicadas para apoiar a sustentabilidade do patrimonio.
- A importancia outorgada ao afortalamento das capacidades dos profesionais e axentes do patrimonio.
- A participación activa das comunidades locais, incluíndo os grupos asociados con lugares ou elementos do patrimonio.

Alén da dimensión patrimonial, as outras seis de xeito directo ou indirecto son moi relevantes para entender o papel do patrimonio e a súa conservación. Son as relativas á economía, educación, gobernanza, participación social, igualdade de xénero e comunicación. Sobre algunha delas volveremos máis adiante.

Un dos documentos máis importantes que elaborou a UNESCO en relación co patrimonio é a Convención sobre a protección e a promoción da diversidade das expresións culturais. Aínda que é certo que no devandito documento se fala máis ben de expresións culturais, sen dúbida o patrimonio, no seu sentido máis amplo, ten unha ampla cabida nese concepto. Algunhas das ideas que nos parecen máis interesantes para o obxectivo deste informe son:

- A diversidade cultural é un patrimonio común da humanidade que debe valorarse e preservarse en beneficio de todos.
- A necesidade de incorporar a cultura como elemento estratéxico nas políticas de desenvolvemento.



- A importancia dos coñecementos tradicionais como fonte de riqueza.
- O diálogo intercultural como ferramenta para a paz e a comprensión entre os pobos.
- A complementariedade entre os aspectos económicos e culturais.
- A riqueza da diversidade cultural para as persoas e os pobos.
- A protección, educación e participación da sociedade civil.

En relación coa convención de 2005 foron xurdindo novos textos a xeito de regulamentos e de orientacións prácticas. Nestes novos documentos fanse recomendacións e reflexións como a seguinte:

- procurarase crear no territorio un ambiente que favoreza ás persoas e aos grupos a ter acceso ás diversas expresións culturais do seu territorio e dos demais países do mundo.

Esta última medida vai acompañada do principio de favorecer a plena participación e o compromiso de todos os membros da sociedade que contribúan á diversidade das expresións culturais. É dicir, non se está a falar explicitamente de turismo pero si do acceso ao gozo, aliás da participación no proceso creativo, o que implica a accesibilidade a todas aquelas persoas que o desexen, xa sexan visitantes ou comunidades locais.

Aínda no mesmo texto, UNESCO fai referencia ás medidas para protexer as expresións culturais en casos de ameazas, sexan estas de índole cultural, física ou económica. Estas medidas poden ser a curto prazo para solucionar problemas inmediatos, pero tamén a longo prazo para asegurar o futuro que lle corresponde. Insistimos no feito de que, aínda que UNESCO e de xeito especial este documento, fala de expresións culturais de carácter universal, na realidade non é difícil traspoñer estas reflexións e medidas para o resto do patrimonio. Así, por exemplo, nas referencias que se fan ás medidas de protección e á redacción dos informes, moitos dos puntos que se sinalan son perfectamente compatibles e coherentes coas accións a tomar en escalas moito máis locais. Algunhas das que se citan son:

- Individualizar a ameaza ou o perigo, ou a salvagarda urxente que se precise, logrando a participación dos expertos e da sociedade civil, comprendidas as comunidades locais.
- Demostrar as fontes da ameaza utilizando, entre outras cousas, os datos fácticos.
- Determinar a vulnerabilidade e a importancia da expresión cultural ameazada.



- Determinar a natureza das consecuencia da ameaza ou perigo.
- Expoñer as intervención efectuadas ou as que se propoñan para paliar a situación, incluídas as medidas a curto prazo, as urxentes e as estratexias a longo prazo.

Como xa foi comentado, as comunidades locais cada vez teñen un maior recoñecemento como partes que deben estar necesariamente implicadas na conservación e dinamización do patrimonio. Así o establece a propia UNESCO. De feito na Convención sobre a protección e promoción da diversidade das expresións culturais (París, 2005), o artigo 11 fai referencia á participación da sociedade civil indicando que se fomentará a súa participación activa para acadar os obxectivos da Convención. Mentres, o artigo 10 está dedicado á educación e á sensibilización do público para o que se debería favorecer e promover o entendemento da importancia que ten a protección e fomento do patrimonio (no texto diversidade das expresións culturais) mediante programas de educación e sensibilización, entre outros.

En relación coa participación da sociedade civil, o Manual metodolóxico de UNESCO sobre indicadores de cultura para o desenvolvemento, presenta dúas dimensións especialmente relevantes neste sentido: a educación e a participación social. Relativamente a esta última sinálase a importancia que ten a cultura para a calidade de vida e o benestar dos individuos e comunidades. Di este documento que é un vector fundamental «da creación, transmisión e reinterpretación dos valores, aptitudes e conviccións a través das que os individuos e as comunidades expresan o sentido que dan ás súas vidas e seu desenvolvemento» (p. 84).

Moi en relación coa participación social está a dimensión da educación. Aínda que é certo que o documento aborda a educación desde a perspectiva dun dereito básico, tamén a considera dun xeito máis concreto na súa vinculación coa cultura e o desenvolvemento. Con todo, é na dimensión de patrimonio onde mellor podemos ligar educación e participación social porque á necesaria implicación destas últimas se lle engade a compoñente da transmisión, é dicir a sensibilización das poboacións locais e do público en xeral sobre o valor e o sentido dese patrimonio.

Recoñecer a importancia das relacións entre turismo e patrimonio implica tamén identificar os problemas que poden xurdir das mesmas. As Directrices prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial aborda, aínda que de xeito moi tanxencial, algúns dos mesmos. Así, no Anexo V, que se corresponde co formulario para a inscrición dun ben na lista de patrimonio da humanidade, unha das cuestións é a das



presións debidas ao desenvolvemento, entre as que se cita especificamente o turismo mal xestionado. De xeito máis concreto, nas presións causadas pola afluencia de visitantes ou turistas, fálase da necesidade de describir a capacidade de carga do ben, así como as medidas para xestionar o fluxo de visitantes. Tamén se solicita que se faga constar a existencia ou non de normativa que poda ter influencia no ben, como poden ser os planos de fomento do turismo.

Son varios os organismos internacionais que se preocupan pola situación do patrimonio e as diferentes presións ás que está sometido, podendo derivar en perdas irreversibles. Por exemplo, nos informes que realiza periodicamente ICOMOS sobre o patrimonio en risco, o turismo é sinalado de xeito reiterado. A propia ICOMOS ten elaborado un pequeno documento titulado *Heritage at risk from tourism*, no que sintetiza os principais perigos que ten para o patrimonio unha actividade turística pouco responsable. Este documento está inspirado na Carta internacional sobre turismo cultural que recolle moitos dos desafíos e problemáticas asociadas ás relacións entre turismo e patrimonio, outorgándolle unha especial atención ao papel das comunidades locais.

Aínda que algúns temas xa foron tratados, paga a pena deterse no contido da Carta sobre turismo cultural porque pon enriba da mesa aspectos moi relevantes. A modo de síntese destacamos os seguintes:

- A protección, conservación e interpretación do patrimonio é un importante desafío.
- O normal é que cada comunidade ou grupo implicado na conservación se responsabilice da xestión.
- Un obxectivo fundamental da xestión do patrimonio consiste en comunicar seu significado, así como a necesidade da súa conservación, tanto en relación coa comunidade local como aos visitantes.
- O acceso físico, intelectual e/ou emotivo, sensato e ben xestionado ao patrimonio, así como o acceso ao desenvolvemento cultural, son un dereito e un privilexio.
- O turismo é un dos medios máis importantes para o intercambio cultural.
- O turismo é cada vez máis apreciado como unha forza positiva para a conservación da natureza e da cultura.
- Os beneficios económicos xerados pola visita turística ao patrimonio poden ser aproveitados para a conservación e a educación.



- Unha boa xestión turística pode ser un factor para o desenvolvemento e esencial para moitas economías.
- Existen oportunidades que xorden da interacción entre desexos e expectativas dos visitantes e aspiracións e desexos das comunidades locais.
- O patrimonio e a súa diversidade representa o máximo atractivo do turismo.
- Un turismo excesivo, entendido como simple crecemento, e mal xestionado pode poñer en perigo o patrimonio ao tempo que se deteriora a propia experiencia turística.
- O turismo debería achegar beneficios ás comunidades anfitrías, motivándoas na súa conservación.
- Do compromiso e a cooperación entre as partes implicadas pódese crear un turismo sustentable e aumentar a protección do patrimonio.

Sobre estas bases, a Carta establece 6 principios:

1. O turismo como vehículo para o intercambio cultural. O patrimonio é un recurso material e espiritual de grande importancia, tendo un papel relevante na vida das persoas polo que estas deberían ter un acceso físico, emocional e intelectual ao mesmo.
 - a. O valor do patrimonio vai desde o universal ao local. Os programas de interpretación deberían ser conscientes desta realidade e usar métodos apropiados, atractivos e actuais en materia de educación.
 - b. A interpretación e presentación dos programas debería proporcionar un alto nivel de conciencia pública e o soporte necesario para a súa sobrevivencia a longo prazo.
 - c. Recálcase a importancia da interpretación. O visitante debería estar sempre informado sobre a diversidade dos valores culturais e naturais.
2. A relación entre turismo e patrimonio é dinámica e debería xestionarse de xeito dinámico.
 - a. A protección e conservación do patrimonio debería ser fundamental no desenvolvemento das políticas sociais, económicas, culturais e turísticas.
 - b. Esta relación dinámica entre patrimonio e turismo xera oportunidades e desafíos así como situacións potencialmente conflitivas. O turismo ten de minimizar os impactos negativos para o patrimonio e para as comunidades locais ao tempo que responde ás expectativas dos visitantes.



c. As características de cada lugar teñen que estar presentes nos programas de conservación, interpretación e desenvolvemento turístico.

d. A autenticidade é un valor moi relevante. Para mellorar a comprensión do patrimonio é necesario interpretar esa autenticidade.

e. Os proxectos e infraestruturas e os proxectos para o desenvolvemento turístico deberían de considerar a dimensión social, estética e cultural, as paisaxes naturais e culturais, as características da súa biodiversidade, así como os amplos contextos visuais dos lugares con patrimonio.

f. Os plans de xestión deberían aplicarse antes da chegada do turismo, establecendo límites axeitados. Se o nivel de cambio prevese inaceptable deberían de modificarse os plans de xestión.

g. Elaboración de plans de avaliación continua para valorar os impactos.

3. A planificación patrimonial e turística ten de garantir que a experiencia turística sexa satisfactoria.

a. Patrimonio e turismo teñen de ofertar contidos da máxima calidade para optimizar a comprensión do visitante ao tempo que goza da experiencia.

b. O gozo da experiencia debe ser tranquila e libre aínda que poden ser necesarios itinerarios que minimicen os impactos.

c. A benvinda aos visitantes ten de ser sobre a base do respecto aos valores e estilos de vida das comunidades locais.

4. As comunidades locais deberían de involucrarse na planificación da conservación do patrimonio e na planificación do turismo.

a. Respetar os dereitos e intereses da comunidade local e rexional, involucrándose estes na planificación, conservación ou estratexias de desenvolvemento.

5. As actividades de turismo e a conservación do patrimonio deberían de beneficiar ás comunidades locais.

a. A lexislación debería promover medidas para unha distribución equitativa dos beneficios do turismo na comunidade local, de carácter económico, social e cultural, a través da educación, a formación e as oportunidades de emprego.

b. Unha parte significativa da renda xerada polo turismo debería dedicarse á protección, conservación e presentación do patrimonio. Os visitantes deberían de ser informados desta distribución da renda.



- c. Fomento de interpretes e guías procedentes da propia comunidade local.
- d. Involucrar á poboación local nos programas educativos e de interpretación.
- e. A educación e a formación en patrimonio e turismo tamén debería abranguer a lexisladores, planificadores, operadores turísticos etc.
- 6. Os programas de promoción turística deberían protexer e enxalzar as características do patrimonio natural e cultural.
 - a. O turismo debería xerar expectativas reais e información responsable aos potenciais visitantes.
 - b. Protexer a autenticidade do patrimonio e mellorar a experiencia do visitante, evitando a chegada dun excesivo número de visitantes.
 - c. Amortecer a presión sobre os lugares máis visitados.
 - d. A promoción, distribución e venda de lembranzas debería ofrecer unha razoable contrapartida social e económica á comunidade local sen degradar a súa integridade cultural.



A partir desta carta podemos falar do documento titulado *Heritage at risk from tourism*, elaborado por ICOMOS que, dunha maneira moi concreta, sintetiza os riscos que o turismo pode provocar no patrimonio se este está mal xestionado ou, simplemente, non está xestionado. Recoñécese, unha vez máis, a relación entre turismo e patrimonio tanto nas súas vertentes positivas como nos perigos asociados. Desde unha concepción alargada do patrimonio -cultural, natural, material ou inmaterial-, insítese no seu dinamismo e no seu papel nos procesos de desenvolvemento. De novo, ponse o foco nas comunidades anfitrías sobre as que di que hai que lles proporcionar unha motivación importante para coidar e manter ese patrimonio e as súas prácticas culturais.

Como síntese dos riscos dos que fala ICOMOS destacaremos os seguintes:

- A falta de comprensión e apreciación do patrimonio por parte dos visitantes e da propia comunidade local como consecuencia de carencias relacionadas coa presentación e comunicación do seu significado. Esta falta de coñecemento pode impedir ou dificultar o apoio público e o financiamento para a súa protección.
- Un equilibrio inaxeitado ou desigual nos programas de interpretación e presentación pode levar a unha comprensión desequilibrada do patrimonio para a comunidade en xeral.



- A deficiente integración das leis e prácticas de protección e xestión do patrimonio nas políticas sociais, económicas, culturais ou turísticas, pode diminuír a protección e conservación do patrimonio.

- O deficiente recoñecemento dos conflitos potenciais entre turismo e patrimonio pode levar a unha mala planificación e a impactos adversos sobre o patrimonio e a comunidade local.

- Os programas de conservación, interpretación e desenvolvemento turístico que se basean nunha comprensión errónea dos aspectos complexos e, frecuentemente, conflictivos da importancia dun lugar poden conducir a unha perda de autenticidade e a unha menor apreciación do lugar.

- O desenvolvemento do turismo pode xera impactos adversos nun lugar se non se consideran as dimensións estéticas, sociais e culturais, as paisaxes naturais e culturais, as características da biodiversidade e o contexto visual máis amplo dos lugares patrimoniais

- As actividades turísticas e os proxectos de desenvolvemento excesivos, mal planificados e non supervisados poden impor niveis inaceptables de cambio nas características físicas, na biodiversidade do lugar ou no benestar económico, social e cultural da comunidade anfitríoa.

- As instalacións para visitantes mal planificadas, deseñadas ou localizadas poden ter un impacto adverso sobre os lugares patrimoniais.

- A falta de consulta coas comunidades anfitríoas na hora de establecer obxectivos, estratexias de xestión, presentación ou interpretación pode xerar conflitos e ter impactos adversos sobre esas mesmas comunidades.

- Se os beneficios económicos, educativos, laborais, sociais e culturais do turismo non se distribúen equitativamente entre as comunidades locais, poden xurdir conflitos contra o turismo e afectar á propia conservación do patrimonio.

- O uso de guías e intérpretes locais pode favorecer o interese e a conservación do patrimonio.

- Os programas de promoción turística que crean expectativas pouco realistas para as comunidades locais e para os visitantes poden dar lugar a conflitos e desinterese

- Unha presión turística excesiva pode ter impacto negativo sobre o patrimonio e sobre a experiencia do visitante.



- A promoción turística debería de animar a entender o patrimonio nun contexto máis amplo para unha mellor distribución dos beneficios e para aliviar a presión sobre os lugares máis populares.

- A promoción, distribución e venda mal xestionada da artesanía local e doutros produtos pode impedir un retorno social e económico razoable para a comunidade anfitroia, ou degradar potencialmente a súa integridade cultural.

Como se pode observar, os organismos internacionais son ben conscientes da relación complexa entre turismo e patrimonio. Un dos puntos fundamentais, que aparece de xeito reiterado, é a necesidade da planificación, que inclúe a conservación e a participación activa das comunidades locais, xa sexan estas de carácter urbano ou rural. A respecto destas últimas, a OMT presentou no ano 2020 un documento titulado Recomendacións da OMT sobre turismo e desenvolvemento rural. Trátase dun guía que pretende converter o turismo nunha ferramenta eficaz para o desenvolvemento rural.

As recomendacións do guía da OMT son particularmente relevantes para Galicia toda vez que unha parte moi importante do patrimonio cultural e, por suposto, natural encóntrase no mundo rural. Ademais, trátase moitas veces dun patrimonio que, sen ánimo pexorativo, podemos chamar de «menor» toda vez que non se trata de catedrais, murallas ou faros milenarios de recoñecemento universal. Estamos a falar dun patrimonio, no caso do material, composto de elementos populares ou vestixios arqueolóxicos amplamente distribuídos polo territorio, entre outros moitos.

O guía da OMT fala da importancia do turismo como unha ferramenta para o desenvolvemento, e recoñece que moitos dos beneficios xerados concentráronse no mundo urbano ou nos espazos litorais. Porén, refírese ao gran potencial que ten como panca para impulsar o avance do rural e así enfrontar problemas como o abandono, o envellecemento ou a falta de dinámica económica e social. Con estes obxectivos en mente, fai unha serie de recomendacións, entre as que destacamos:

- Converter o turismo nun dos piares estratéxicos para o desenvolvemento rural.
- Integrar o turismo nos planos de desenvolvemento favorecendo así a conservación dos recursos naturais e culturais.
- Promover políticas que estimulen solucións innovadoras, tecnolóxicas e de innovación.
- Involucrar ás comunidades locais na cocreación de recursos turísticos.



- Favorecer o contacto coa natureza e a cultura en contornas sen aglomeracións.

- Priorizar un enfoque centrado no desenvolvemento de produtos, con especial atención á interpretación, que ofrezan experiencias aos visitantes en termos de aprendizaxe e conservación.

- Concienciar sobre a importancia das comunidades rurais e a súa contribución á economía e á preservación dos recursos naturais e culturais.

- Aplicar, entre outros, o artigo 4 do Código Ético Mundial para o Turismo que sinala a esta actividade como factor de aproveitamento e enriquecemento do patrimonio cultural.

- Garantir a integración dos recursos culturais e naturais no desenvolvemento das zonas rurais, insistindo sobre todo no respecto pola biodiversidade e as culturas autóctonas.

Quen debería facer todo isto son os gobernos, nas súas diferentes escalas, coa colaboración do sector privado. Ata o momento, en Galicia o turismo rural tense limitado, fundamentalmente, á creación de aloxamento e de empresas de turismo activo. Porén falta aínda por incorporar de xeito dinámico ás comunidades locais e ao patrimonio, natural e cultural, con visión estratéxica orientada a xerar desenvolvemento. Isto implica, entre outras moitas cousas, considerar o patrimonio como un elemento impulsor dese desenvolvemento, non só a través da súa conservación (moitas veces só no papel), senón tamén mediante o seu recoñecemento, a súa presentación e a súa interpretación.

No que segue nesta parte do informe, vamos a nos deter nalgunhas ideas e documentos relativos á presentación e interpretación do patrimonio. Para iso vamos comezar por darlle contido á palabra interpretación. Existen diferentes manuais que abordan a importancia e o proceso interpretativo do patrimonio. Para comezar, utilizaremos o realizado por un consorcio de universidades de Canadá co apoio da UNESCO e que se centra fundamentalmente nas comunidades locais e no turismo. Como idea principal deste manual está a interpretación como ferramenta para que as comunidades locais teñan o control sobre a súa propia narrativa, apreciando mellor a súa historia ao tempo que tamén se converte nunha ferramenta para a xestión turística.

O citado manual sinala que hai dous tipos de interpretación, un baseado en feitos, é dicir na descrición das historias; e outro interpretativo que busca explicar eses feitos indo, por tanto, máis ao fondo da mera narración. En todo caso, sinalan que o obxectivo da interpretación non é educar ou ensinar senón mudar actitudes, comportamentos, motivar,



inspirar e facer que esa información sexa estimulante e emocionante. Claramente a aposta de quen elaborou o manual é pola interpretación explicativa que describen como a arte de contar historias da comunidade, ou sexa unha selección de feitos e experiencias que dan ao patrimonio un contido e un significado emocional, sensorial e experiencial, favorecendo as gañas de máis coñecemento e axudando a comprender as culturas locais. É importante atraer a atención dos visitantes, achegarlles información, entretelos e estimulalos.

Unha cuestión importante é coñecer algo sobre o tipo de visitante que temos porque unha boa interpretación implica relacionar o que se está a experimentar con cousas que son familiares para ese visitante, mesmo a través da comparación para que haxa unha maior identificación. De aí a relevancia de coñecer o perfil dos visitantes para estarmos mellor preparados para conectar con eles. Como se insiste, unha boa interpretación resulta unha axuda inestimable para a xestión turística na medida na que un mellor entendemento do destino contribúe a unha maior conexión e empatía entre as comunidades receptoras e os visitantes. Nin que dicir ten que para os residentes unha boa interpretación significa estimular o orgullo polo seu.

Continuando co manual elaborado polo consorcio de universidades do Canadá, o paso inicial consiste na identificación das historias que conforman seu patrimonio. Para iso cómpre ter bos inventarios de recursos materiais e inmateriais; para estes últimos é especialmente importante a participación da comunidade local. Sobre esa base, cómpre determinar as historias e os fíos argumentais sobre os que se van construír os relatos que darán contido á visita. O traballo conxunto da comunidade coas persoas expertas axudará a dar forma á proposta final.

O documento sobre o que estamos agora a traballar incorpora o tema da planificación. Neste caso estaríamos a falar da planificación turística e máis concretamente daquela de carácter ofensivo, é dicir, que mira para o futuro e ten a flexibilidade suficiente como para ir adaptándose á dinámica do mercado turístico ou a outros problemas que vaian xurdindo. Isto implica tamén unha avaliación continuada dos resultados.

Outro documento interesante é o derivado dun proxecto europeo Erasmus+ centrado na interpretación para o turismo do patrimonio cultural europeo. Parten da base de que a interpretación é un modo de comunicación entre os locais e os foráneos que pode contribuír na mellora da satisfacción do visitante ao tempo que crea unha imaxe positiva do destino. Entre os seus obxectivos están os de formar, entreter, estimular e comprender. O seguinte gráfico serve para visualizar os tipos de beneficios



que achega a interpretación pero tamén a complexidade derivada dos múltiples intereses de grupos implicados no proceso.

Noutra interesante obra elaborada pola Lancaster e York county heritage, en Pennsylvania, sinálase o seguinte proceso interpretativo:

- **Definir a importancia. Por que ese recurso é relevante?**

- o Que é o que fai que ese recurso sexa importante

- o Como se conecta ese recurso con outros acontecementos menos locais

- **Desenvolver unha historia.**

- o Como transmitir a nosa mensaxe

- **Quen son os nosos visitantes**

- **Cal é a nosa estratexia para contar a historia**

- **Que ferramentas utilizaremos para contar a nosa historia**

- **Avaliar a nosa estratexia: está a ser eficaz?**

Existen outros moitos manuais e obras que abordan o tema da interpretación, tanto para o patrimonio cultural (material ou inmaterial) como para o natural, case sempre entendida como unha ferramenta para axudar os visitantes a entender o significado do que visitan e establecer algún tipo de conexión emocional co lugar visitado. Tamén é moi común incluír ás comunidades locais no sentido de que a interpretación axuda a unha mellor comprensión da súa historia e contribúe para a cohesión do grupo e para aumentar o seu orgullo e estima. Co obxectivo de centrar o debate e non dispersarnos entre tal cantidade de documentos, dedicaremos unha pequena atención á Carta de ICOMOS para a interpretación e presentación de sitios de patrimonio cultural.

A citada carta, ratificada no 2008, lembra como desde a creación de ICOMOS, no ano 1965, se tivo unha preocupación polo tema da comunicación do patrimonio, entendida como unha parte dun proceso máis alargado de conservación, e que inclúe a difusión, divulgación, presentación e interpretación. De xeito concreto, nesta carta defínese a interpretación como «todas as actividades potenciais realizadas para acrecentar a concienciación pública e favorece un maior coñecemento do sitio de patrimonio cultural». Pola súa parte, definen a presentación como aquela parte centrada «na comunicación planificada do contido interpretativo».

Na definición dos seus obxectivos, e partindo da base que a interpretación e presentación constitúen elementos do proceso global de



conservación e xestión do patrimonio, a Carta establece sete principios fundamentais:

- Acceso e comprensión: os programas de interpretación e presentación deben facilitar o acceso físico e intelectual do público ao patrimonio cultural
- Fontes de información: a interpretación e presentación debe basearse en evidencias obtidas a partir de métodos científicos aceptados, así como a través das tradicións culturais vivas
- Atención á contorna e ao contexto: a Interpretación e Presentación do Patrimonio Cultural deben facerse en relación coa súa contorna e contexto social, cultural e histórico máis amplo.
- Preservación da autenticidade: a interpretación e presentación dos sitios de patrimonio cultural deben respectar os principios básicos de autenticidade seguindo o espírito do documento Nara (1994).
- Plan de sustentabilidade: o plan de interpretación para un sitio patrimonial debe ser sensible á súa contorna natural e cultural e ter entre as súas metas a sustentabilidade social, financeira e medioambiental.
- Preocupación pola inclusión e a participación: a Interpretación e Presentación do patrimonio cultural teñen de ser o resultado dunha colaboración eficaz entre os profesionais do patrimonio, a comunidade local asociada, así como todos os axentes implicados.
- Importancia da investigación, formación e avaliación: a interpretación dos sitios patrimoniais é unha empresa progresiva e evolutiva de comprensión e explicación que require de actividades continuas de investigación, formación e avaliación.

Sobre a base destes sete principios, a Carta establece os seguintes obxectivos:

1. Facilitar a comprensión e posta en valor dos sitios patrimoniais e fomentar a concienciación pública e o compromiso pola necesidade de súa protección e conservación.
2. Comunicar o significado dos sitios patrimoniais a diferentes públicos a través dun recoñecemento da súa significación, produto da documentación coidadosa do patrimonio e as tradicións culturais que perduren a través de métodos científicos.
3. Salvagardar os valores materiais e inmateriais dos sitios patrimoniais na súa contorna natural, cultural e seu contexto social.
4. Respectar a autenticidade do patrimonio cultural comunicando a importancia histórica e seu valor cultural e protexéndoo do impacto



adverso de infraestruturas interpretativas intrusivas, a presión dos visitantes e interpretacións inexactas ou inapropiadas.

5. Contribuír á conservación sustentable do patrimonio cultural, a través de promover a comprensión do público e a súa participación, que implica continuar cos esforzos da conservación, asegurando o mantemento a longo prazo da infraestrutura interpretativa e a revisión regular dos seus contidos interpretativos.

6. Facilitar a participación e a inclusión social na interpretación do patrimonio cultural facendo posible o compromiso dos axentes implicados e as comunidades asociadas no desenvolvemento e a implementación de programas interpretativos.

7. Desenvolver directrices técnicas e profesionais para a interpretación e a presentación do patrimonio cultural, incluíndo as tecnoloxías, a investigación e a formación. Estas directrices deben ser apropiadas e sustentables no seu contexto social.

Liñas atrás vimos de resaltar unha frase da Carta para a interpretación e a presentación dos sitios de patrimonio cultural. Esa frase fai referencia á contorna natural e cultural co que enlaza de xeito moi directo cos obxectivos desta Comisión temporal do Consello da Cultura. Isto lévanos directamente a outro documento importante que foi aprobado por ICOMOS no ano 2005 na súa XV asemblea xeral que tivo lugar na cidade chinesa de Xi'an. Trátase da Declaración sobre a conservación da contorna das estruturas, sitios e áreas patrimoniais.

Este texto toma como antecedentes outros moitos aprobados xa pola propia ICOMOS ou por UNESCO, como a Recomendación da UNESCO relativa á salvagarda da beleza e o carácter das paisaxes e os sitios (1962) que se orientaba á preservación e restitución do aspecto dos lugares e paisaxes naturais, rurais ou urbanos debidos á natureza ou á man do ser humano que ofrecen un interese cultural ou estético ou que forman medios naturais característicos.

A Declaración de Xi'an estrutúrase en 13 puntos que fan referencia á importancia que ten a contorna das áreas patrimoniais para a comprensión do lugar. Este puntos son os seguintes:

1. A contorna dunha estrutura, un sitio o un área patrimonial defínese como o medio característico, de natureza reducida ou extensa, que forma parte de, e contribúe a, seu significado e carácter distintivo.

2. As estruturas, os sitios ou as áreas patrimoniais de diferentes escalas, inclusive os edificios ou espazos illados, cidades históricas ou paisaxes urbanas, rurais ou marítimas, os itinerarios culturais ou os sitios arqueolóxicos, reciben o seu significado e carácter distintivo da



percepción dos seus valores sociais, espirituais, históricos, artísticos, estéticos, naturais, científicos ou doutra natureza cultural. E, igualmente, das súas relacións significativas co seu medio cultural, físico, visual e espiritual.

3. Comprender, documentar e interpretar as contornas é esencial para definir e valorar a importancia patrimonial de calquera estrutura, sitio ou área.

4. Incluír a contorna na comprensión require unha aproximación multidisciplinaria e a utilización de diversas fontes de información.

5. O desenvolvemento de instrumentos normativos e de planeamento eficaces, así como de políticas, estratexias e prácticas para xestionar de forma sustentable a contorna, esixe tamén unha aplicación coherente e continuada dos mesmos, e a súa adaptación ás particularidades locais e culturais.

6. A lexislación, a regulamentación e as directrices para a conservación, a protección e a xestión das estruturas patrimoniais, os sitios e as áreas patrimoniais deben prever a delimitación dunha zona de protección ou respecto ao seu redor que reflicta e contribúa a conservar o significado e o carácter distintivo da contorna.

7. Os instrumentos de planeamento deben incluír medidas efectivas de control do impacto dos cambios rápidos ou progresivos da contorna.

8. Deben levarse a cabo valoracións de impacto ambiental para calquera proxecto que supoña un impacto no significado das estruturas, dos sitios e das áreas patrimoniais, así como na súa contorna.

9. A envergadura dos cambios e seus impactos, quer illados quer de carácter acumulativo, así como a transformación da contorna das estruturas, sitios e áreas de valor patrimonial, é un proceso en curso que require un seguimento e unha xestión.

10. O cambio da contorna das estruturas, os sitios e as áreas de valor patrimonial debe xestionarse de modo que se manteña seu significado cultural e seu carácter distintivo.

11. A xestión debe definir as formas e accións necesarias para valorar, medir, evitar ou remediar a degradación, a perda de significado ou a redución ao trivial, e propor melloras para a conservación, a xestión e as actividades de interpretación.

12. A cooperación e o compromiso das comunidades locais e doutras relacionadas cos bens patrimoniais é fundamental para desenvolver estratexias sustentables de conservación e xestión da contorna



13. Debe fomentarse a capacitación profesional, a interpretación, a educación e a sensibilización da poboación, para sustentar a devandita cooperación e compartillar os coñecementos, así como para favorecer as metas da conservación e acrecentar a eficacia dos instrumentos de protección, dos plans de xestión e doutros instrumentos.

Como se pode observar, a contorna é entendida como unha parte fundamental para a comprensión global do patrimonio. Iso implica prestarlle a necesaria atención e non limitar a conservación a elementos illados como se o ambiente natural, cultural ou social que arrodea a ese lugar, peza ou experiencia patrimonial non tivese relevancia algunha.

Ata o momento parece que nos estamos centrando máis no que é o patrimonio cultural deixando de lado o natural. Porén, desde unha ollada ampla deberíamos entender este último tamén desde unha perspectiva cultural posto que, nas súas características actuais, estamos ante espazos claramente culturais nos que o ser humano modifica, interactúa ou redeseña eses espazos en función das súas necesidades ou aspiracións.

Ao igual que ocorre co denominado patrimonio cultural, as relacións entre turismo e natureza están marcadas polas contradicións, nas que se mesturan aspectos positivos con outros negativos. A Unión Internacional para a Conservación da Natureza-UICN declaraba xa a principios dos anos 1990 que o turismo era a segunda maior ameaza para as áreas protexidas (Gössling, 1999). Igualmente o Convenio sobre a Biodiversidade Biolóxica, no documento de 2006 titulado Perspectiva Mundial sobre Diversidade Biolóxica 2, cita algúns dos efectos perversos do turismo. Con todo, a actividade turística, e non só o ecoturismo, ten unha gran capacidade e potencial para transmitir valores en conservación e sustentabilidade.

A preocupación pola sustentabilidade ambiental, que se desenvolve na década de 1980 co chamado Informe Brundtland, sempre tivo ao turismo no seu punto de mira consciente da agresividade potencial deste sector pero tamén da súa capacidade para transmitir valores relacionados coa multiculturalidade ou coa sensibilización ambiental. Unha gran cantidade de documentos e iniciativas avalan esta relación: as axendas 21 do sector turístico, a Carta de Turismo Sustentable de Lanzarote de 1995 e a súa réplica +20 de 2015, ou a Carta Europea do Turismo Sustentable nos Espazos Protexidos, entre outros moitos. Ademais 2017 foi declarado pola ONU Ano Internacional do Turismo Sustentable para o Desenvolvemento dando en certa medida continuidade ao Ano Internacional do Ecoturismo que tivo lugar en 2002.

En todos estes documentos a educación aparece como un punto relevante nas accións a desenvolver. Así, por exemplo, ocorre co folleto elaborado pola Organización Mundial do Turismo para conmemorar o



Ano internacional do Turismo Sustentable. De igual maneira, a Carta Europea do Turismo Sustentable nos Espazos Protexidos sinala na súa páxina 8 que «[a] educación mediambiental e a interpretación do patrimonio constituirán unha prioridade na política turística do espazo» protexido; e no apartado de sensibilización dos visitantes, de novo fai fincapé na educación como medio para mellorar o respecto cara á natureza. Finalmente, destacamos que a UNESCO impulsou o Decenio das Nacións Unidas de la Educación para o Desenvolvemento Sustentable 2005-2014 onde a educación no seu sentido máis amplo é a verdadeira pedra angular para alcanzar os obxectivos desexados.

Gutiérrez *et al.* (2006) realizan unha lectura crítica do documento do Decenio. Recollen doutros autores as deficiencias do discurso do desenvolvemento sustentable, ás veces ben intencionado e outras non, e defenden o uso do concepto de educación ambiental como máis acaído. Aínda así, consideran que o Decenio é unha oportunidade para transformar os problemas en desafíos e para revitalizar os procesos de concertación.

A educación ambiental (EA) convértese así nun alicerce fundamental para entender as relacións entre turismo e natureza que deriven nun desenvolvemento sustentable. Foi na década de 1970 cando se empeza a falar dese concepto ao amparo do movemento ecoloxista que xorde no mundo occidental como resposta á crecente degradación do planeta. Aínda que hai varios antecedentes que xa van sensibilizando sobre o tema, adóitase establecer o punto de partida en 1977 que é cando se celebra na cidade xeorxiana de Tblisi (entón na URSS) a Conferencia Intergobernamental sobre Educación Relativa ao Medio Ambiente, impulsada pola UNESCO. Xa desde o principio, enténdese que a EA debe contribuír ao cambio social a través da procura de solucións que axuden a transformar o modelo de crecemento que é altamente agresivo co medioambiente.

Desde a década de 1970 ata a actualidade a idea de EA foi evolucionando cara a un maior compromiso coa práctica social, outorgándolle un papel chave para a superación do modelo actual de sociedade. O Libro Branco da Educación Ambiental en España (1999) incide de maneira moi evidente nestas ideas, sinalando que a EA é, fundamentalmente, educación para a acción, debéndose de entender como un proceso que afecta a todos os individuos e colectividadeas no camiño cara ao cambio social, cultural e económico. A nivel español, é relevante o rol que desempeña o Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM). Pola súa banda as comunidades autónomas tamén desenvolveron estratexias de educación ambiental.



Como parte da EA queremos volver sobre o concepto de interpretación, neste caso ambiental (IA), porque é unha ferramenta moi útil para a comprensión de fenómenos e procesos que ocorren na natureza. Polo tanto, vai alén da contemplación e tenta transmitir coñecementos e valores. A IA é especialmente válida para o turismo. De feito a súa orixe remóntase a 1919 cando o servizo de parques nacionais dos Estados Unidos planifica actividades guiadas para os visitantes. Con todo, considérase que o impulso máis importante prodúcese en 1957 coa publicación da obra de Tilden *Interpreting our heritage*. Nesta obra indícase que a interpretación, incluída a dos espazos naturais, é «An educational activity which aims to reveal meanings and relationships through the use of original objects, by firsthand experience, and by illustrative media, rather than simply to communicate factual information» (p. 8, 3ª ed.). En definitiva, a IA non é unha simple transmisión de coñecementos senón que ten de servir para promover a reflexión sobre o papel dos espazos naturais en relación coa sociedade e ao equilibrio ambiental, evidenciando os seus problemas e concienciando aos visitantes sobre a súa importancia tanto para as poboacións locais como para o conxunto do planeta.



Chegados a este punto parécenos interesante incorporar tamén a idea da educación social. En certo xeito esa conexión xa se foi producindo neste texto na medida en que a EA quere incidir no cambio social. Con todo, hai polo menos dous aspectos que habería que abordar aínda que fose só a modo introdutorio. Por unha banda, estaría o tema da exclusión social que moitas veces acompaña á mercantilización da natureza para uso turístico ou económico en xeral. Por outra banda, cremos que non é esaxerado dicir que existe un conflito aberto entre o ser humano e a natureza, conflito que é claramente social polas implicacións que ten. De feito, Calvo (1997) di que os problemas ambientais son de carácter social; e é aquí onde se necesita un labor mediador. Ademais a mediación ambiental aparece como un campo de intervención cada vez máis relevante para a resolución de conflitos.

É certo que o tema da exclusión social e o turismo de natureza en Europa é, polo menos aparentemente, pouco relevante, pero si que alcanza un grao notable de problematización nalgúns países, como é o caso de Brasil. De feito alí existe unha rede constituída en 2006 que se denomina Rede Turismo, Áreas Protexidas e Inclusión Social (TAPIS), (Irving *et al.* 2015) e que, entre outras actividades, organiza cada dous anos un seminario sobre áreas protexidas e inclusión social (SAPIS). Irving *et al.* (2015) falan da necesidade de afastarse do foco económico do turismo para darlle prioridade aos seus compromisos ambientais e sociais, afirmando que o turismo en áreas protexidas, ou en espazos naturais en xeral, pode



ser un vehículo para a transformación e inclusión social. O turismo como axente de transformación social (Irving, 2015) é unha actividade que chega a provocar fenómenos de exclusión, pero que se pode reorientar cara ao lado contrario. Como sinala de novo Irving (2015) é necesario interpretar o ecoturista non como un elemento pasivo interesado na biodiversidade senón como un suxeito activo favorecedor do cambio.

O segundo aspecto ao que nos queremos referir é ao da mediación como consecuencia da existencia dun conflito. O conflito é un elemento constitutivo das relacións sociais. É certo que no noso caso estamos a falar basicamente dun conflito entre a sociedade e a natureza. Con todo cremos que se podería definir tamén como conflito social na medida na que a degradación do medioambiente impacta directamente sobre a vida das persoas, en primeiro lugar sobre os habitantes locais, pero tamén sobre o conxunto da humanidade.

Neste contexto xeral de conflito entre natureza e ser humano, o turismo como actividade económica ten moito que ver, contribuíndo directa ou indirectamente no proceso de degradación ambiental. Mesmo se pode ser máis atrevido e sinalar que o turista como persoa que visita un lugar fóra da súa contorna habitual, adquire uns comportamentos máis agresivos dos que ten na súa vida diaria, especialmente se se trata dun turista cuxa motivación para o desllocamento non está causada pola natureza, é dicir que non é un ecoturista en sentido estrito.

O concepto de ecoloxía social de Bookchin (2006) resulta de gran valor para enfrontar o desafío das relacións entre o ser humano e a natureza. Quebrar o falso binomio entre natureza e ser humano implica aceptar a súa íntima interdependencia. En definitiva, é necesaria unha perspectiva que incorpore a educación social como disciplina que aborde esas conexións desde o ámbito do conflito, entendendo a este último como oportunidade de cambio (Céspedes, 2007). Neste contexto, a mediación como acción busca establecer unha nova relación, neste caso entre o turista e o medioambiente, tratando así de minimizar o conflito existente entre as partes e cuxo carácter social cremos que é bastante obvio. Para Gutiérrez *et al.* (2006), a capacitación de técnicos especialistas é moi importante: de feito, falan de plans de ambientalización curricular que se incorporen a carreiras nas que a pesar de que os temas ambientais non sexan principais, poidan achegar habilidades e coñecementos no camiño do respecto ambiental. É importante o desenvolvemento innovador de políticas sociais (Céspedes, 2007) onde a educación desempeñe un rol transformador central. Gössling (1999) dicía que a educación e a



información son esenciais para o ecoturismo (para o turismo en xeral habería que dicir) e sinala que teñen que ser parte integral do desenvolvemento turístico e un obxectivo para a xestión das áreas protexidas.

Conclusións

- As relacións entre turismo e patrimonio son contraditorias. O turismo precisa da materia prima que representa o patrimonio, mais ao mesmo tempo o patrimonio necesita do turismo como fonte de ingresos económicos, aínda que, sobre todo, representa un xeito de transmitir os valores materiais e inmateriais dun pobo.

- Aínda que no punto anterior establecemos un binomio patrimonio-turismo, na realidade habería que falar de visitantes en xeral e de beneficios inmateriais tamén para as comunidades locais.

- Existen multitude de documentos de axencias e organismos internacionais que subliñan a importancia do patrimonio (incluído o natural e o inmaterial) para a humanidade e, por tanto, a necesidade da súa conservación.

- A presentación e a interpretación do patrimonio é unha acción fundamental. A través de interpretación descubrimos o significado e dámoslle sentido a ese lugar ou a esa experiencia.

- Tamén hai moitos documentos que analizan a importancia da interpretación e da presentación que non debe limitarse a unha simple descrición, ao igual que debe abranguer a contorna. Non se pode entender o patrimonio sen esa contorna que axuda a darlle significado.

- En definitiva, a conservación do patrimonio ten beneficios económicos, sociais, culturais e ambientais. Presentación e interpretación son fundamentais para darlle significado mais esas accións non deben illar o patrimonio senón integralo na súa contorna tanxible e intanxible.